1. Os bens custodiados nun centro museístico deberán estar instalados en condicións ambientais adecuadas e contar cos elementos de control suficientes para garantir a súa conservación fronte a posibles causas de deterioro, así como aplicar estratexias e intervencións de conservación preventiva para crear ou manter as condicións idóneas que preserven os seus fondos, sen intervir directamente na súa natureza material.

2. A restauración e calquera outra intervención directa, tales como toma de mostras ou similares, de fondos custodiados en museos, coleccións museográficas e centros de interpretación requirirá a elaboración dun proxecto de restauración ou intervención suscrito por persoal competente, que de conformidade co que se determine regulamentariamente, incluírá alomenos, a identificación do ben, a diagnose do seu estado, a proposta de actuación, a metodoloxía a seguir, os tratamentos a realizar e as materias a empregar.

3. A restauración ou calquera outra intervención directa en fondos pertencentes á Colección Museística de Galicia requirirá autorización administrativa previa da dirección xeral competente en materia de centros museísticos cando se realice por persoal técnico externo á consellería competente nesta materia. Esta autorización deberá emitirse pola dirección xeral con competencias en materia de patrimonio cultural cando se trate de Bens de Interese Cultural ou bens catalogados.

4. Para a restauración de bens de titularidade estatal, custodiados en museos de xestión transferida á Comunidade Autónoma de Galicia, será precisa autorización da Administración Xeral do Estado, de conformidade co previsto na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

5. Calquera tipo de tratamento de restauración de bens pertencentes a museos, coleccións museográficas e centros de interpretación soamente poderá ser realizado por persoal que acredite a cualificación técnica axeitada á actuación a desenvolver e deberá ser documentada adecuadamente nunha memoria técnica final.






**Artigo 35. *Baixa de bens na colección***

1. Os bens da colección poderán causar baixa. Calquera incidencia que leve aparelada a baixa dun ben da colección, ademais do cumprimento das obrigas establecidas por esta e outra normativa aplicable, será convenientemente documentada e reflectida nos instrumentos de xestión documental.

2. Os centros conservarán no seu arquivo toda a documentación relativa ao ben que cause baixa na súa colección.





## Capítulo II

### Xestión documental e tratamento técnico dos fondos

#### Artigo 36. *Xestión documental*

Todos os centros museísticos de Galicia deberán contar cun sistema de xestión documental integrado polo conxunto dos instrumentos descritivos e de control técnico, así como de xestión administrativa, relativos aos seus fondos. O dito sistema será acorde coas características e funcións de cada tipo de centro, de conformidade coas características que regulamentariamente sexan establecidas.





*Artigo 37. Instrumentos para o tratamento dos fondos*

1. Os centros museísticos de Galicia deberán contar cun rexistro para o tratamento administrativo dos seus fondos no que se anotarán, por orde cronolóxica, o ingreso ou baixa. Para estes efectos, disporán dun rexistro para a colección estable e dun rexistro para os restantes fondos.

O número co que se practique o rexistro será único e intransferible e acompañará a identificación do ben.


Non serán obxecto de inscrición rexistral os ben culturais que ingresen con motivo de exposicións temporais, accións de conservación e/ou restauración, así como por razóns científicas ou de investigación, sen prexuízo do correspondente control administrativo. Tampouco se rexistrarán os depósitos xudiciais ou entradas ás que se refire o artigo 28.6

2. Unha vez rexistrados, os bens culturais incluíranse nun Inventario no que se recollerá a descrición do ben, coas súas características físicas, estado de conservación, titularidade e procedencia, ademais dos datos que figuren no rexistro.

3. Os museos e as coleccións museográficas elaborarán o Catálogo dos bens incluídos no seu Inventario, como instrumento de caracterización científica e técnica no que se integrará a documentación, estudos técnicos e científicos, así como os coñecementos asociados a tales bens.

4. Os instrumentos para o tratamento de fondos poderán contar cunha versión dixital, de acceso aberto, con fins sociais, educativos e de interpretación, que deberá respectar en todo caso os dereitos de propiedade intelectual e outros conexas que puidesen verse afectados.

5. Regulamentariamente estableceranse as características e contido do sistema de xestión documental e de cada un dos instrumentos regulados neste artigo, procurando a implementación das novas tecnoloxías a fin de facilitar a xeneralización de sistemas integrados de información, documentación e xestión nos centros que forman parte do Sistema Galego de Centros Museísticos.





XUNTA DE GALICIA

*Artigo 38. Do acceso e consulta dos instrumentos de xestión documental*

A cidadanía terá dereito de acceso e consulta do contido do rexistro, do inventario e do catálogo, nos termos establecidos na normativa de aplicación.






Capítulo III

**Da investigación, difusión e comunicación no ámbito dos centros museísticos**

Artigo 39. *Da investigación*

1. As persoas titulares ou xestoras dos centros museísticos impulsarán programas de investigación específicos sobre o seu contido e ámbito temático e territorial. Estes programas coordinaranse cos doutros centros museísticos ou centros de investigación.
2. Facilitarase ás persoas investigadoras a consulta e estudo dos fondos dos centros museísticos nos termos previstos no artigo 25.






Artigo 40. *Da difusión e comunicación*

1. Os centros museísticos deberán difundir e comunicar á sociedade o significado e os valores dos bens culturais que conservan e investigan, así como do seu contido temático e ámbito territorial.

2. Así mesmo garantirán a accesibilidade aos seus contidos facéndoos comprensibles aos diversos tipos de público mediante a aplicación de estratexias diversificadas de comunicación, a organización de actividades complementarias e a elaboración de medios técnicos e materiais axeitados a este fin.

3. A Administración autonómica prestará o apoio necesario para que os centros museísticos poidan facer uso das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) a fin de facilitar o desenvolvemento das funcións que lles son propias e de difundir e potenciar o acceso aos seus fondos e ao seu coñecemento.

Na implantación das novas tecnoloxías e nos mecanismos de accesibilidade aos contidos dos centros deberá respectarse a normativa sobre patrimonio cultural, así como os dereitos de propiedade intelectual e outros dereitos conexos.





Artigo 41. *Imaxes, reproducións e copias*

1. A obtención de imaxes, as reproducións ou copias de fondos dos centros museísticos basearanse nos principios de preservar a debida conservación da obra, facilitar o acceso á investigación e á difusión cultural, salvagardar os dereitos de propiedade intelectual das persoas autoras e non interferir na actividade normal do centro.

2. Para os efectos desta lei, enténdese por:

a) Imaxe: a representación dun obxecto real e a súa fixación nun medio material duradeiro.

b) Reprodución: o obxecto que se obtén a partir dun orixinal ou dunha imaxe mediante procedementos mecánicos.

c) Copia: a obra realizada mediante a interpretación ou versión persoal e única a partir dun orixinal.

3. A obtención de imaxes, reproducións ou copias de fondos de titularidade da Administración Autónoma requirirá a autorización expresa da persoa titular da dirección xeral competente en materia de centros museísticos, logo de solicitude da persoa interesada, conforme ao procedemento administrativo común, e informe da dirección do centro que corresponda. Nela figurarán as condicións específicas para a súa realización.

4. Nos centros de titularidade estatal xestionados pola Comunidade Autónoma, a obtención de imaxes, reproducións ou copias estará sometida ao disposto nos reais decretos de transferencia, no convenio asinado para a xestión de tales centros e na normativa estatal de aplicación.

5. Nas imaxes, reproducións ou copias obtidas figurará esta condición de forma visible, así como a súa procedencia.







## TÍTULO V

### Das medidas de dinamización

#### Artigo 42. *Subvencións e axudas públicas*

No exercicio das súas competencias, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia poderá conceder subvencións e axudas públicas destinadas á creación de centros museísticos, así como a actuacións relativas á conservación, seguridade, documentación ou difusión dos bens que forman parte daqueles. Esta concesión suxeitarase á Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia e á súa normativa de desenvolvemento.





**Artigo 43. *Cooperación e colaboración***


No exercicio das súas competencias nesta materia, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, promoverá, no marco da normativa aplicable, a cooperación e colaboración con outras administracións públicas, así como con suxeitos de dereito privado e entidades de iniciativa social, para impulsar medidas destinadas ao mellor cumprimento dos fins e funcións dos centros que integran o Sistema Galego de Centros Museísticos.





Artigo 44. *Patrocinio*

A Administración autonómica fomentará activamente accións de patrocinio dirixidas ao sostemento dos centros museísticos que formen parte do Sistema Galego de Centros Museísticos, así como ao desenvolvemento dos seus proxectos museísticos.





*Artigo 45. Fomento da actividade científica e cultural*

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá, no marco da normativa aplicable, as actividades científicas e culturais dos centros museísticos, especialmente os de titularidade ou xestión autonómica, baixo os principios de accesibilidade universal e igualdade de oportunidades.


2. As Administracións Públicas fomentarán a execución de programas de investigación nos contidos temáticos propios dos centros museísticos e o intercambio con outras institucións culturais e centros de investigación afíns. Promoverán igualmente a investigación museolóxica e a colaboración entre as redes de museos de Galicia e entre estes e as redes do Estado, da Unión Europea, Iberoamérica ou en calquera outro ámbito que se considere de interese.





Artigo 46. *Participación social*

As Administracións Públicas fomentarán, consonte a normativa de aplicación, a creación e promoverán o labor das asociacións de amigos de museos e outros centros museísticos galegos, co fin de potenciar e difundir o seu papel na sociedade e facilitar a súa participación nas institucións museísticas.





*Artigo 47. Promoción de iniciativas privadas en centros museísticos*

A consellería competente en materia de centros museísticos poderá promover iniciativas privadas que posibiliten ofrecer á cidadanía servizos culturais de interese xeral e de calidade no marco do ámbito temático de cada centro, sempre que isto non supoña un incremento do gasto público, nin exista interferencia coa actividade ordinaria do centro, de acordo coa normativa aplicable e con respecto ao principio de libre concorrencia no mercado.

Tales iniciativas deberán ser autorizadas pola dirección do centro no que se desenvolvan, cando estas teñan lugar en centros de titularidade ou xestión autonómica.






TÍTULO VI  
Réxime sancionador

Artigo 48. *Ámbito de aplicación*

A regulación do réxime sancionador contida neste título será de aplicación a todos os museos sometidos a esta lei, con excepción dos de titularidade estatal, estean ou non transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia, aos que lles será de aplicación a súa normativa específica.






*Artigo 49. Definición*

1. Constitúen infraccións administrativas en materia de centros museísticos as accións e omisións que se tipifican neste título. As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves.

2. Cando a conduta infractora constituía tamén unha infracción administrativa en materia de patrimonio cultural, será de aplicación o réxime sancionador previsto na Lei 5/ 2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, sen prexuízo do previsto no artigo 48 respecto dos centros de titularidade estatal.







*Artigo 50. Infraccións leves*

Constitúen infraccións leves as seguintes accións ou omisións:

- a) O incumprimento do deber de informar ao público e á consellería competente en materia de museos do horario e condicións de visita ou das súas modificacións.
- b) O incumprimento da obriga de aplicar os instrumentos de descrición e documentación que estableza a consellería competente en materia de museos para o tratamento administrativo e técnico de fondos custodiados nos centros museísticos que custodien bens culturais de natureza moble.
- c) O incumprimento da obriga de levar o rexistro, o inventario e o catálogo ou non axustar os seus contidos e características ao establecido pola consellería competente en materia de museos.
- d) As actuacións de calquera tipo realizadas sen a necesaria autorización da consellería competente en materia de museos que non provocaran danos nos centros ou nos bens culturais neles custodiados.
- e) A utilización da denominación de museo, colección museográfica ou centro de interpretación como institución cultural descrita nesta lei por aqueles establecementos non creados.
- f) O incumprimento inxustificable do deber de permitir o acceso das persoas investigadoras para a consulta e estudo dos fondos dos centros museísticos.






**Artigo 51. *Infraccións graves***

Terán a consideración de infraccións graves:

- a) A negativa ou obstrución á actividade inspectora da consellería competente en materia de museos.
- b) O incumprimento inustificable do deber de visita pública.
- c) A saída de fondos museísticos, sen axustarse ás condicións establecidas para este fin, que causara danos reparables.
- d) O incumprimento das normas e condicións estipuladas para a obtención da cualificación de centro museístico.
- e) O incumprimento das condicións previstas no instrumento xurídico correspondente para a recepción de fondos de titularidade autonómica.
- f) O incumprimento da orde de depósito forzoso cando as persoas propietarias ou titulares de dereitos reais sobre bens mobles integrantes do patrimonio cultural non executen as actuacións esixidas para a súa conservación, mantemento e custodia.
- g) A realización de reproducións de fondos de titularidade autonómica con incumprimento das condicións establecidas ou que supoñan danos reparables.
- h) O incumprimento das incompatibilidades contempladas no artigo 23.
- i) As restauracións cando incumpran as condicións establecidas ou que causen danos reparables.
- j) A infracción tipificada na letra e) do artigo anterior cando se continuase observando a conduta infractora tras mediar requirimento da consellería competente en materia de museos para os efectos de que cese nela.





*Artigo 52. Infraccións moi graves*

Terán a consideración de infraccións moi graves as condutas infractoras previstas nos artigos 50 e 51 que vulneren as prescricións establecidas nesta lei e impliquen danos irreparables ou a perda total ou parcial dos fondos dos centros recoñecidos de acordo con esta lei.





*Artigo 53. Responsables das infraccións*

1. Son responsables de infracción, aínda a título de mera inobservancia, as persoas físicas ou xurídicas que realicen as accións ou omisións tipificadas na presente lei.
2. As persoas titulares dos centros museísticos poderán ser responsables subsidiarias das infraccións cometidas polo seu persoal ou por outras persoas vinculadas ao centro por calquera outro título, cando pudiendo evitar a infracción non o fixeron ou non adoptaron as medidas para evitar que se tivese producido.





Artigo 54. *Sancións*


1. As infraccións previstas nesta lei darán lugar a imposición das seguintes sancións:

- a) Infraccións leves: sanción dende 300 € ata 6.000 €.
- b) Infraccións graves: sanción dende 6.001 € ata 150.000 €.
- c) Infraccións moi graves: sanción 150.001 € ata 600.000 €.

2. Sen prexuízo do disposto no número anterior, a contía da sanción non poderá ser en ningún caso inferior ao beneficio obtido como resultado da actuación infractora.

3. A gradación das sancións deberá considerar as circunstancias contempladas no artigo 29.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

4. A resolución sancionadora, ademais de impoñer as multas que procedan, disporá todo o necesario para a restauración da legalidade vulnerada pola conduta obxecto do expediente sancionador.





Artigo 55. *Órganos competentes*

1. A competencia para a imposición das sancións previstas no artigo anterior correspóndelle:

- a) Á persoa titular da Dirección Xeral competente en materia de centros museísticos: sancións ata 6.000 €.
- b) Á persoa titular da consellería competente en materia de centros museísticos: sancións comprendidas entre 6.001 ata 150.000 €.
- c) Ao Consello da Xunta de Galicia: sancións superiores a 150.000 €.


2. A consellería competente en materia de centros museísticos, sen prexuízo do disposto no presente artigo, emprenderá perante os órganos xurisdicionais competentes as accións penais que correspondan polos actos delituosos en que puideren incorrer as persoas infractoras.





*Artigo 56. Procedemento*

1. A iniciación do procedemento sancionador, realizarase por resolución da persoa titular da Dirección Xeral competente en materia de centros museísticos, de oficio ou logo de denuncia de parte.
2. Na tramitación do procedemento sancionador, no que en todo caso se garantirá o dereito de audiencia da persoa interesada, será de aplicación o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e respectaranse así mesmo os principios xerais do procedemento sancionador previstos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.





*Artigo 57. Prescrición de infraccións e sancións*

1. As infraccións administrativas prescribirán aos dez anos de se cometeren ou descubriren, no caso das moi graves, e aos cinco anos no caso das infraccións graves e leves.
2. As sancións prescribirán aos cinco anos no caso das moi graves e aos dous anos no caso das sancións graves e leves.
3. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, reanudándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivera paralizado máis dun mes por causa non imputable á persoa presuntamente responsable.
4. O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que sexa executable a resolución pola que se impón a sanción ou teña transcorrido o prazo para recorrela.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento da persoa interesada, do procedemento de execución, volvendo a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable á persoa infractora.







XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional primeira. *Programas de intercambio e aproveitamento didáctico e educativo*

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través das consellerías competentes en materia de centros museísticos e de educación, promoverá os programas de intercambio e aproveitamento didáctico e educativo dos centros museísticos da súa titularidade ou xestión e dos restantes centros integrados no Sistema Galego de Centros Museísticos.





*Disposición adicional segunda. Réxime do Museo Pedagóxico de Galicia e doutros espazos museísticos de temática educativa*

O Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA) así como os espazos museísticos de temática educativa previstos no Decreto 268/2000, do 2 de novembro, polo que se crea o Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega), dependentes da consellería competente en materia de educación, manterán a súa dependencia tras a entrada en vigor desta lei. Para estes efectos, manterá igualmente a súa vixencia o previsto no Decreto 268/2000, do 2 de novembro.






XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional terceira. *Integración no Rexistro Xeral de Centros Museísticos de Galicia*

Todos os centros que á entrada en vigor desta lei formen parte do Censo de museos de Galicia da Consellería de Cultura e Turismo, pasarán a integrarse automaticamente no Rexistro Xeral de Centros Museísticos de Galicia.





Disposición adicional cuarta. *Centros da Igrexa Católica o doutras confesiões relixiosas*


Para a aplicación desta lei e das súas disposicións de desenvolvemento aos centros museísticos de titularidade da Igrexa católica ou doutras confesiões relixiosas, estarase ao disposto nos convenios entre o Estado español e aquelas. Acordarase cos representantes das distintas confesiões o que afecte ao uso relixioso dos fondos pertencentes aos centros museísticos.





Disposición transitoria única. *Clasificación das institucións museísticas existentes á entrada en vigor desta lei*

A administración competente procederá de oficio, no prazo de catro anos, contados a partir da entrada en vigor da lei, a clasificar ou reordenar as institucións museísticas conforme o estipulado no título I.






Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

1. Quedan derogados de forma expresa:

- a) Os artigos 112, 113 e 114 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia,
- b) O Decreto 314/1986, do 16 de outubro, de regulación do sistema público de museos da Comunidade Autónoma.

2. Así mesmo, quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan total ou parcialmente ao previsto nesta lei.





XUNTA DE GALICIA

**Disposición final primeira. *Actualización de sancións***

A contía das sancións previstas nesta lei poderán actualizarse por decreto da Xunta de Galicia, conforme aos criterios sentados pola normativa vixente en cada momento en materia de desindexación.





XUNTA DE GALICIA

Disposición final segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario*

Autorízase ao Consello da Xunta para ditar as normas necesarias para a execución e desenvolvemento desta lei.








XUNTA DE GALICIA

Disposición final terceira. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

O vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza



Alfonso Rueda Valenzuela



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e ao abeiro do disposto no artigo 122, 163 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición de lei de modificación da Lei 37/1992, de 28 de decembre, do Imposto sobre o Valor Engadido**, para presentar diante da Mesa do Congreso, segundo o disposto no artigo 87.2 da Constitución Española.

### Antecedentes:

- Directiva 2006/112/CE relativa ao sistema común do imposto sobre o valor engadido.
- Proposta de Directiva do Consello pola que se modifica a Directiva 2006/112/CE no que respecta aos tipos do imposto sobre o valor engadido COM/2018/020 final - 2018/05 (CNS)
- Constitución Española
- Estatuto de Autonomía
- Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido. - Real Decreto 1624/1992, de 29 de decembro, que aproba o Regulamento do Imposto sobre o valor Engadido
- Decreto 104/2016, do 28 de xullo, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica
- Real Decreto 40/2017, do 27 de xaneiro, polo que se crea o Comisionado do Goberno fronte ao Reto Demográfico e se regula o seu réxime de funcionamento
- Resolución do Parlamento Europeo, de 14/11/2017, sobre o despregamento dos instrumentos da política de cohesión por parte das rexións para afrontar o cambio demográfico

### Exposición de motivos:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



A Directiva 2006/112/CE relativa ao sistema común do imposto sobre o valor engadido permite aos Estado membros da Unión Europea de “un ou dous tipos reducidos”, como un porcentaxe da base imponible deste tributo, a aqueles produtos que os Estados consideren. En coherencia con isto, na lexislación española existen, ademais do gravame xeral do 21% os tipos reducido (10%) e superreducido (4%).

Se ben é certo que a directiva europea establece nun Anexo aqueles produtos susceptibles de entrar neses tipos reducidos, entre os que non se atopan os que son obxecto desta iniciativa (cueiros para nenos e nenas), é coñecido que a Comisión Europea está a traballar nunha reforma da Directiva reguladora do IVE no senso de flexibilizar este réxime, eliminando esta lista pechada e dando liberdade aos Estados membros para elixir aqueles produtos aos que queren aplicar os seus tipos reducidos. Esta proposta xa foi avalada polo Parlamento Europeo e está pendente de negociación final polo Consello.

A preocupación polo reto demográfico é hoxe un dos principais temas da axenda política dos países desenvolvidos. Tanto a Unión Europea como a Organización das Nacións Unidas na súa Axenda 2030 teñen posto de manifesto a importancia do cambio demográfico e das súas repercusións para a sociedade, e teñen solicitado unha urxente resposta dos Estados.

No caso español, a Conferencia de Presidentes de 17 de xaneiro de 2017 acordou expresamente impulsar as medidas específicas para facer fronte aos desafíos demográficos, encomendando ao Goberno da Nación, coa colaboración das distintas Administracións Públicas, a elaboración dunha estratexia nacional fronte ao reto demográfico de natureza global e transversal, que deseñase unha resposta conxunta e de futuro para paliar esta problemática.

Malia que, tres anos despois, a devandita estratexia nacional está aínda pendente de aprobación por parte do Goberno de España, faise necesario ir avanzando canto antes en medidas que incidan de xeito positivo no problema demográfico, fomentando a natalidade e removendo os obstáculos das familias que deciden ter fillos ou fillas.

Nese sentido, a rebaixa do Imposto sobre o Valor Engadido sobre os produtos de hixiene infantil é unha longa demanda de asociacións de familias numerosas e outros colectivos que defenden a consideración dos cueiros como un ben de primeira necesidade, pola grande incidencia económica que ten este produto sobre as familias nos primeiros anos de vida dos bebés.



A modificación do tipo do imposto para estes produtos configúrase, por tanto, non só como unha medida de xustiza fiscal e social senón tamén como un avance máis no obxectivo adoptado polo noso Estado de abordar o reto demográfico cunha resposta integral na que deben ter un papel destacado as medidas de apoio á natalidade e de consecución dunhas maiores facilidades no desenvolvemento do proxecto familiar.

Polo exposto, preséntase a seguinte Proposición de Lei para a súa remisión á Mesa do Congreso dos deputados:

Artigo 1. Modificación do punto 1 do apartado dous do artigo 91 da Lei 37/1992, de 28 de decembre, do Imposto sobre o Valor Engadido, ao que se engade un novo ordinal 7º coa seguinte redacción:

“7º Cueiros para nenas e nenos”

Santiago de Compostela 15 de xaneiro de 2020.

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Núñez Feijóo na data 15/01/2020 11:19:19**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 15/01/2020 11:19:42**

**Pedro Puy Fraga na data 15/01/2020 11:20:00**

**Paula Prado Del Río na data 15/01/2020 11:20:56**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/01/2020 11:21:10**

**Alfonso Rueda Valenzuela na data 15/01/2020 11:21:56**

**Rosa María Quintana Carballo na data 15/01/2020 11:24:32**

**José González Vázquez na data 15/01/2020 11:25:04**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



**Francisco José Conde López na data 15/01/2020 11:25:22**

**Marta Rodriguez Arias na data 15/01/2020 11:26:17**

**Alberto Pazos Couñago na data 15/01/2020 11:26:40**

**José Manuel Rey Varela na data 15/01/2020 11:27:23**

**Diego Calvo Pouso na data 15/01/2020 11:27:59**

**Raquel Arias Rodríguez na data 15/01/2020 11:28:24**

**Martín Fernández Prado na data 15/01/2020 11:28:56**

**Jaime Castiñeira Broz na data 15/01/2020 11:41:12**

**Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 15/01/2020 11:41:27**

**Rosa Oubiña Solla na data 15/01/2020 11:41:55**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 15/01/2020 11:42:26**

**María Soraya Salorio Porral na data 15/01/2020 11:47:54**

**María Isabel Novo Fariña na data 15/01/2020 11:49:33**

**Jacobo Moreira Ferro na data 15/01/2020 11:50:33**

**Gonzalo Trenor López na data 15/01/2020 11:50:46**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 15/01/2020 11:57:18**

**Carlos Gómez Salgado na data 15/01/2020 12:03:00**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 15/01/2020 12:03:12**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 15/01/2020 12:04:05**

**Maria Antón Vilasánchez na data 15/01/2020 12:04:39**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Daniel Vega Pérez na data 15/01/2020 12:04:53**

**Antonio Mouriño Villar na data 15/01/2020 12:05:45**

**Teresa Egerique Mosquera na data 15/01/2020 12:06:16**

**María Guadalupe Murillo Solís na data 15/01/2020 12:07:23**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 15/01/2020 12:07:38**

**Moisés Blanco Paradelo na data 15/01/2020 12:08:14**

**Marta Novoa Iglesias na data 15/01/2020 12:08:26**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 15/01/2020 12:09:34**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 15/01/2020 12:10:35**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 15/01/2020 12:11:37**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 15/01/2020 12:11:57**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 15/01/2020 12:12:50**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Martín Fernández Prado, Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Rey Varela, Jacobo Moreira Ferro, Daniel Vega Pérez, Guadalupe Murillo Solís, Diego Calvo Pouso, Marián García Míguez, Gonzalo Trénor López, Aurelio Núñez Centeno, Rosa Oubiña Solla, Soraya Salorio Porral, Alberto Pazos Couñago, Miguel Tellado Filgueira e Marta Rodríguez Arias**, ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

### Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

### Exposición de motivos:

O 11 de setembro de 2018, o Pleno do Parlamento de Galicia tomou dous acordos de grande relevancia derivados do anuncio por parte do presidente do Goberno, Pedro Sánchez, de que a débeda financeira da autoridade portuaria de Valencia sería asumida pola administración xeral do Estado, rompendo coa regra vixente ata o momento, na que ningún porto de interese xeral do Estado en España vía as súas débedas condonadas polo Goberno.

Un deles, aprobado a instancias do Grupo Popular e sen o apoio do resto da oposición, esixía do goberno de España igualdade de trato entre as diferentes autoridades portuarias galegas e a de Valencia e solicitaba, no caso de que a condonación da débeda valenciana se consumase, unha compensación económica semellante coas cargas económicas que as autoridades portuarias galegas xeraran para acometer os seus investimentos.

O segundo acordo, aprobado por unanimidade a instancias do extinto Grupo de En Marea, solicitaba “medidas normativas e orzamentarias que garantan ás autoridades portuarias galegas os necesarios mecanismos de financiamento dos programas de investimento previsto en cada unha delas e a asunción das cargas financeiras contraídas pola execución das infraestruturas necesarias para a súa operatividade e



competitividade” e facía especial fincapé na situación da autoridade portuaria da Coruña, demandando a condonación do préstamos concedido á mesma por parte de Puertos del Estado e urxindo ao financiamento da súa conexión ferroviaria.

A pesares do manifestado polo Parlamento de Galicia, o goberno de Sánchez seguiu adiante coa súa determinación e no proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para 2019 aprobado polo Consello de Ministros en xaneiro dese mesmo ano incluía, entre outras importantes discriminacións respecto a Galicia, unha disposición adicional na que pretendía consumir ese trato de favor coa autoridade portuaria valenciana. Nin unha palabra sobre os portos galegos. Particularmente, a eliminación da partida orzamentaria referida á conexión ferroviaria do porto exterior coruñés, ratificaba a vontade de ignorar deliberadamente as demandas do Parlamento galego.

Nesta nova etapa de goberno que ten iniciado o presidente Sánchez, cun executivo en coalición con Unidas Podemos (formación integrante daquel grupo En Marea que formulara as solicitudes antes nomeadas), retómase a intención de condonar a débeda do porto valenciano.

Concretamente, no acordo de investidura asinado polo PSOE e a formación valenciana Compromís figura explicitamente que o novo goberno “se compromete a incluír en los próximos Presupuestos generales del Estado una disposición adicional para solucionar la deuda que el Consorcio Valencia 2007 mantiene con el ICO, en los mismos términos recogidos en el proyecto de Ley de Presupuestos Generales del Estado para 2019, incluyendo los aproximadamente 23 millones de euros de costes de reposición ante la Autoridade Portuaria”.

Fronte a este compromiso, claramente explicitado, nada se sabe do trato que recibirán as cargas financeiras dos portos galegos. Nada consta sobre ese asunto no acordo de investidura asinado polo PSOE con Unidas Podemos-En Comú Podem-Galicia en Común, nin tampouco no asinado polo PSOE co Bloque Nacionalista Galego ou no discurso de investidura do propio Presidente.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reiterar perante o novo Goberno de España as seguintes demandas xa trasladadas ao anterior goberno:





- 1- Igualdade de trato e consideración entre as diferentes autoridades portuarias galegas en relación á de Valencia nos termos relativos ao financiamento e asunción das débedas.
- 2- Medidas que garantan ás autoridades portuarias galegas os necesarios mecanismos de financiamento dos programas de investimento previsto en cada unha delas e a asunción das cargas financeiras contraídas pola execución das infraestruturas necesarias para a súa operatividade e competitividade”.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2020.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 20/01/2020 17:18:42**

**Martín Fernández Prado na data 20/01/2020 17:18:57**

**Teresa Egerique Mosquera na data 20/01/2020 17:19:10**

**José Manuel Rey Varela na data 20/01/2020 17:19:27**

**Jacobo Moreira Ferro na data 20/01/2020 17:19:43**

**Daniel Vega Pérez na data 20/01/2020 17:19:50**

**María Guadalupe Murillo Solís na data 20/01/2020 17:20:19**

**Diego Calvo Pouso na data 20/01/2020 17:20:35**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 20/01/2020 17:20:49**

**Gonzalo Trenor López na data 20/01/2020 17:21:16**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 20/01/2020 17:21:32**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



**Rosa Oubiña Solla na data 20/01/2020 17:21:50**

**María Soraya Salorio Porral na data 20/01/2020 17:21:58**

**Alberto Pazos Couñago na data 20/01/2020 17:22:30**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 20/01/2020 17:22:43**

**Marta Rodriguez Arias na data 20/01/2020 17:23:30**



## A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Daniel Vega Pérez, Miguel Tellado Filgueira, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Sandra Vázquez Domínguez, Jaime Castiñeira Broz, Encarna Amigo Díaz, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Raquel Arias Rodríguez, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López, Martín Fernández Prado e Diego Calvo Pouso** ao abeiro do disposto no artigo 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

## Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

## Exposición de motivos

O Goberno central acaba de incumplir a súa palabra de levar o Estatuto ao primeiro Consello de Ministros, polo que a escusa de que era un goberno en funcións xa non lle serve. De feito, o executivo de Pedro Sánchez leva máis dun ano prometendo unha solución para facilitar a competitividade e o mantemento do emprego en Alcoa San Cibrao e no resto da industria electrointensiva que segue sen chegar, motivo polo que este mércores se celebrará unha gran manifestación en Madrid na que estará presente o Partido Popular de Galicia.

A situación é preocupante porque o Goberno está provocando a desconexión total da nosa industria electrointensiva. A ausencia dun Estatuto que fixe un prezo eléctrico estable e competitivo - agora "pendente de resolución de múltiples solucións", segundo as declaracións da Ministra de Traballo, Yolanda Díaz -, súmase unha primeira poxa de interompebilidade reducida á mínima expresión e a incerteza sobre a convocatoria para o segundo semestre, así como a falta de noticias respecto ás compensacións polos custos indirectos do CO2.

Todas elas son medidas solicitadas polo sector galego, co respaldo da Xunta de Galicia e desta mesma Cámara a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular. Sen embargo, a realidade é que non están recollidas nos acordos alcanzados polo PSOE con Unidas



Podemos e o BNG, nin tampouco os prazos concretos que garantan unha estabilidade a esta industria, que segue sen estar entre as súas prioridades.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reiterar ao Goberno Central a aprobación inmediata dun Estatuto de Consumidores Electroativos que teña en conta as achegas da industria galega que teñen sido trasladadas desde o Goberno galego co respaldo unánime do Pleno desta Cámara, o pasado 11 de setembro, así como todas as medidas que faciliten a continuidade dos 5.000 empregos que en Galicia dependen do sector, moi especialmente daqueles que dependen da factoría de Alcoa en San Cibrao”.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 20/01/2020 18:16:15**

**Daniel Vega Pérez na data 20/01/2020 18:16:23**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 20/01/2020 18:16:49**

**Marta Novoa Iglesias na data 20/01/2020 18:17:03**

**Gonzalo Trenor López na data 20/01/2020 18:17:17**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 20/01/2020 18:17:33**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 20/01/2020 18:17:45**

**Maria Antón Vilasánchez na data 20/01/2020 18:17:54**

**Moisés Blanco Paradelo na data 20/01/2020 18:18:07**

**Diego Calvo Pouso na data 20/01/2020 18:18:24**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 20/01/2020 18:18:36**

**Jaime Castiñeira Broz na data 20/01/2020 18:18:46**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 20/01/2020 18:19:00**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Sandra Vázquez Domínguez na data 20/01/2020 18:19:10**

**Raquel Arias Rodríguez na data 20/01/2020 18:19:25**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 20/01/2020 18:19:37**

**Martín Fernández Prado na data 20/01/2020 18:19:50**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSV: BOPGDSPGdEaxmjoqC8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Pedro Puy Fraga, Miguel Tellado Filgueira, Paula Prado del Río, Marta Rodríguez Arias, Gonzalo Trénor López, Martín Fernández Prado, María Antón Vilasánchez, Aurelio Núñez Centeno, Moisés Blanco Paradelo, Teresa Egerique Mosquera, Raquel Arias Rodríguez, Marta Nóvoa Iglesias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Sandra Vázquez Domínguez, Jacobo Moreira Ferro e Alberto Pazos Couñago** ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

### Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

### Exposición de motivos:

Despois dun prolongado tempo de parálise e de goberno en funcións vense de constituír un novo goberno en España con plenas facultades. Ante o comezo desta nova lexislatura, Galicia debe facer patentes as súas principais reivindicacións, necesidades que o paso do tempo ten agravado. O goberno galego aprobou, con anterioridade á convocatoria electoral, unha Axenda Galicia cunha serie de prioridades que adiantou que esixiría ao futuro goberno, fose este cal fose, e que o presidente da Xunta vén de reiterar nas misivas que ten remitido aos 22 membros do actual Consello de Ministros.

Galicia ten sido nos últimos anos unha comunidade que ten actuado con absoluta lealdade institucional co Goberno de España, cumprindo fielmente os obxectivos pactados no Consello de Política Fiscal e Financeira, respectando o marco constitucional e estatutario e evitando solicitar do goberno estatal axuda financeira para asumir facturas propias da actuación do goberno autonómico.

Con esa lexitimidade, Galicia pode esixir agora, tanto desde o goberno como do Parlamento, lealdade recíproca das institucións centrais ante asuntos de capital importancia para a nosa comunidade, comezando polo pago pendente dunha mensuralidade da recadación do IVE, que supón 200 millóns de euros necesarios para



o financiamento das competencias autonómicas e coa convocatoria do Consello de Política Fiscal e Financeira para aprobar os incentivos ás comunidades autónomas que cumpriron os seus obxectivos de estabilidade orzamentaria, que no caso galego supoñen outros 170 millóns.

Ademais, dentro da Axenda Galicia figuran demandas xa formuladas a este e outros gobernos no relativo a asuntos como a aprobación da Estratexia Nacional fronte ao reto demográfico; as demandas ferroviarias a comezar pola finalización en prazo da liña de alta velocidade que unirá Galicia coa Meseta; as necesidades en materia de estradas a comezar pola transferencia da Autovía AP-9; o apoio a sectores produtivos como as industrias electrointensivas, a automoción, o naval, o agrogandeiro, a pesca, as enerxías renovables ou o Xacobeo 2021 xunto á transición enerxética xusta que debe aplicarse coas centrais térmicas; e o apoio á administración autonómica na prestación de servizos públicos cumprindo reclamacións que xa veñen de lonxe nos eidos da sanidade, os servizos sociais, a dependencia, a xustiza ou a educación infantil. Demandas que en moitos casos xa contaron co apoio do Parlamento de Galicia durante o período do goberno do presidente Rajoy ou do primeiro goberno do presidente Sánchez pero que cómpre volver a trasladar a este novo goberno.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar perante o novo Goberno de España as demandas prioritarias fixadas no documento de Axenda Galicia aprobado polo Consello da Xunta de 31 de outubro de 2020, nomeadamente:

- 1- O pago da débeda pendente con Galicia no relativo á mensualidade do IVE de 2017 aínda non transferida (200 millóns de euros) e aos incentivos ás comunidades con bo desempeño financeiro (170 millóns de euros).
- 2- A negociación dun novo sistema de financiamento autonómico que pondere nunha maior medida cuestións como o envellecemento e a dispersión da poboación, cun efecto directo no custo de prestación dos servizos e, en consecuencia, das necesidades efectivas de gasto.
- 3- A aprobación á maior brevidade da comprometida Estratexia Nacional fronte ao reto demográfico.



- 4- A defensa perante as institucións europeas da non diminución abrupta dos Fondos de Cohesión asignados a Galicia, así como a defensa dos intereses do noso sector pesqueiro no proceso de saída do Reino Unido da Unión Europea.
- 5- A realización en Galicia das infraestruturas ferroviarias pendentes, nomeadamente a finalización do AVE nos prazos comprometidos, así como as súas conexións con Lugo ou Vigo, os investimentos relacionados coa inclusión no trazado do Corredor Atlántico Europeo, as actuacións de intermodalidade nas estacións ferroviarias, a planificación do ancho de vía, o reforzo dos servizos de viaxeiros ou a integración dos servizos ferroviarios co sistema autonómico de transporte metropolitano.
- 6- A transferencia á Xunta de Galicia da titularidade de AP-9 e AP-53, convenientemente financiadas para asumir os custos das actuacións, obras e rebaixas de peaxes comprometidas nas mesmas, así como daquelas outras transferencias que, contando co respaldo do Parlamento de Galicia, permitan unha mellor xestión desde a proximidade e dentro do marco constitucional e estatutario.
- 7- A realización dos restantes compromisos para atender as necesidades de Galicia en materia de estradas, particularmente as relacionadas coas autovías Lugo-Santiago, Ourense-Lugo, Vigo-O Porriño, A-8, A-57 ou autovía da Mariña así como actuacións demandadas noutras estradas como a FE-14, a variante de Pontearreas ou os tramos de concentración da accidentes identificados na rede estatal.
- 8- A execución e financiamento das obras hidráulicas de interese xeral do Estado, incorporando a estas o sistema de abastecemento da cidade de Vigo e da área sur da provincia de Pontevedra, así como a execución dos compromisos na dragaxe da Ría do Burgo e a implicación das confederacións hidrográficas no apoio aos concellos para o exercicio das súas competencias en materia de augas.
- 9- Un trato respecto ao financiamento e asunción de débedas contraídas para as autoridades portuarias galegas que sexa igualitario co acordo que se ten contraído ao respecto da autoridade portuaria valenciana.
- 10-A aprobación á maior brevidade posible dun Estatuto para os consumidores electrointensivos que recolla as demandas efectuadas por Galicia, así como a





posta en marcha do resto de medidas necesarias para favorecer un prezo eléctrico estable que permita a continuidade de empresas como Alcoa.

11-A posta en marcha, a través da integración de Galicia nos correspondentes convenios e plataformas europeas, de medidas efectivas para garantir unha transición ecolóxica xusta que evite o peche acelerado da central térmica das Pontes e busque unha alternativa industrial ao peche da de Meirama; ao tempo que se convoquen novas poxas de renovables que permitan incrementar aínda máis a potencia de enerxías renovables instalada en Galicia.

12-A adopción de medidas que rematen coas incertezas xeradas ao respecto do regulamento da Lei de Costas e que garantan a continuidade das concesións o autorizacións de usos no dominio público-marítimo terrestre.

13-O remate da incerteza respecto ao futuro do sector da automoción, evitando incrementar a fiscalidade da tecnoloxía diésel e cumprindo o compromiso de conectar Vigo coa rede de transporte de 220 kv a través da subestación eléctrica de Balaídos, fundamental para a competitividade da industria da automoción galega.

14-A consecución de carga de traballo para os estaleiros públicos de Navantia ata que non comece o corte de chapa para o contrato das fragatas F-110 así como o impulso do estaleiro 4.0 en para reforzar a competitividade das instalacións de Navantia Ferrol.

15-A toma áxil de medidas en relación co sector pesqueiro, resolvendo as dificultades burocráticas derivadas da aplicación da nova normativa estatal en materia de control de horarios laborais e promovendo os cambios que permitan facilitar a concesións de axudas a confrarías a través do Fondo Europeo Marítimo Pesqueiro.

16-O inicio dos traballos para un Pacto pola Educación que garanta a estabilidade e reforce a equidade do sistema, priorizando a aprobación dun modelo de acceso á profesión decente semellante ao MIR e a coordinación entre as comisións encargadas de elaborar as probas de acceso á universidade co obxectivo de garantir a igualdade de oportunidades no conxunto do Estado.

17-A adopción de medidas para paliar a escaseza de profesionais da sanidade pública en prazas de difícil cobertura ou especialidades deficitarias como



medicina de familia ou pediatría, comezando polas que xa foran acordadas en abril de 2018 polo consello interterritorial.

- 18-O incremento da achega da administración xeral do Estado no cofinanciamento das prestacións de dependencia ata chegar a ser equitativa coa que fai a administración autonómica, así como o incremento da achega estatal para compensar os gastos de transporte en consideración ás particularidade do territorio galego.
- 19-A necesaria colaboración económica por parte do Goberno central para estender a gratuidade da educación infantil de 0 a 3 anos a todas as familias galegas.
- 20-A toma de medidas en materia de servizos sociais que permitan, por unha banda compensar á administración autonómica por gastos derivados de actuacións estatais (gastos das entidades que traballan coa discapacidade), recuperar fondos comprometidos que foron reducidos no actual exercicio (pobreza infantil, menores estranxeiros non acompañados), incrementar contías de programas insuficientes para atender a demanda actual en Galicia (plan concertado ou plan de desenvolvemento xitano) e cumprir os compromisos relativos á participación estatal no Centro Galego de Desenvolvemento Integral para persoas con discapacidade.
- 21-A resposta á demanda conxunta de Xunta e Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de creación dun novo xulgado do Social en Lugo.
- 22-En materia de seguridade, a incorporación de novos axentes á Unidade de Policía Adscrita a Galicia ata completar a súa dotación e a ampliación das taxas de reposición de efectivos que permitan levar a cabo a comarcalización dos parques de bombeiros das cidades.
- 23-A axilización da execución dos fondos europeos destinados a cumprir os obxectivos de cobertura de banda larga fixados pola Unión Europea para 2020.
- 24-O apoio por parte da administración xeral do Estado ás candidaturas galegas a Patrimonio Mundial (Ribeira Sacra, Cíes-Illas Atlánticas e Ferrol da Ilustración) así como o remate dos compromisos adquiridos con investimentos culturais como o Museo Arqueolóxico de Ourense, a Biblioteca de Vigo ou a estratexia de dotacións culturais e turísticas nos faros galegos.



25-A aprobación dun plan estratéxico por parte do Goberno de España para o Xacobeo 2021 que recolla o cumprimento de compromisos por parte da administración xeral do Estado en materia de patrimonio cultural, seguridade viaria, promoción turística, delimitación e sinalización, así como a ampliación do Consello Xacobeo.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2020.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 20/01/2020 18:15:53**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 20/01/2020 18:16:14**

**Paula Prado Del Río na data 20/01/2020 18:16:46**

**Marta Rodriguez Arias na data 20/01/2020 18:17:05**

**Gonzalo Trenor López na data 20/01/2020 18:17:16**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 20/01/2020 18:17:35**

**Martín Fernández Prado na data 20/01/2020 18:17:48**

**Maria Antón Vilasánchez na data 20/01/2020 18:18:00**

**Moisés Blanco Paradelo na data 20/01/2020 18:18:22**

**Teresa Egerique Mosquera na data 20/01/2020 18:19:00**

**Raquel Arias Rodríguez na data 20/01/2020 18:19:12**

**Marta Novoa Iglesias na data 20/01/2020 18:19:30**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 20/01/2020 18:19:48**

**Sandra Vázquez Dominguez na data 20/01/2020 18:20:07**

**Jacobo Moreira Ferro na data 20/01/2020 18:20:23**

**Alberto Pazos Couñago na data 20/01/2020 18:20:32**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á situación da empresa industrial Noa Madera.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento da situación delicada que atravesamos a empresa Noa Madera e das protestas que está a levar a cabo os seus traballadores e traballadoras. Unha situación diante da que o goberno galego debe implicarse.

Cómpre recordar que a industria da transformación da madeira é un vector da economía galega, e a fabricación e instalación de mobiliario unha das súas vertentes cun importante impacto no sector, onde Galiza é selo de calidade.

Xa no ano 2018, diante dun anuncio de ERE por parte dos actuais propietarios de Noa Madera Creativa, o Bloque Nacionalista Galego mantivo reunións e contactos co Comité de Empresa e rexistrou iniciativas ao respecto. Porén, nese momento a situación foi reconducida grazas ao tesón dos traballadores e traballadoras.

Porén, recentemente, esta empresa situada en Fene, no polígono de Vilar do Colo, e que na actualidade daba traballo a arredor de 250 persoas de forma directa, unha





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

cifra meirande se temos en conta as tarefas derivadas e complementarias, atópase inmersa nun claro proceso de deslocalización progresiva e de baleirado do seu cadro de persoal. Desde meses estase a vivir na localidade e, por extensión, na comarca unha situación de grande preocupación derivada da política laboral aplicada por Malasa. Por estes motivos, o pasado 19 de decembro o 100% do persoal de Noa secundaba a folga en defensa dos empregos e das condicións laborais con concentracións nas oficinas de Malasa en Cerceda e na sede de Inditex en Arteixo, xa que este é un dos principais clientes.

As e os traballadores denuncian que desde que Malasa adquiriu a empresa comezaron unha clara estratexia de empeoramento das condicións laborais para precarizalas e equiparalas ás que aplica no resto das súas empresas. Entre outros feitos, houbo perda de empregos a través do desmantelamento da Oficina Técnica e o traslado unilateral e sen negociación de máis de 40 persoas ás instalacións de Cerceda, traslados forzosos que en moitos casos levaron ou van levar a moitas persoas a ter que renunciar a eses traballos.

A representación do Comité de Empresa ten explicado que a situación parte da absorción de Noa Madera por parte do grupo Malasa –que ten como cliente prioritario a Inditex- o pasado mes de agosto de 2018, que iniciou un empeoramento das condicións que non se explica nin por problemas de solvencia, nin problemas de produción, senón máis ben nun intento da actual propietaria de precarización das condicións laborais para obter máis beneficios a costa das traballadoras e traballadores ao tempo que se expande, por exemplo cunha factoría en México que empregará a máis de 300 persoas..

Estamos a falar dunha empresa que, ademais, conta cun cadro de persoal cunha media de idade moi nova do entorno do conxunto da comarca; sendo da maioría dos casos persoas que accederon aquí ao seu primeiro posto de traballo, polo que o impacto





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

na xa deteriorada economía comarcal sería considerábel -dado que non falamos só dos postos directos da empresa, senón dos que derivan da actividade que desenvolve ademais de deixar desprotexidas a centos de familias.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, á vista desta situación, expresa a súa rotunda oposición a que se perda calquera posto de traballo ou se precaricen as condicións laborais do cadro de persoal. Máis aínda, tendo en conta que traballan para xigantes da industria téxtil, cómpre desenvolver unha activa política de negociación con estas empresas, nomeadamente Inditex, para que se manteñan os postos de traballo e os dereitos laborais acadados.

Nese sentido, alén de ter impulsado mocións nos diversos concellos da comarca, para o BNG é fundamental que o propio Parlamento de Galiza e a Xunta de Galiza se impliquen nesta cuestión e as e os traballadoras gañen apoio institucional e social.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a mediar polo mantemento das condicións laborais e postos de traballo de Noa Madera na comarca de Ferrolterra e impulsar para tal efecto, no prazo máximo de 15 días, unha mesa de traballo conxunta de todas as partes para mediar no conflito.”

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/01/2020 13:38:31**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2020 13:38:40**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2020 13:38:47**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2020 13:38:54**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/01/2020 13:39:20**

**Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2020 13:39:28**





## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Patricia Otero Rodríguez, María Concepción Burgo López, Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez (deputado portavoz adxunto), ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A política de servizos públicos no rural desenvolvida pola Xunta de Galicia bandea entre os anuncios de bos propósitos, que nunca chegan a materializarse, e a execución concreta de recortes e peches que minguan a calidade de vida dos veciños e das veciñas destas zonas.

A finais do mes de novembro de 2019 asistimos ao anuncio de peche do paridoiro do Hospital Comarcal de Verín, un peche fundamentado pola Consellería de Sanidade na perda de poboación e o descenso de nacementos. Este Grupo Parlamentario xa fixo notar, nunha pregunta urxente realizada nesta Cámara, que esta política encaracolada levará a unha espiral negativa, provocando unha maior perda de poboación, xa que a retirada de servizos actúa como un elemento disuasorio á hora de fixar ou atraer xente no rural.

A medida adoptada, por desgraza, é coherente coa liña de perda de servizos públicos no rural desenvolvida pola Xunta, especialmente no eido sanitario. Os hospitais comarcais veñen perdendo servizos médicos, e as comarcas que tiñan a condición de área sanitaria cun hospital comarcal de centro de referencia perden a devandita condición.

Dun xeito ilóxico, a Xunta desenvolve campañas e declaracións a prol da loita contra o despoboamento, ao mesmo tempo que a fomenta cun movemento de recentralización dos servizos sanitarios, no que se esquece do noso modelo de dispersión poboacional, co que está a sobrecargar os grandes hospitais e a converter o rural en lugares desertos de poboación e ermos en servizos.

Este modelo é contemplado con preocupación desde a provincia de Lugo, na que o rural ten un peso determinante, xa que contribúe a acelerar as desigualdades reais entre a cidadanía. Un entorno sen escolas infantís, centros educativos, sen servizos médicos, sen internet ... é hoxe un entorno no que as persoas non queren vivir.



É ademais un modelo que prexudica especialmente ás mulleres, ás que se lles quita a posibilidade de dar a luz no centro de referencia máis achegado. Entre o momento dos primeiros síntomas de parto e o ingreso definitivo poden pasar varios días. A Xunta pretende converter a última etapa do embarazo nun rosario de desprazamentos entre o domicilio e un hospital afastado. Co impacto emocional, a molestia para a familia e o risco engadido para a saúde que estes desprazamentos implican.

Dun xeito concreto, entendemos que este tipo de política supón unha ameaza para os hospitais comarcais, en concreto o de Monforte, que en 2018 rexistrou 318 nacementos, e o de Burela 350 bebés nados nese mesmo ano. No canto de gabarse por estes nacementos, a política da Xunta vennos a dicir que esta cifra é insuficiente e que os paridoiros de Monforte e Burela poderían seguir, xa que logo, o mesmo futuro que o de Verín.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista sempre amosamos o noso rexeitamento ás políticas de desmantelamento da sanidade pública que vén desenvolvendo o Goberno galego. Medidas que afectan dun xeito especial ás mulleres e ás zonas rurais.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1º) Aclarar se van estender a decisión de recortar os servizos de paridoiros noutros hospitais comarcais de Galicia, nomeadamente nos de Monforte e Burela.
- 2º) Poñer en marcha accións concretas para reverter a política de perda de servizos sanitarios do rural, coa adopción de medidas que permitan deseñar un mapa sanitario racional, que prime a igualdade na prestación de servizos en todo o territorio e contribúa deste xeito ao asentamento de poboación no rural.

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2020





**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 09/01/2020 13:50:11**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 09/01/2020 13:50:28**

**Julio Torrado Quintela na data 09/01/2020 13:50:49**

**Noela Blanco Rodríguez na data 09/01/2020 13:51:23**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/01/2020 13:51:39**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a atención á diversidade no ensino público galego e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais de 2019 o Consello Escolar de Galiza avaliou os resultados do informe A atención a diversidade no ensino básico (Primaria e ESO) elaborado por unha equipa de persoal docente e investigador vinculado ao Instituto de Ciencias da Educación da USC.

Nas súas conclusións o informe sinala que para o 60% das persoas enquisadas consideran que os recursos humanos son moi escasos e insuficientes e apúntase á necesidade de incrementar o profesorado nos centros mais tamén que as e os docentes, dispoñan de máis tempo, de maior flexibilidade horaria e máis estabilidade, para facer mellor o seu traballo.

Así mesmo, cítase a sobrecarga horaria do profesorado e a falta de tempo para a coordinación como principais obstáculos para desenvolver en mellores condicións as tarefas de apoio educativo.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego vimos defendendo que a atención á diversidade debe ser un asunto central para a Consellaría de Educación





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

e que os recursos actuais no ensino público non son suficientes para garantir a calidade educativa que merece o alumnado.

Neste senso temos reclamado a recuperación do horario lectivo previo a 2011 e o incremento dos cadros docentes, unha decisión que melloraría non só as condicións de traballo do profesorado senón tamén a calidade do ensino; a redución das ratios a 15 estudantes en Infantil, 20 en Primaria e 25 na ESO, tendo en conta sempre unha redución no caso de escolarización nunha aula de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, así como de alumnado repetidor; ou unha maior e mellor formación na atención á diversidade dirixida ao conxunto do profesorado.

Algunhas destas cuestións foron obxecto de debate na última xuntanza do CEG aprobándose mesmo propostas sindicais dirixidas a mellorar e ampliar a atención á diversidade no ensino público galego.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a abrir unha mesa de diálogo coas organizacións sindicais do ensino co obxectivo de:

1. Recuperar o horario lectivo do profesorado previo á reforma de 2011 (18 horas en Secundaria e 21 en Primaria) co obxectivo, entre outros, de garantir maior tempo e flexibilidade horaria que mellore a coordinación docente e a atención en materia de diversidade.

2. Reducir progresivamente as ratios de alumnado por aula, especialmente nas áreas urbanas e periurbanas, co obxectivo de garantir unha mellor atención fixando





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

como horizonte ratios de 15 estudantes en Infantil, 20 en Primaria e 25 na ESO. No cómputo deberá terse en conta a existencia de alumnado repetidor e/ou con necesidades específicas de apoio educativo.

3. Negociación da mellora das actuais RPT de persoal coidador, aumentado o seu número, así como introducir as reformas normativas que sexan necesarias para garantir a incorporación doutras figuras profesionais de persoal non docente aos centros educativos públicos que xa se están a subvencionar en centros privado-concertados como fisioterapeutas, axudantes técnicos/as educativos/as, traballadoras e educadoras sociais.

4. Revisar de maneira pormenorizada os postos actualmente ocupados por profesorado de PT e AL nos centros de Infantil e Primaria, co obxectivo de os dotar de maior estabilidade e incrementar os recursos humanos de acordo coas necesidades de cada centro.”

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 10/01/2020 11:43:52**

**Xosé Luis Bará Torres na data 10/01/2020 11:44:01**

**María Montserrat Prado Cores na data 10/01/2020 11:44:07**

**Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2020 11:44:14**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 10/01/2020 11:44:21**

**Ana Pontón Mondelo na data 10/01/2020 11:44:28**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, José Manuel Pérez Seco, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, a través do portavoz adxunto ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe, e se establecen as bases da formación profesional dual pretende establecer as bases para a implantación progresiva da formación profesional dual en España, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación.

No seu título III, dedicado á formación profesional dual do sistema educativo, establece que o obxecto é establecer o marco para o desenvolvemento de proxectos de formación profesional dual no sistema educativo, coa co-participación dos centros educativos e das empresas, cando non medie un contrato para a formación e a aprendizaxe e cunhas claras finalidades; incrementar o número de persoas que poidan obter un título de ensino secundario postobligatorio a través das ensinanzas de formación profesional, conseguir unha maior motivación no alumnado e diminuír o abandono escolar temperán, facilitar a inserción laboral como consecuencia dun maior contacto coas empresas, incrementar a vinculación e corresponsabilidade do tecido empresarial coa formación profesional, potenciar a relación do profesorado de formación profesional coas empresas do sector e favorecer a transferencia de coñecementos e, finalmente, obter datos cualitativos e cuantitativos que permitan a toma de decisións en relación coa mellora da calidade da formación profesional.

A demanda de persoal cualificado nas empresas do sector da minería fai necesario dun ciclo formativo de grao medio de FP Dual de Escavacións e Sondaxes (sería o primeiro en Galicia), un ciclo no que o alumnado se formará en estudos para facer escavacións para a extracción de recursos minerais ou para a construción de obras subterráneas e ao descuberto, perforar para facer sondaxes de prospección mineira e de investigación xeotécnica, montando e mantendo as instalacións e a maquinaria, e aplicando a lexislación de protección ambiental e de prevención de riscos laborais.





Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar no curso 2020-2021 un ciclo de FP Dual sobre Escavacións e Sondaxes no IES Plurilingüe Castro da Uz, no concello das Pontes.

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 10/01/2020 11:57:29**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2020 11:57:48**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 10/01/2020 11:58:00**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras o golpe militar, apoiado polos sectores reaccionarios e tradicionalistas da sociedade, de 1936, o Estado español foise configurando como un réxime político autoritario e asentado na represión e o medo infrinxido contra toda persoa progresista en sentido amplo ou sospeitosa de selo. Tras a morte do xefe de Estado, o ditador Francisco Franco, en 1975, a Transición a un sistema democrático culmínase entre os anos 1978-1981, non exento de violencia política e baseado nunha adaptación das estruturas do Estado franquista á nova situación, con continuidade de institucións como a Monarquía.

O pluralismo político e o sistema de liberdades abriuse paso, pero con pervivencia de múltiples caracteres da Ditadura, así como asentando o proceso sobre o esquecemento dos feitos e unha suposta reconciliación que non reparou as inxustizas sufridas polas vítimas.

Pouco a pouco foi avanzando –sobre todo, por impulso da sociedade civil– a reivindicación de políticas de Verdade, Xustiza e Reparación, como garantía de non repetición, no marco do disposto internacionalmente pola ONU.

Na Galiza, sen fronte de guerra, a represión iniciouse dende o momento do golpe militar en 1936 e non foi ata os anos 2005-2009 cando se recoñeceu institucionalmente polo Goberno galego ás vítimas e se honrou a súa Memoria. Dende 2009, as políticas de Memoria da Xunta sufriron un revés, chegando á inanición.



De conformidade coa resolución 18/7 do Consello de Dereitos Humanos, e a invitación do Goberno do Estado, o Relator Especial da ONU sobre a promoción da verdade, a xustiza, a reparación e as garantías de non repetición, Pablo de Greiff, realizou unha visita oficial a España do 21 de xaneiro ao 3 de febreiro de 2014. O obxectivo da visita foi coñecer e valorar as medidas adoptadas polas autoridades españolas sobre os catro eixes do mandato: verdade, xustiza, reparación e garantías de non repetición, en relación coas graves violacións dos dereitos humanos e do dereito internacional humanitario cometidas durante a Guerra Civil e a ditadura franquista, buscando ter unha visión ampla sobre as diversas iniciativas adoptadas, identificar boas prácticas e facer recomendacións para abordar os retos subsistentes.

As conclusións de dito informe foron que o Estado español incumpre coas políticas de Memoria e que cómpren medidas para o recoñecemento das vítimas e a reparación destas.

No conxunto do Estado a Lei de Memoria Histórica, aprobada en 2007, supón un avance nas políticas de Memoria, aínda que insuficiente e, sobre todo, esta lei foi paralizada coa chegada do PP ao Goberno en 2011. Aínda non foi até 2019 que os restos do ditador se sacaron do mausoleo construído polo réxime e no que aínda permanecen milleiros de restos humanos, incluíndo vítimas, sen devolver ás súas familias.

Singularmente, é unha realidade a impunidade dos crimes do franquismo, pese a ser delitos de lesa humanidade, incluídas as torturas que continuaron logo da morte do ditador.

Sinala o informe do relator da ONU que “predominaron discursos que opacan estas complexidades, tratan todas as violacións como unha amalgama de feitos violentos ocorridos no marco dunha contenda e tensións entre dous bandos opostos, e parten dunha posición deliberadamente difundida polo franquismo que durante décadas impediu unha confrontación aberta e directa co pasado. Este intento por asumir simetrías no comportamento dos diferentes bandos, xunto co que indiscutiblemente foi, aínda hoxe, un tratamento asimétrico das vítimas, politizou o debate, contribuído á asimilación das reivindicacións das vítimas con afiliacións políticas e partidarias, en detrimento dunha



consideración de dereitos. A definición de vítima preséntase xeralmente de forma separada da noción de dereitos humanos e das nocións fundamentais de dereitohabientes e da responsabilidade do Estado.”

(O informe completo pode consultarse aquí: <https://www.igmemoria.com/informe-do-relator-especial-da-onu-pablo-de-greiff-sobre-o-estado-espantildeol-en-materia-de-verdade-xustiza-reparacioacuten-e-garantiacuteas-de-non-repeticioacuten.html>)

Un dos aspectos abandonados pola Xunta nas políticas de Memoria foi a consideración da Illa de San Simón, cárcere de presos do franquismo, como lugar de Memoria. A situación chegou a tal punto que predominan nela os usos recreativos e turísticos, mesmo chegando a autorizarse nela unha festa de Samaín, que non se celebrou polas condicións meteorolóxicas.

O movemento memorialístico galego, a raíz desta situación, decidiu lembrar á cidadanía e instancias políticas a “declaración de Vilaboa”, na que reclaman políticas integrais de Memoria por parte das Administracións públicas, esenciais para gozarmos dunha democracia consolidada.

Entre as reivindicacións contidas, a necesidade de que a Illa de San Simón volva ser Illa da Memoria, acollendo prioritariamente actividades relacionadas coa Memoria e evitando usos que banalicen os sucesos alí vividos e sexan degradantes para as vítimas e familiares.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Dotarse dunha política pública de Memoria Democrática, dotada orzamentariamente ano a ano, baseada nas recomendacións do Relator Especial da ONU sobre a promoción da verdade, a xustiza, a reparación e as garantías de non repetición, Pablo de Greiff.



2. Establecer a illa de San Simón como Illa da Memoria, cun plan de usos que evite a realización de actividades irrespectuosas coas vítimas e as súas familias, e que garanta que as actividades desta illa sexan, prioritariamente, de Memoria e educativas.
3. Reactivar e completar, con financiación do goberno galego, o proxecto “Nomes e Voces” para a investigación e divulgación da represión franquista no noso País.
4. Habilitar liñas de apoio ás asociacións memorialísticas galegas.
5. Dotarse de fondos para a investigación e divulgación sobre a represión, contribuíndo dende o goberno galego a facilitar o acceso a arquivos que gardan documentación relacionada coa represión franquista.
6. Crear unha Rede Galega de Lugares da Memoria, con sinalización que teña imaxe e simboloxía común, recuperando estes sitios para as políticas de Memoria e para fins educativos.
7. Revisar os currículos escolares, fomentando e apoiando a elaboración de materiais didácticos sobre o período republicano, sublevación militar, Ditadura e resistencia antifranquista.
8. Elaborar un catálogo de denominacións de rúas e outros lugares públicos galegos relacionadas co franquismo e aprobación, en colaboración coa FEGAMP, dun plan para a súa eliminación.
9. Cumprimento da Lei de Memoria estatal en canto a apoio ás localizacións e exhumacións de vítimas.
10. Investigar todos os bens espoliados pola familia Franco e deseñar un plan para a súa recuperación.



11. Impulsar unha Lei Galega de Memoria, en colaboración coas Universidades galegas, as asociacións de recuperación de Memoria e todos os axentes interesados, baseada nos principios de Verdade, Xustiza e Reparación, como garantía de non repetición.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Veroa  
Deputada do G.P. Mixto  
Luís Villares Naveira  
Deputado e Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Veroa na data 10/01/2020 13:33:54**

**Luis Villares Naveira na data 10/01/2020 13:34:06**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e do seu deputado Davide Rodríguez Estévez, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A 1 de xaneiro entrou en vigor a decisión de ADIF de eliminar o servizo de venda presencial de billetes nas estacións ferroviarias galegas de Ortigueira, Burela, Sarria, Viveiro, O Carballiño, Ribadavia, Guillarei (Tui) e Redondela; así como en Ferrol, Xubia, San Sadurniño, Cerdido, Burela e Ribadeo. Na de Sarria – na que xa houbera un intento de cancelar a venda directa en 2017 – o servizo deixou de prestarse a finais de decembro.

Asistimos, unha vez máis, ao desmantelamento de servizos ferroviarios de proximidade, os que garanten a cohesión territorial e os servizos á maioría da cidadanía galega do rural.

RENFE anunciou que sería a encargada de dispensar os billetes nas estacións abandonadas por ADIF, pero que só habería venda presencial nas estacións cunha media superior a cen persoas pasaxeiros por día, o que supón que as estacións galegas fiquen fóra.

Así, RENFE anunciou que os billetes se poderían mercar en oficinas de Correos e colocou ou colocará máquinas expendedoras nas estacións sen venda directa, así como en San Sadurniño, Cerdido e Ribadeo.

A supresión da venda directa afecta especialmente ás persoas de máis idade que fan uso destes servizos, que non controlan ben este sistema de venda. Pero, ademais, en estacións nas que foron recentemente instaladas, atópanse as máquinas fóra de servizo, como sucede na Mariña, unha medida que se une ao desmantelamento do FEVE. De feito, a maioría de



máquinas de estacións e apeadoiros non funcionan, como sinala a Plataforma pola Defensa do Ferrocarril Ferrol-Ribadeo. Deste xeito, no FEVE, ao non haber interventores/as no tren en moitos servizos, os billetes non se poden mercar no propio traxecto nin hai persoal para fornecer información ás persoas usuarias.

A Xunta de Galiza manifestouse en contra desta medida, pero o PP, no goberno do estado dende 2011 a 2015, nada fixo por frear o desmantelamento ferroviario da media distancia – ben ao contrario -.

Entre os acordos para a investidura de Pedro Sánchez en xaneiro de 2020, Teruel Existe pactou a paralización da supresión do servizo de venda directa nas estacións de RENFE. Acordos co BNG e o acordo marco PSOE-UP tamén inciden na necesidade de reforzar os servizos ferroviarios de media distancia.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para que se manteña o servizo de venda directa de billetes nas estacións de tren galegas nos que se suprimiu.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Deputada, deputado e Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**







**Paula Vázquez Verao na data 10/01/2020 13:46:49**

**David Rodríguez Estévez na data 10/01/2020 13:46:59**

**Luis Villares Naveira na data 10/01/2020 13:47:06**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Teresa Porritt Lueiro, Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López, a través do portavoz adxunto e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indicase os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Augas de Galicia é a entidade adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade que asume as competencias sobre o conxunto da Administración hidráulica de Galicia.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:



1º) Publique no prazo máximo de tres meses os criterios empregados pola entidade Augas de Galicia para o establecemento de convenios con determinados concellos galegos durante a X Lexislatura.

2º) Publique no prazo máximo de tres meses a totalidade dos convenios asinados pola entidade Augas de Galicia con determinados concellos galegos nesta X lexislatura con indicación do nome do Concello e a contía total recibida por cada un a través destes convenios.

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/01/2020 13:35:23**

**María Teresa Porrirt Lueiro na data 10/01/2020 13:35:40**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 10/01/2020 13:35:51**

**María Luisa Pierres López na data 10/01/2020 13:36:07**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2020 13:36:21**



## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, Rosa Oubiña Solla, Raquel Arias Rodríguez, Jackeline Fernández Macías, Carlos Gómez Salgado, Miguel Prado Patiño e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos

España é recoñecida por ser un dos principais produtores de viño. En superficie, o noso país posúe o maior viñado do mundo, cunha **superficie de máis de 950.000 hectáreas de extensión** ó longo de todo o territorio español. Por iso, non é de estrañar que o sector vinícola sexa un referente, non só a nivel nacional, senón tamén autonómico.

De feito, o sector do viño en Galicia ocupa unha dimensión económica de gran relevancia, atópase nun posto destacado dentro do sector primario, cuxa media supera tanto a nacional como a europea. A heteroxeneidade característica da superficie das explotacións da conta dun reconto de máis do 40% en relación ó conxunto do Estado – tendo en conta extensións en hectáreas, explotacións e parcelas de tamaño inferior –.

Este eido produtivo aglutina, nada máis e nada menos, que 13.000 viticultores, máis de 460 adegas, arredor de 9.000 hectáreas de superficie cultivada, por riba dos 60 millóns de quilos de uva anuais producidos e un importante volume exportador.

Ademais, é necesario por de manifesto a inherente calidade pola cal se distinguen os viños galegos. Por iso, dende a Xunta de Galicia e, en particular, dende a Consellería do Medio Rural se están a concentrar tantos esforzos no sector, coa finalidade de lograr unha dinamización económica, territorial e incluso turística das comarcas



vitivinícolas de Galicia, a través da implantación de iniciativas que persigan a cohesión do medio rural galego.

Non cabe dúbida que o viño representa un subsector cuxa importancia é susceptible de ser tida en conta na industria agroalimentaria galega, tanto en termos de porcentaxe de empresas, como na creación de emprego e a facturación. Ademais, na última década a evolución do sector amosa unha tendencia exponencial con taxas de variación próximas ó 50%, feito que se reflicte, ademais, nos indicadores económico-financeiros, con taxas de variacións anuais considerablemente superiores ás medias doutros sectores agregados. Isto vén ligado ás cinco Denominacións de Orixe (D. O.) que concentra a nosa Comunidade. Dende o apego ó territorio ata a necesidade de coordinar a actividade económica coa sustentabilidade medioambiental, as DD. OO. galegas caracterízanse por un modelo produtivo de viño tradicional, que tenta conferirle un valor e incrementar o mercado exterior a través da calidade e notoriedade que distinguen o produto autonómico. Asemade, hai que destacar os esforzos na innovación, mediante a investigación e á implicación de técnicas en I+D+i singulares, coa finalidade de impulsar o sector.

Non obstante, isto require dunha base económica.

O *Plan Especial de Apoio ó Sector Vitivinícola (PASVE)* debería representar a devandita base para a consecución dos potenciais obxectivos do sector vinícola, tanto español como galego. Isto, xunto o xa exposto con anterioridade, determina xustificada a esixencia de que se deixen de desaproveitar as concesións ofertadas neste senso, feito que non se cataloga como novidoso, xa que dende o ano 2.014 estanse a desperdiciar recursos. De feito, no 2.018 chegaronse a desaproveitar ata 48,9 millóns de euros – isto é, o 77% dos fondos dispoñibles –, e este mesmo ano 2.019, é



evidente que esta tendencia non mudou, xa que se perderon 14,3 millóns dos 210 millóns de euros dos que dispuña España.

Este feito contrasta de forma ostensible coas necesidades de apoio do sector, e debilita a posición do noso país de acordo ás futuras negociacións, incluso nos outorga un “posto diana” como potenciais receptores de recortes, ó desprestixiar as dotacións recibidas ata a data debido a mala xestión que delas se dispuxo, como pode ocorrer coa próxima rebaixa do PASVE, a cal se cifra xa nun aflitivo 3,9%.

Con todo, e tendo en conta que o PASVE se articula en torno a cinco vías de actuación – promoción, reestruturación e reconversión, inversión, destilación de subprodutos e innovación –, e tomando en consideración as recomendacións da Comisión Europea na posibilidade de modificar as distribucións na transmisión dos fondos dunhas medidas a outras para un **mellor aproveitamento** dos mesmos, é preciso poñer sobre a mesa a continxencia de dotar de certa flexibilidade as actuacións sobre as que se inverterá o Plan, conferíndolle a importancia que merecen as necesidades do conxunto viticultor e das adegas galegas, coa finalidade de prosperar dende unha acción coordinada e colaborativa.

En referencia ó exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para mellorar a coordinación co sector vitivinícola español e coas comunidades autónomas implicadas para por en marcha novos mecanismos que permitan unha maior eficacia na distribución dos fondos procedentes do Plan Especial de Apoio ao Sector Vitivinícola (PASVE)”.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020



**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 10/01/2020 13:51:37**

**Moisés Blanco Paradelo na data 10/01/2020 13:52:22**

**Rosa Oubiña Solla na data 10/01/2020 13:52:35**

**Raquel Arias Rodríguez na data 10/01/2020 13:52:43**

**Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 10/01/2020 13:53:02**

**Carlos Gómez Salgado na data 10/01/2020 13:53:08**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 10/01/2020 13:53:19**

**Daniel Vega Pérez na data 10/01/2020 13:53:28**



## A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Marta Nóvoa Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez, Cristina Romero Fernández, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos

O Xacobeo é un evento singular e único no mundo que, cunha periodicidade coñecida, cada vez que é Ano Santo, celebra durante 365 días a pegada do Camiño de Santiago.

O Goberno de Galicia decidiu firmemente apostar polo Camiño de Santiago e configurar unha celebración laica, plural, e inclusiva para a celebración do Ano Santo de 1993.

Nacía, deste xeito, o Xacobeo, cuxo éxito abriu unha nova era para o Camiño e os Anos Santos.

Esta nova forma de entender o Camiño foi compartida por todas as Comunidades Autónomas polas que discorren o Camiño Francés e o Camiño do Norte así como polo goberno do Estado.

Tal é así, que as CCAA e o Estado decidiron dotarse dun instrumento de cooperación interadministracións como é o Consejo Jacobeo, creado ao abeiro do Real Decreto 1530/1991 para facilitar a colaboración e asegurar a axeitada execución dos programas que se ían executar no ano Santo de 1993.

Dende entón, o Consejo Jacobeo seguiu sendo ese foro de diálogo entre Administracións para determinar actuacións coordinadas no ámbito do Camiño e cuxo traballo cobra especial intensidade en cada Ano Santo.

Porén, malia que o Consejo Jacobeo teña creado un grupo de traballo para a celebración do Ano Santo 2021, o certo é que desde o Goberno de España hai unha escasa implicación para a configuración e o desenvolvemento dunha programación de alto nivel durante o Xacobeo 2021.





Esta escasa implicación é máis notoria no caso de Galicia, xa que, como destino e meta da ruta Xacobeá ten unha especial relevancia, pois centos de peregrinos e milleiros de turistas e visitantes transitarán pola nosa Comunidade.

Por todo iso o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para solicitar o seu compromiso e implicación para o deseño e execución da programación do Xacobeo 2021, determinando as actuacións e achegas económicas.”

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 10/01/2020 13:57:00**

**Maria Antón Vilasánchez na data 10/01/2020 13:57:18**

**Moisés Blanco Paradelo na data 10/01/2020 13:57:40**

**Marta Novoa Iglesias na data 10/01/2020 13:57:55**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 10/01/2020 13:58:10**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 10/01/2020 13:58:20**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 10/01/2020 13:58:37**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 10/01/2020 13:59:01**



## A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Marta Nóvoa Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez, Cristina Romero Fernández, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

## Exposición de motivos

O Goberno do Estado, xa sexa a través dos seus departamentos ministeriais ou a través da súa participación e presenza no Consejo Jacobeo, ten participado na celebración dos Xacobeos desde o Ano Santo de 1993, contribuíndo a potenciación da ruta xacobeana nas súas múltiples vertentes.

Así, para a celebración dos Xacobeos 1993, 1999, 2004 e 2010, o Goberno do Estado mantivo unha presenza activa nun marco de colaboración institucional.

A menos de 365 días, Galicia ten unha cita esperada cun novo Xacobeo, despois dun período de 11 anos sen celebrar esta efeméride, dende o goberno de Galicia se leva tempo traballando tanto na preparación dos Camiños de Santiago e todos os seus elementos materiais e inmateriais así como no Xacobeo.

Non podemos esquecer que o Xacobeo non é outra cousa que a manifestación civil do Xubileo, do xúbilo que viven os peregrinos cando rematan a súa peregrinación e chegan á meta do Camiño, á cidade de Santiago de Compostela.

Por iso, o Goberno da Xunta de Galicia consciente das expectativas e das olladas postas na nosa Comunidade, está deseñando un Xacobeo altamente participativo, dando presenza e voz tanto á sociedade civil como ás institucións públicas e outras Administracións.

E tendo en conta que estamos falando dun Camiño que afecta a maior parte do territorio nacional, cunha repercusión internacional espectacular, considérase que a Administración estatal, debe ter unha implicación explícita e relevante.

Por todo iso o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que se dirixa ao Goberno do Estado para solicitar o seu compromiso e apoio ao Xacobeo 2021, particularmente á súa celebración en Galicia, definindo medidas e actuacións concretas a desenvolver pola Administración Xeral do Estado para o Xacobeo 2021 así como as achegas directas que se determinen .”

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 10/01/2020 14:02:23**

**Maria Antón Vilasánchez na data 10/01/2020 14:02:43**

**Moisés Blanco Paradelo na data 10/01/2020 14:02:54**

**Marta Novoa Iglesias na data 10/01/2020 14:03:07**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 10/01/2020 14:03:21**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 10/01/2020 14:03:30**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 10/01/2020 14:03:48**

**Sandra Vázquez Dominguez na data 10/01/2020 14:04:03**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Teresa Porritt Lueiro, José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz adxunto e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:



1º) Publique no prazo máximo de tres meses os criterios empregados pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para o establecemento de convenios con determinados concellos galegos durante a X Lexislatura.

2º) Publique no prazo máximo de tres meses a totalidade dos convenios asinados pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural con determinados concellos galegos nesta X lexislatura con indicación do nome do Concello e a contía total recibida por cada un deles a través destes convenios.

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/01/2020 13:43:04**

**María Teresa Porrirt Lueiro na data 10/01/2020 13:43:21**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 10/01/2020 13:43:33**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2020 13:44:02**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, María Teresa Porritt Lueiro, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Julio Torrado Quintela e María del Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos

No mes de decembro tivemos coñecemento do documento de diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia de prevención de riscos da corrupción na Xunta de Galicia, elaborado polo Consello de Contas. Este documento é consecuencia da solicitude feita polo propio presidente do Goberno galego ao organismo autónomo, sendo o presidente quen facía gala da implantación de medidas de transparencia (como un Código Ético).

Ocorre que o Consello de Contas indica a lentitude e/ou pouca ambición do Goberno galego e critica a non admisión de denuncias anónimas ou o descoñecemento do grao de cumprimento daquel prometido Código Ético, ademais de considerar que existen importantes limitacións a subsanar nos mecanismos de control interno da Administración autonómica nos eidos de “información e comunicación” e “supervisión de actividades”. A crítica esténdese á non admisión de que calquera coñecemento dunha presunta irregularidade poida ser denunciado de xeito anónimo, cuestión que só se contempla para as denuncias de acoso laboral: *“Na nosa opinión, inclinámonos pola admisión das denuncias anónimas, sen prexuízo da aplicación dun sistema de garantías que preserve o adecuado equilibrio entre o anonimato e a esixencia de rigor por parte do denunciante”*, chega a dicir o organismo autónomo.

En relación co cumprimento do Código Ético, o Consello de Contas descoñece se se está a realizar o informe anual de seguimento sobre o seu nivel de cumprimento e critica que non se estableza un procedemento para a tramitación das violacións deste código e, sobre todo, que non exista un sistema de medidas de resposta.

Por último, o ente fiscalizador sinala que hai moito camiño por recorrer na avaliación dos posibles riscos de corrupción, onde a Xunta carece dun procedemento formal para a identificación e avaliación de riscos. Igualmente,



reclama avanzar na regulación dos grupos de interese (os coñecidos como *lobbies*) e aumentar o tipo de información que se ofrece sobre as axendas dos altos cargos, das que a Xunta só divulga os actos públicos pero non as reunións internas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, con relación á implantación de medidas de transparencia, a seguir as recomendacións do último Informe do Consello de Contas e acordar, antes de que remate a presente lexislatura, a:

1. Aprobar un programa de integridade institucional e prevención de riscos que articule os elementos de política de infraestrutura ética e de xestión de riscos e dote dunha armazón común a todos os centros da Administración e ás súas entidades dependentes para o desenvolvemento deses plans. Dentro do dito programa, serán prioritarias as seguintes medidas:

- a) De reforzo normativo da Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, especialmente habilitando a vía da denuncia como medio para comunicar situacións relacionadas coa corrupción e a integridade, admitindo as denuncias anónimas e regulando o un estatuto do denunciante e sen prexuízo da aplicación dun sistema de garantías que preserve o adecuado equilibrio entre o anonimato e a esixencia do maior rigor.
- b) De reforzo do marco de integridade, especialmente actualizando Código Ético e establecendo parámetros para avaliar anualmente o seu cumprimento, creando un Comité de Ética co propósito de coñecer e investigar as denuncias sobre comportamento ético e os dilemas éticos que se presenten nos servidores públicos e establecendo un plan de formación, capacitación e actualización para estes últimos.
- c) De prevención e xestión de riscos, especialmente mediante a elaboración por todas as Consellerías ou centros directivos dun plan de prevención de riscos de xestión (incluída a corrupción), nomeando en cada Consellería un órgano con autonomía funcional encargado da supervisión do seu funcionamento.



2. Avanzar na regulación dos grupos de interese (os coñecidos como *lobbies*) e incrementar o tipo de información que se ofrece sobre as axendas dos altos cargos da Xunta de Galicia.

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
María Teresa Porritt Lueiro  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Julio Torrado Quintela  
María del Carmen Rodríguez Dacosta  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez  
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 13/01/2020 10:02:17**

**María Teresa Porritt Lueiro na data 13/01/2020 10:02:36**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/01/2020 10:02:46**

**Julio Torrado Quintela na data 13/01/2020 10:03:05**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/01/2020 10:03:19**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/01/2020 10:03:30**







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

Centos de veciños e veciñas de Valeixe (A Cañiza) manifestáronse o pasado día 11 de xaneiro para reclamar a mellora da atención sanitaria na súa localidade, que se viu mermada pola xubilación do médico titular do centro de saúde da localidade.

Como consecuencia desta situación, máis de 700 pacientes quedaron sen atención médica no citado centro e desde o 2 de xaneiro víronse obrigados a desprazarse ao centro de saúde da Cañiza dous días por semana en horario de tarde, incrementando ao mesmo tempo a carga de traballo dos demais facultativos, que xa están saturados.

Esta solución é un parche completamente insuficiente, xa que as persoas que solicitan cita chegan a agardar 11 días para ser atendidas por un médico substituto que atende unha media de 40 pacientes nas dúas horas de consulta.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta ao goberno galego a cubrir con urxencia o posto de médico de familia do centro de saúde de Valeixe (A Cañiza), coa finalidade de garantir unha





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

atención sanitaria de calidade ás 700 pacientes que viñan sendo atendidas no citado centro.”

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2020

**Asdo.: Luis Bará Torres**  
**Noa Presas Bergantiños**  
**Olalla Rodil Fernández**  
**Montserrat Prado Cores**  
**Xosé Luis Rivas Cruz**  
**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 13/01/2020 10:53:28**

**María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2020 10:53:37**

**Noa Presas Bergantiños na data 13/01/2020 10:53:44**

**Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2020 10:53:53**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 13/01/2020 10:54:01**

**Ana Pontón Mondelo na data 13/01/2020 10:54:08**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á situación da empresa Unitono en Ourense e ao cumprimento dos acordos parlamentarios relativos á mesma e ao sector do telemárketing.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que no mes de abril de 2019 o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivera coñecemento da delicada situación da empresa Unitono en Ourense debido ás ameazas de deslocalización foron diversas as iniciativas rexistradas e debatidas ao respecto.

Cómpre recordar que xa no ano 2013 esta plataforma de Unitono atravesou por unha situación complicada que culminou un ERTE despois do que, grazas ao sobreesforzo do cadro de persoal, a empresa continuou a súa actividade. No mes de abril o Comité coñeceu como viña de abrir unha nova Plataforma en Reus e estaban a desviar carga de traballo para alí e para Colombia, e mesmo atoparon ofertas de emprego en portais de internet onde incluso valoraban positivamente o coñecemento de galego. Esta situación confirmou as sospeitas do Comité de empresa, que iniciou mobilizacións e contactos con todo tipo de colectivos, partidos políticos e institucións.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O BNG impulsou iniciativas de diversa índole, tamén no Parlamento Galego, impulsando no Pleno deste un acordo unánime froito da xenerosidade de todos os grupos o pasado 30 de abril de 2019 co seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego as seguintes actuacións:

1.-Realizar as xestións oportunas co fin de determinar as razóns das intencións de deslocalización e a situación da empresa en Ourense e poñer a disposición a colaboración da Xunta de Galicia coa finalidade de manter a actividade da empresa Unitono na súa plataforma situada no Parque Tecnolóxico de Ourense.

2.- Realizar as xestións con Gas Natural Fenosa-Naturgy a fin de exixir que garanta a carga de traballo necesaria para o mantemento da empresa e dos postos de traballo actualmente existentes.

3.-Constituír unha mesa de traballo plural na que se garanta a representación do Comité de Empresa, coa finalidade de desenvolver a colaboración para as actuacións necesarias para asegurar carga de traballo para manter a actividade e os postos de traballo, evitando deste xeito a súa deslocalización.

4.- Presentar no actual período de sesións un estudo onde se analice a situación do sector dos centros de chamadas así como as necesidades para garantir a súa viabilidade, o seu futuro e o emprego en Galiza.”

Ademais de incumprir estes acordos, a Xunta de Galiza continúa coa súa estratexia de ouvidos xordos e de practicar a desregulación. Neste contexto, no mes de setembro coñeceu a compra de Unitono por parte dun fondo chinés, o que engade nova preocupación.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Finalmente, no mes de novembro a empresa Naturgy rompeu todo vínculo contractual con Unitono, deixando o cadro de persoal nunha situación delicada agravada pola compra de GSS e pola previsible insuficiencia dos novos contratos adquiridos polo seu carácter comercial e temporal.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego considera necesario o compromiso da Xunta de Galiza a prol do mantemento dos postos de traballo e considera que unha eventual deslocalización desta empresa sería especialmente grave, e en consecuencia presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a abrir unha mesa de negociación directa cos traballadores e traballadoras e co comprador de Unitono para manter os postos de traballo localizados en Ourense así como a encargar aos servizos xurídicos un estudo sobre as condicións legais da operación de compra.”

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 13/01/2020 12:56:42**

**Xosé Luis Bará Torres na data 13/01/2020 12:56:49**

**María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2020 12:56:56**

**Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2020 12:57:06**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 13/01/2020 12:57:13**

**Ana Pontón Mondelo na data 13/01/2020 12:57:22**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda**, a iniciativa dos seus deputados **Luca Chao e Antón Sánchez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a situación de EMESA

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o ano 2008, no que chegou a contar con 300 traballadores, a empresa EMESA (Elaborados Metálicos S.L) comezou unha cadea de despedimentos e expedientes de regulación de emprego que provocaron a diminución permanente do cadro de persoal, que conta hoxe, en mans de Soil Recovery, con case 90 persoas empregadas.

Emesa é considerada un dos mellores fabricantes de estrutura atornillada a nivel internacional, especializada na enxeñería, fabricación e montaxe de solucións, está presente en recoñecidas firmas e infraestructuras de A Coruña, España e o resto do mundo, como a nova planta de biomasa de Curtis-Teixeiro a ampliación de Rande, a Filarmonía de París ou a intermodal de Lisboa.

Foi a principios deste mes de decembro cando o propietario comunicou á plantilla, que leva dende setembro sen cobrar, a entrada en concurso de acredores e a ameaza dun ERE extintivo que levaría ao peche da fábrica.





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Isto malia que en catro anos, o propietario Grupo Soil recibiu catro millóns de euros públicos. Cifra que segundo os datos contabilizados pola CIG, se dividiron da seguinte maneira: 500.000 euros do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), 580.000 euros de XesGalicia e 2,9 millóns de euros procedentes do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial (CDTI).

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Adoptar as medidas necesarias para facilitar o mantemento dos postos de traballo na factoría de Coirós.
2. Vincular as axudas públicas a empresas ao mantemento dos postos de traballo.

Santiago de Compostela, a 13 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Luca Chao Pérez.

Antón Sánchez García.

Vicevoceira e vicevoceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 13/01/2020 14:03:03**

**Antón Sánchez García na data 13/01/2020 14:03:13**



## Á Mesa Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa dos seus deputados **María Julia Rodríguez Barreira, Jaime Castiñeiras Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Gonzalo Trénor Lopez e Daniel Varela Suanzes-Carpegna** abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en pleno.**

### Exposición de Motivos:

Son varias as ocasións nas que este Grupo Parlamentario ten solicitado a mellora das infraestruturas, as frecuencias e os servizos ferroviarios en Galicia.

Nos últimos tempos, estanse a producir unha sucesión de avarías constantes nas liñas ferroviarias galegas e de modo especial, naquelas que conectan Galicia con Madrid e Barcelona.

Esta sucesión e reiteración de avarías revela un abandono das infraestruturas e unha falta de mantemento e conservación do material rodante, que vén provocando retrasos importantes e molestias considerables aos usuarios do ferrocarril en Galicia.

As avarías sucédense nos últimos meses: a principios de agosto de 2019, preto de 500 pasaxeiros do tren Madrid-Galicia víronse afectados con retrasos de dúas horas, e trasladados a destino en autobús. Poucos días despois, varios días consecutivos de avarías afectaban a outros 200 viaxeiros provocando outra vez preto de dúas horas de retrasos e trasladados a destino en autobús.

As avarías sucedéronse en outubro e novembro en distintas liñas. O 8.11.2019: o golpe contra unhas pedras de grandes dimensións en Rubiá (Ourense) provocan unha avaría no tren de Madrid a Ferrol, que provocou un retraso aos viaxeiros de dúas horas. Poucos días despois, o 16.11.2019, dous trens con destino a Santiago foron suspendidos por unha avaría nunha catenaria. 160 pasaxeiros proseguiron a súa viaxe en autobús cun retraso de máis de hora e media.

A situación vai a peor e a sucesión de avarías no mes de decembro, dá conta do estado de abandono e falta de conservación das infraestruturas e material ferroviario en Galicia: o 18 de decembro, producíase un derrubamento dunha trincheira, cortando a circulación en Barra de Miño-Peares. O día 24 producíase a rotura dunha catenaria que obrigou a cortar o servizo entre Valdeorras e Ponferrada, afectando a 6 trens de longo e curto recorrido. O día 26, unha avaría nun tren obriga a transportar en autobús ata Ourense a pasaxeiros que viaxan dende A Coruña e Santiago. O 27 de decembro, a avaría dunha catenaria, deixaba parado o tren de Barcelona con 140 pasaxeiros, que foron trasladados por estrada, despois de esperar varias horas a moi baixas temperaturas, pola dificultade da súa evacuación.

**Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63**  
**15701 Santiago de Compostela**  
**T. 981 551 510 F. 981 551 422**  
**gp-pp@parlamentodegalicia.es**  
**www.ppdegalicia.com**



O pasado 2 de xaneiro, unha avaría no radiador da máquina do tren Talgo obrigou a suprimir o tren entre Sarria e A Coruña trasladando aos pasaxeiros en autobús.

As avarías e incidencias sinaladas, que citamos por ser as máis relevantes, pero non as únicas que se repiten de modo constante nos últimos meses, teñen que ver co material rodante, con avarías nas máquinas, nos pantógrafos, teñen que ver coas instalacións e infraestruturas, como faltas de tensión e roturas das catenarias, e mesmo coa seguridade dos noiros que delimitan as vías, que acusan a falta de conservación e representan un risco importante, considerando a climatoloxía dos últimos meses.

Este abandono no mantemento e na conservación do material, das infraestruturas e das instalacións ferroviarias, que se está producindo, ten provocado retrasos e molestias ademais doutros prexuízos de todo tipo para os usuarios.

Por todo o anterior, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia formulan a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno do Estado, concretamente ao Ministerio de Movilidad, Transportes y Agenda Urbana.:

- Que Renfe leve a cabo as actuacións de conservación e mantemento necesarias no material rodante ferroviario que circula en Galicia e que une Galicia co resto do Estado, e que, de ser preciso, proceda á súa renovación e modernización, a fin de garantir que este material sirva en condicións óptimas ao uso que lle é propio.

- Que ADIF leve a cabo as actuacións de conservación e mantemento necesarias nas infraestruturas ferroviarias, nos noiros e naqueles elementos relevantes para a súa seguridade en Galicia, a fin de garantir que sirvan en condicións óptimas para o uso que lle é propio, evitando riscos innecesarios para o transporte ferroviario, tanto de viaxeiros como de mercadorías”.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 13/01/2020 14:05:41**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 13/01/2020 14:05:54**

**Jaime Castiñeira Broz na data 13/01/2020 14:06:06**

**Martín Fernández Prado na data 13/01/2020 14:06:18**

**Jacobo Moreira Ferro na data 13/01/2020 14:06:35**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Antonio Mouriño Villar na data 13/01/2020 14:06:54**

**Gonzalo Trenor López na data 13/01/2020 14:07:08**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 13/01/2020 14:07:18**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSV: BOPGDSPGdEaxmjoqC8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Teresa Porritt Lueiro e Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz adxunto e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Unha vez pechado o exercicio económico 2019, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

1º) Elabore, no prazo dun mes, un documento que permita ter unha visualización das transferencias totais recibidas por cada unha das entidades locais galegas durante o exercicio 2019. Este documento debe ser colgado na *web* da Xunta de Galicia e entregado aos grupos parlamentarios para o seu coñecemento e debate.

2º) Elabore, no primeiro trimestre de 2020, un documento que permita ter unha visualización das transferencias totais recibidas por cada unha das entidades locais galegas nesta X Lexislatura. Este documento debe ser colgado na *web* da Xunta de Galicia e entregado aos grupos parlamentarios para o seu coñecemento e debate.

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/01/2020 17:20:44**

**María Teresa Porritt Lueiro na data 13/01/2020 17:21:06**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 13/01/2020 17:21:18**





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 14/01/2020 09:30:00  
**Nº Rexistro: 61454**  
Data envío: 13/01/2020 17:45:51.195

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/01/2020 17:21:33**

CSV: BOPGDSPGdEaxmjoqC8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e María Teresa Porritt Lueiro, a través do portavoz adxunto e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

1º) Publique, no prazo máximo de tres meses, a totalidade dos convenios asinados pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza con determinados concellos galegos nesta X lexislatura con





indicación do nome do Concello e a contía total recibida por cada un a través destes convenios.

2º) Publique, no prazo máximo de tres meses, os criterios empregados pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para o establecemento de convenios con determinados concellos galegos nesta X lexislatura.

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/01/2020 17:24:10**

**María Teresa Porritt Lueiro na data 13/01/2020 17:24:31**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/01/2020 17:24:43**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Pierres López e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz adxunto e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Xunta de Galicia vén convocando nos últimos anos axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais galegos coa finalidade de *“mellorar os servizos e o acondicionamento de infraestruturas existentes ou de nova incorporación co fin de que as empresas radicadas nos parques empresariais de Galicia poidan dispoñer de condicións máis competitivas para desenvolver a súa actividade económica”*.

Os beneficiarios destas axudas son os concellos que realizan investimentos, dentro do seu ámbito territorial, de acordo co obxecto da orde, para a habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais implantados no seu termo municipal ou nos termos municipais limítrofes.

E as actuacións subvencionables, establecidas nas ordes nas que se establecen as bases reguladoras, son para plantas de depuración de augas, xestión de residuos dentro do parque empresarial, infraestruturas viarias, instalación de sistemas de seguridade e vixilancia dentro do parque empresarial, instalacións comúns de equipamentos e sistemas de protección destinados á loita contra incendios dentro do parque empresarial e para a instalación de sistemas contra o roubo de cable dentro do parque empresarial.

O Presidente da Xunta de Galicia acaba de anunciar novas axudas para concellos neste 2020, para apoiar unha trintena de iniciativas cun orzamento de 7,9 M€ a través de 3 liñas de axudas: as axudas destinadas á mellora das infraestruturas dos parques industriais cun orzamento de 2,5 M€ para un total de 21 proxectos; as axudas para apoiar os gastos necesarios para a construción, reforma e/ou equipamento interior de naves industriais co fin de crear viveiros empresariais cun orzamento de 1M€ para 5 proxectos co límite de 240.000 euros por solicitude; unha nova liña para o reforzo e extensión das redes de distribución eléctrica cun orzamento de 4,4 M€ entre os anos 2020 e 2021 para 5 polígonos cun máximo de 1 M€ por solicitude.



Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que:

1º. No prazo máximo dun mes publique na páxina *web* da Consellería de Economía, Emprego e Industria o censo de solo industrial de Galicia.

2º. No prazo máximo dun mes publique na páxina *web* da Consellería de Economía, Emprego e Industria a avaliación das necesidades, así como as propostas de actuación nos parques empresariais de Galicia, elaborados polo Observatorio do Solo Empresarial de Galicia.

3º. No prazo máximo dun mes publique na páxina *web* da Consellería de Economía, Emprego e Industria o listado de polígonos industriais de Galicia que contan con rede de banda larga ultrarrápida dentro do Plan de Banda Larga de Galicia 2020.

4º No prazo máximo dun mes publique na páxina *web* da Consellería de Economía, Emprego e Industria un informe sobre o desenvolvemento do Plan de Banda Larga de Galicia 2020, así como a súa remisión aos grupos parlamentarios galegos.

5º. Publique na páxina *web* da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no prazo máximo dun mes, os informes emitidos polo Observatorio do Solo Empresarial de Galicia, así como a súa remisión aos grupos parlamentarios galegos.

6º. Publique na páxina *web* da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no prazo máximo de un mes, as entidades, asociacións, empresas e/ou persoas que forman parte do Observatorio do Solo Empresarial de Galicia.

7º. Constitúa no prazo máximo dun mes unha mesa de traballo na que estean representados a Xunta de Galicia, os Concellos galegos que contan con algún parque empresarial no seu termo municipal e as asociacións de parques empresarias de Galicia co fin de elaborar un Plan galego de desenvolvemento do solo empresarial.

8º. Estableza unha liña de axudas ás asociacións, comunidades ou entidades de parques empresarias para a mellora dos parques empresariais xestionados por eles.



9º. Proceda ao cambio de dependencia orgánica da xestión do solo empresarial de Galicia, así como de xestión do solo de Galicia Xestur, S.A á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/01/2020 17:13:33**

**María Luisa Pierres López na data 13/01/2020 17:13:55**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/01/2020 17:15:12**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/01/2020 17:15:33**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos

Os e as socialistas amosamos xa en moitas ocasións, a nosa preocupación pola ausencia dun proxecto estratéxico que sexa o mellor para a integración da Alta Velocidade en Ourense. Un proxecto que deba influír de xeito positivo na situación socioeconómica na que se atopa Ourense, e que en lugar de ser unha gran oportunidade para todos e todas, pode converterse nun gran foco de crispación e molestias para a veciñanza.

Foron de gran importancia os avances e compromisos acadados tanto co Ministerio de Fomento coma co propio ADIF en materia de comunicacións relativas á alta velocidade ferroviaria dende 2007-2015:

- A consecución da variante exterior no ano 2008.
- A sinatura do Protocolo para a execución das obras de chegada do AVE a Ourense entre o Ministerio de Fomento, o Adif, Renfe e o Concello de Ourense no 2011, que incluía o anexo de financiación detallada, e a variante exterior, así como as actuacións nos núcleos periurbanos: Seixalbo, Oira, Mende, Peliquín...
- A elaboración do estudio municipal das transformacións urbanísticas derivadas da chegada da alta velocidade ao Concello de Ourense no 2012.
- O concurso de ideas para a adxudicación do Anteprojecto da Estación Intermodal de Ourense no ano 2013.

Todo o anteriormente exposto naceu froito do aval e o consenso entre a daquelas equipa de Goberno municipal do PSdeG e o BNG, o Goberno de España, Adif e Renfe, así como polo Colexio de Arquitectos de Ourense.

Pero no 2016 ráchase este consenso coa sinatura dun convenio marco no que agora si se incorpora a Xunta de Galicia, que se opuxera a participar anteriormente no protocolo de 2011, e que se diferencia do anterior documento no



seguinte:

- Non se contemplan nin variante exterior, nin actuacións nos núcleos periurbanos, nin anexo de financiación detallada.
- Incorporárase a problemática do trazado provisional.
- Pérdese a intermodalidade real co cambio de situación da nova estación de autobuses.
- Modifícase por completo, sen ningún tipo de concurso público, o anteproxecto gañador de 2013 “As Burgas 11.11.11” argumentando que era demasiado caro, e o presentado a posteriori resulta ser máis caro que o anterior para a súa execución.

Faise necesaria unha proposta de mellora do actual convenio ou redacción dun novo a través da comisión de seguimento na que están representados Fomento, a Xunta de Galicia, o Concello de Ourense, e o propio Adif; dadas as carencias do que está vixente, e tamén a perda ou modificación de elementos esenciais que considerabamos que podían ser resoltos, sen demora nos prazos.

O rexeitamento a este proxecto tense amosado non soamente por parte do Colexio Oficial de Arquitectos de Ourense, senón tamén por parte da veciñanza que se mobilizou xa en varias ocasións nos pasados meses, motivada entre outras cuestións pola situación da futura estación de autobuses que rodeará o centro de saúde da Ponte, e desbordará o tráfico na rúa Eulogio Gómez Franqueira e arredores.

Os e as socialistas coincidimos co necesario cumprimento dos prazos de chegada do tren de Alta Velocidade a Ourense, pero tamén con que agora é máis necesario ca nunca recuperar a racionalidade no modelo definitivo de reordenación e integración urbana para a cidade de España na que máis aumentou o tránsito de viaxeiros nos últimos 4 anos (en torno a 1 millón de viaxeiros), un dato máis que significativo de cara ao futuro, e tamén, por outro lado, a única estación de Galicia á que non se destinaron melloras en canto ao previsto inicialmente senón máis ben todo o contrario. O proxecto de chegada do AVE é estratéxico para o desenvolvemento do Ourense das vindeiras décadas, mais no caso de que o convenio marco de 2016 se manteña e non sexa reformulado ou mellorado, tanto os responsables municipais de Ourense dos últimos anos, coma o goberno de Feijoo, serán os responsables de ter hipotecado a cidade cunha solución pouco idónea e irreversible.



Ademais, está pendente aínda de definir, o futuro uso que se lles dará aos terreos nos que se sitúa a actual estación de autobuses de Ourense. Os veciños e veciñas da contorna da estación de autobuses, a través da Asociación de Veciños “As Termas”, amosaron en numerosas ocasións a súa preocupación a medida que avanza o proxecto de traslado da mesma á futura Estación Intermodal do AVE, polo destino do futuro do solar no que se sitúa na actualidade esta infraestrutura.

Na zona da estación de autobuses residen preto de 1.000 persoas, nos bloques de vivendas sociais situadas ao lado da estación, que se verán afectadas de xeito directo polos usos urbanísticos que se prevén para o desenvolvemento da zona.

Antes da construción no seu día da actual estación de autobuses de Ourense, procedeuse á sinatura dun contrato de cesión do solar por parte do promotor das vivendas sociais da zona ao Concello de Ourense establecendo como uso para o solar precisamente o de ser a central de conexión de liñas de autobuses que ata o de agora coñecemos, xestionado na actualidade pola Xunta de Galicia. No PXOM, a zona actualmente ocupada pola estación de autobuses, recóllese como Zona Verde / Espazo Libre, polo cal permitiría sen ter que executar ningún tipo de modificación urbanística ou de uso, a execución dun proxecto redactado a efectos de construír un parque público para uso e disfrute dos veciños da zona, que sexa complementario aos existentes na zona (Parque do Peco e Traseiras do Centro Cívico da Ponche, Parque de San Rosendo, Parque de Xesús Pousa, etc.) e que poida estar dotado de zonas novidosas e de espaxamento para a veciñanza do barrio, e por extensión de toda a cidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Comprometerse de maneira urxente a estudar nun prazo de tres meses, alternativas para o cambio de situación da nova estación de autobuses de Ourense.
2. Impulsar ao Concello de Ourense, a través da comisión de seguimento das obras, a defender os dereitos da veciñanza e dos viaxeiros e viaxeiras, en canto a melloras na reorganización do tráfico rodado, accesibilidade e seguridade no tránsito de peóns e vehículos cara á estación, e tamén na conservación das especies arbóreas que se puideran ver afectadas no transcurso das obras.



3. Facer todos os trámites precisos, en colaboración co Concello de Ourense, para que unha vez trasladada a actual estación de autobuses, se poida materializar unha nova cesión para a construción dun parque público nesa contorna.

B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar o Goberno de España a convocar de maneira urxente á comisión de seguimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento da futura estación intermodal de Ourense e o seu entorno urbano co fin de proceder á redacción dun novo convenio ou modificación do actual, onde se recollan os seguintes compromisos e actuacións vitais para a chegada do AVE á nosa cidade:

1. Anexo de financiación detallada de todas as actuacións e obras a acometer, onde apareza reflexado o compromiso de todas as administracións e entes participantes no mesmo e a súa contía.
2. O desenvolvemento efectivo da variante exterior do AVE.
3. A afectación dos núcleos situados no entorno periurbano polas obras derivadas da chegada da Alta Velocidade a Ourense: Seixalbo, Oira, Mende, Peliquín, etc.
4. Un proxecto de estación intermodal de porta de entrada a Galicia de calidade e adaptada ás necesidades de integración urbana da nosa cidade, sen que isto supoña ningún tipo de retraso na chegada da Alta Velocidade a Ourense.

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 14/01/2020 09:39:29**

**María Luisa Pierres López na data 14/01/2020 09:40:05**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 14/01/2020 09:40:18**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/01/2020 09:40:31**





## Á MESA DO PARLAMENTO

O grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, a iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo** e do seu deputado **Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**

O compromiso coa conciliación é un dos logros do movemento feminista que pouco a pouco foi calando na sociedade como unha cuestión de xustiza social básica.

Son as administracións públicas as primeiras que deben dar exemplo neste tipo de cuestións que atinxen en grande medida ás persoas traballadoras.

Ademais disto a conciliación da vida laboral e persoal debería estenderse a diferentes facetas da vida das persoas. Comezouse dándolle un peso especial á atención a fillas e fillos, sendo unha necesidade evidente a que ten que ver coa conciliación da vida familiar.

Pero, non podemos esquecer como a carga de coidado de persoas vai mais aló da atención a fillas e fillos, senón que tamén é imprescindible facilitar os coidados das persoas maiores ou outras persoas dependentes.

Ademais das demandas habituais de servizos de atención para maiores públicos e de calidade, é de xustiza implementar medidas de conciliación nos que as



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

persoas con maiores e outras persoas a cargo podan acceder desde o seu traballo, e mais cando se trata de funcionariado público.

A administración xeral do estado o contempla, pero é na Xunta de Galicia onde vimos unha grande eiva neste sentido, por exemplo, nos concursos de traslado onde se incorporan criterios para persoas con parella funcionaria ou que teñan fillos ou fillas escolarizados e non se inclúe o coidado de maiores ou outras persoas dependentes a cargo. Como aconteceu na RESOLUCIÓN do 25 de novembro de 2019, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se convoca concurso ordinario para a provisión de postos de traballo vacantes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo isto preséntase a seguinte Proposición Non de Lei:

1. Incorporar medidas de conciliación nos procedementos de contratación de persoal, así como nos concursos de traslado que teñan en conta o coidado e atención de maiores e persoas dependentes a cargo.
2. Elaboración de inmediato do Plan de Igualdade da Xunta de Galicia onde se incorporen medidas de conciliación reais para os e as traballadoras públicas de Galicia.

Santiago de Compostela, a 14 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Deputada e deputado do G. P. Grupo Común da Esquerda.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Vicevoceira do G. P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 14/01/2020 12:20:30**

**Marcos Cal Ogando na data 14/01/2020 12:20:39**

**Luca Chao Pérez na data 14/01/2020 12:21:39**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araújo**, deputada do grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, solicita que se faga unha corrección de erros nos documentos con número de rexistro de entrada: **61493, 61494, 61810 y 61811**.

Débase substituír a expresión “Por todo isto preséntase a seguinte Proposición Non de Lei” pola expresión “Por todo isto, o Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a”.

Santiago de Compostela, a 17 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo.

Luca Chao Pérez.

Deputada e voceira do G. P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 17/01/2020 13:00:22**

**Luca Chao Pérez na data 17/01/2020 13:00:29**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, por iniciativa dos seus deputados **Francisco Casal Vidal, Davide Rodríguez Estévez e Luis Villares Naveira** e da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, relativa á promoción e implantación nas pesquerías galegas e empresas de elaborados pesqueiros do certificado MSC (Marine Stewardship Council)

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A pesca sustentable defínese como o conxunto de prácticas orientadas a manter a poboación das especies mariñas nuns niveis óptimos para garantir a súa supervivencia, respectando a súa contorna natural. Caracterízase por:

- O respecto aos ecosistemas mariños.
- A protección das especies en perigo.
- Utilizar artes de pesca avanzadas e selectivas.
- Manter as poboacións nuns niveis saudables.
- Minimizar o consumo de enerxía durante o proceso de pesca.
- Informar correctamente ao consumidor.
- Crear conciencia social.



O selo de Marine Stewardship Council (MSC) é un estándar internacional de maior garantía e prestixio para a pesca sustentable e a trazabilidade dos produtos pesqueiros. Segundo datos da propia organización, máis de 389 pesquerías incorporáronse ao seu programa. A nivel mundial, máis de 23.000 produtos do mar portan esta ecoetiqueta.

MSC axuda aos consumidores a identificar o peixe capturado de forma respectuosa co medio ambiente. Recentemente, puxeron a disposición do consumidor un buscador online de produtos que contan con este selo.

Obter este selo significa que se está cumprindo coa norma máis recoñecida do mundo en materia de sustentabilidade: o Estándar de Pesqueiras de MSC, o cal está baseado no código de conduta para a pesca responsable fixado pola Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO) e foi desenvolvido tras consultar cun conxunto de organizacións e representantes de gobernos, universidades, investigadores, industria pesqueira e ONGs de todo o mundo.

A certificación de MSC confirma que a súa pesqueira está ben xestionada e que está a salvagardar os recursos mariños e medios de vida que dependen da pesca para as xeracións futuras

A pesca sustentable axuda a xerar e manter emprego a nivel local, rexional e global. É unha garantía cada vez máis valorada polos consumidores, o que achega valor ás empresas que comercializan os seus produtos con este selo.

En España 120 empresas certificaron a súa trazabilidade para poder comprar e vender produtos co selo azul de MSC.

Ante a situación mencionada na exposición de motivos o Grupo Parlamentario Mixto considera que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin preséntase a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:



1.- Desenvolver un programa específico para promocionar a consecución do selo MSC entre as pesquerías galegas e as empresas de procesado de produtos pesqueiros.

2.- Dotar orzamentariamente de maneira axeitada e suficiente partidas dedicadas a esta actividade.

3.- Priorizar nas convocatorias de axudas as empresas galegas de pesca ou elaboración de produtos pesqueiros a aquelas que teñan o selo MSC.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputados, deputada e voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 14/01/2020 12:54:04**

**David Rodríguez Estévez na data 14/01/2020 12:54:15**

**Paula Vázquez Verao na data 14/01/2020 12:54:22**

**Luis Villares Naveira na data 14/01/2020 12:54:32**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao e Ánxeles Cuña**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás obras pendentes de rematar no CEIP fogar de Carballo.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un ano máis o inicio do curso escolar en Galicia vese salpicado polos incumprimentos da Xunta de Galicia. Incumprimentos no tocante a infraestruturas, con obras sen rematar, unidades pechadas, menos docentes, en definitiva, recortes. Recortes, por suposto, na calidade da educación que reciben as nenas e nenos de Galicia.

No que se refire ás infraestruturas comezamos un curso máis con obras sen rematar pola mala planificación da consellería que pretende que miles de nenas e nenos entren en aulas nas que non foron quen de rematar as obras.

Máis de tres meses despois do inicio do curso escolar preocupa especialmente o caso do CEIP Fogar de Carballo, que xa comezara as obras un mes máis tarde do programado e onde as obras continúan e distan de estar rematadas. Todo o contrario, a situación de temporal vivida nos últimos días agravou a situación ata o punto de ter que suspender as aulas por inundacións no centro.





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Falamos dunha obra de magnitude importante que inclúe cambio de ventás, iluminación, traballo na fachada e no tellado e que, polo tanto, era preciso que fora planeada e acometida en período non lectivo.

Ante esta situación, o Parlamento insta á Xunta de Galicia a

1. Asegurar o remate da obra no menor prazo posible
2. Comprometerse á realización das obras necesarias fóra do horario lectivo
3. Garantir que as obras de mellora nos centros escolares se celebren nos períodos non lectivos

Santiago de Compostela, a 14 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Luca Chao Pérez.

Ánxeles Cuña Bóveda.

Vicevoceira e deputada do G. P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 14/01/2020 12:59:45**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/01/2020 12:59:51**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia machista continúa a ser unha das principais preocupacións da sociedade galega pola súa preeminencia e polos pasos dados adiante pola propia sociedade e polo feminismo galego autoorganizado, que se ten traducido nunha meirande conciencia.

Ao longo de 2019 Galiza, e tamén outros pobos do Estado español, volvían vivir asasinatos machistas que fixeron saltar a alarma social. A estes feitos únense unha longa lista de acontecementos recentes que non son unha excepción, senón que son habituais na nosa realidade máis achegada, e que nos recordan a necesidade de apostar por máis medidas para unha transformación social urxente que debilite o sistema patriarcal que nos violenta e asasina.

Recordamos, por exemplo, ademais das respostas aos feminicidios, novos concursos sexistas que tiveron que ser cancelados por presión social, denuncias por agresións sexuais en festas e festivais, agresións verbais aos puntos lilás de moitos eventos, sentenzas patriarcais, puntos de encontro con condicións inadecuadas e, unha vez máis, pechados no mes de agosto ou problemas coa rede de casas de acollida ao





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

tempo que o tan publicitado Pacto de Estado é un titular máis do que unha realidade (sen supoñer aínda un só cambio legal relevante para as mulleres galegas) e o cumprimento da Lei galega de 2007 está a ser sistematicamente vulnerado en cuestións tan importantes como a atención psicolóxica dentro da Atención Primaria.

Son moitos os sinais de alerta dunha situación insoportábel e que non se arranxa con medidas cosméticas como posicionamentos puntuais nas efemérides ou xestos exclusivamente simbólicos e baleiros de contido e compromiso. As administracións teñen unha responsabilidade que debe cumprirse, corrixir o que non funciona e incrementar as actuacións.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1. levar a cabo un incremento substancial dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero que, como mínimo, deben situarse no 1% dos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2021 así como a deixar de incumprir a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero comprometendo os recursos persoais e económicos necesarios para paliar os efectos negativos do seu incumprimento e da política económica aplicada durante a década Feijóo.

2. Demandar do goberno central as seguintes medidas urxentes:

a) o incremento cando menos no dobre as contías destinadas á administración local para o vindeiro exercicio económico, procurando os mecanismos legais oportunos





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

para garantilos con independencia da situación política estatal e da existencia ou non de novos orzamentos

b) a reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país como son a dispersión, o alto número de entidades de poboación e o avellentamento para que Galiza deixe de estar discriminada a ese respecto.

c) impulsar as medidas oportunas para deixar de incumprir o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller (Convenio de Istambul).”

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 14/01/2020 13:22:24**

**Xosé Luis Bará Torres na data 14/01/2020 13:22:31**

**María Montserrat Prado Cores na data 14/01/2020 13:22:38**

**Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2020 13:22:46**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 14/01/2020 13:22:55**

**Ana Pontón Mondelo na data 14/01/2020 13:23:03**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas décadas, asociacións de diversa índole, concellos e veciñas en xeral da comarca da Baixa Limia, veñen presentando iniciativas variadas, diante das diferentes institucións deste país, na procura de mudar a situación de abandono na que se atopa este territorio.

Particularmente, teñen demandado a recuperación do proxecto de continuación da autovía de Celanova – inicialmente “suspendido” para despois ser “anulado”- para garantir unha adecuada e mellorada conexión coa fronteira Portuguesa, a través de Lindoso, conexión que permite achegar unha poboación potencial de cerca de 3 millóns de persoas pertencentes aos distritos de Porto-Braga e Viana, en Portugal.

Por exemplo, no ano 2013 após o decreto que anulaba as expropiacións do tramo Vereas-Lobios, PLABALI convocaba unha caravana de coches de Lobios a Vereas en protesta por esta situación. Máis recentemente, no pleno de decembro de 2017, o pleno da Deputación de Ourense aprobou, por unanimidade, demandar da Xunta de Galiza compromisos firmes para conectar Galiza e Portugal. Case un ano despois, novamente once alcaldes do parque transfronteirizo Gerês-Xurés, os ourensáns de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños e os portugueses de Arcos de Valdevez, Melgaço, Montalegre, Ponte da Barca e Terras de Bouro, reivindicaban a mellora das comunicacións entre a autovía celanovesa AG-31 e la IC-28 en Ponte da Barca, a través da fronteira de A Madalena. Así mesmo, este Grupo Parlamentar ten presentado numerosas emendas aos orzamentos da Xunta de Galiza sobre esta cuestión.

Na memoria económica dos Orzamentos de 2020 aprobados definitivamente pola Cámara galega en decembro de 2019 unha vez máis este proxecto non aparecía, tampouco ningún de mellora deste tramo. Porén, nese mesmo mes puidemos ver anuncios de Feijóo e tamén da conselleira Ethel Vázquez ao respecto, que ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego lle parecen insuficientes. Mesmo o que semellaban actos de partido, como o desenvolvido no día 30 de decembro cos alcaldes de alcaldes de Bande, Entrimo, Lobeira, Muíños e a rexedora de Lobios e deputados do PP no Congreso, ao que singularmente non se convidou, por exemplo, a outros alcaldes afectados como é o de Vereá.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1- Estudar retomar o proxecto de execución da segunda fase da estrada OU-540, desde o remate da actual autovía en Celanova (Casal do Bispo), ata a fronteira da Madalena, no límite do concello e Lobios, tal como estaba contemplado no decreto 396/2009, do 8 de outubro, polo que se declarou a utilidade pública e se dispuxo a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado do eixo de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

comunicación A-52f fronteira portuguesa. Treito I VAC a-52-Celanova sul e treito II Celanova sul-fronteira portuguesa.

2. Constituír unha mesa de traballo para estudar o proxecto que finalmente se levará a cabo na que se dea participación a todos os concellos afectados sen exclusión das comarcas de Celanova e Baixa Limia.”

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 14/01/2020 13:50:42**

**Xosé Luis Bará Torres na data 14/01/2020 13:50:49**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 14/01/2020 13:50:56**

**Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2020 13:51:03**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 14/01/2020 13:51:11**

**Ana Pontón Mondelo na data 14/01/2020 13:51:19**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco e María do Carmen Rodríguez Dacosta, a través do portavoz adxunto e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Na información aos medios colgada na páxina *web* da Xunta de Galicia sobre os acordos adoptados no Consello da Xunta desenvolvido o 19 de decembro de 2019, informase que a Xunta de Galicia “Ten orzados preto de 102 millóns de euros ata 2021 a través do Plan de formación para contar cunha Galicia máis preparada”, que se concretarán en máis de 3.000 cursos para mellorar a cualificación e impulsar a empregabilidade de preto de 35.500 galegos dirixido ás persoas mozas incluídas no ficheiro do sistema nacional de garantía xuvenil, os obradoiros duais e os programas integrados de emprego

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

- 1º) Elabore un informe sobre o montante total executado nesta X lexislatura para a mellora da empregabilidade.
- 2º) Elabore un informe sobre inserción laboral acadada polas persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil que participaron no Plan de formación para a mellora da empregabilidade nesta X Lexislatura.
- 3º) Elabore un informe sobre a inserción laboral acadada polas persoas que participaron nos obradoiros duais de emprego nesta X Lexislatura.
- 4º) Elabore un informe sobre a inserción laboral acadada polas persoas que participaron nos programas integrados de emprego nesta X Lexislatura.
- 5º) Achegar os ditos informes aos distintos grupos parlamentarios para poder ser debatidos en sede parlamentaria.





Pazo do Parlamento, 14 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/01/2020 14:19:13**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 14/01/2020 14:19:29**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 14/01/2020 14:19:46**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/01/2020 14:20:26**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ao desenvolvemento do Proxecto Integrador da estación Intermodal de Ourense, a súa afectación ao centro de saúde da Ponte e as actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galiza

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A intermodal de Ourense é unha débeda histórica lonxe de cumprirse en condicións. Dentro da longa historia da cidade de Ourense coas débedas pendentes para coa modernización do ferrocarril e a adaptación das instalacións da cidade, o proxecto do que deberá ser a futura estación integrada para o transporte de ferrocarril ten sido un dos maiores protagonistas.

Xa na altura de outubro de 2009 o Bloque Nacionalista Galego presentou alegacións ao estudo informativo sobre a “Integración urbana e acondicionamento da rede ferroviaria de Ourense”, na que expuña diversas consideracións sobre os piares que deba guiar esa ou calquera outra planificación. Entre as liñas mestras para o desenvolvemento do proxecto salientaba a consideración de que a traza definitiva da rede de Alta Velocidade debería ser extremadamente cautelosa coa trama urbana na que se pretende integrar, así como respectuosa co valor ambiental, paisaxístico e patrimonial existente, toda vez que o impacto destas obras públicas de gran magnitude son





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

practicamente imperecedoiros. Así mesmo, insístiase en que o histórico barrio da Ponte, onde está actualmente a Estación Ourense-Empalme, que sería transformada na nova terminal, padecera unha segregación territorial ocasionada por esta infraestrutura, debido a amplitude das praias de vías e instalación de carga, descarga e operacións de viaxeiros e mercadorías. Polo tanto, a nova estación debера converterse en terminal intermodal, coa parte de acceso ás plataformas baixo superficie e co soterramento das vías nesta zona.

En congruencia co exposto, na altura foi solicitado a través de diversas alegacións e institucións o deseño dunha traza definitiva que minimizase o impacto ambiental, paisaxístico e sobre o patrimonio existente, e se adoptasen as medidas correctoras necesarias para evitar esta afección tanto durante o proceso de construción como posterior. Porén, máis adiante no tempo, xa no 2011, despois da presentación do que ía ser a futura estación do AVE puido constarse a inexistencia dun proxecto que dera saída a estas consideracións. De forma especial, o proxecto continuaba sen dar unha alternativa para o principal problema: a histórica división dos barrios da Ponte e do Vinteún, e polo tanto a permeabilidade. Lamentabelmente, despois de anos de atrasos e incumprimentos coa cidade, en xuño de 2017 puido coñecerse unha nova proposta que tampouco supuña un avance cualitativo das necesidades existentes, diante da que o Bloque Nacionalista Galego alegou, do mesmo xeito que outras organizacións políticas e mesmo o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG). Porén, nin unha soa das múltiples alegacións dos diferentes axentes mereceron o diálogo ou a atención do Partido Popular. Tampouco a chegada ao goberno central por parte do PSOE supuxo unha corrección desta situación.

Unha das cuestións máis preocupantes era e é a afectación ao centro de Saúde da Ponte, convertido nunha especie de rotonda e renunciando pola vía dos feitos a futuras





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

ampliacións, melloras dos accesos ou a habilitar espazos para deixar as persoas doentes nunha zona de moito tráfico.

Recentemente colectivos sociais, veciñais e políticos manifestábanse a comezos de xaneiro de 2020 respecto desta situación reclamando mudanzas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a constituír unha mesa de traballo plural no prazo máximo de 15 días para levar a cabo as actuacións necesarias, en colaboración coas demais administracións implicadas, para adaptar o proxecto de Intermodal de Ourense de modo que se evite a afectación negativa ao centro de Saúde da Ponte destinando os recursos económicos necesarios.”

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 14/01/2020 18:35:14**

**Xosé Luis Bará Torres na data 14/01/2020 18:35:22**

**María Montserrat Prado Cores na data 14/01/2020 18:35:29**

**Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2020 18:35:36**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 14/01/2020 18:35:44**

**Ana Pontón Mondelo na data 14/01/2020 18:35:54**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 13 de xaneiro de 2020 o Comité de empresa de Alcoa San Cibrao mantiña unha reunión co Presidente de Alcoa España, Álvaro Dorado. Nese encontro manifestaba o negativo do resultado da poxa eléctrica do mes de decembro de 2019, pasando dos 32,3 millóns conseguidos por San Cibrao anteriormente a menos de 3. Así mesmo, informou do posíbel prezo do MW arredor dos 60 euros aínda que podería reducirse de aprobarse a elevación ao máximo permitido da UE das axudas ao CO2.

Malia a dirección non transmitir ningunha decisión respecto de novas reducións de actividade ou perda de postos de emprego, e á expectativa da reunión da mesa de traballo que terá lugar o 23 de xaneiro, o certo é que a situación segue a ser moi preocupante.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a:







BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

1. Demandar unha reunión urxente da mesa de traballo co goberno central, con Alcoa e o Comité de Empresa de San Cibrao para velar polo mantemento do emprego e da actividade industrial en tanto se mantén a actual situación de declive industrial e inestabilidade nos prezos da enerxía.

2. Instar ao Goberno do Estado a aprobación inmediata dun estatuto para a industria electrointensiva que estableza unha tarifa estábel e economicamente asumíbel que permita a competitividade industrial e o mantemento dos postos de traballo.

3. Así mesmo, instar ao Goberno español a aprobación urxente dun paquete de medidas para conseguir que a industria electrointensiva teña a máxima compensación permitida pola UE por CO2 indirecto.”

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2020

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 14/01/2020 19:15:44**

**Xosé Luis Bará Torres na data 14/01/2020 19:15:52**

**María Montserrat Prado Cores na data 14/01/2020 19:16:00**

**Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2020 19:16:07**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 14/01/2020 19:16:15**

**Ana Pontón Mondelo na data 14/01/2020 19:16:22**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela, María Teresa Porritt Lueiro e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos

O Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015 (cun investimento inicial de máis de 97 millóns de euros para levar a cabo obras de rehabilitación, ampliación ou nova construción de edificios xudiciais en Galicia) elevábase para informe do Goberno galego no Consello da Xunta de Galicia do 27 de agosto de 2009. No Debate do Estado da Autonomía do ano 2010, o presidente da Xunta de Galicia facía referencia a este plan, prometendo ata 100 millóns de euros para un total de 64 actuacións, 20 delas de nova construción ou gran reforma. Neste documento inclúanse varias partidas para novos edificios que seguen no caixón da Consellería a día de hoxe, aínda que o propio presidente da Xunta de Galicia, na inauguración do novo edificio xudicial de Tui, daba por rematado o plan.

Unha desas partidas específicas -en concreto, de 2.300.000 euros- recollíase para o reagrupamento dos 2 xulgados de Primeira Instancia e Instrución de A Estrada. Como o de Muros, Sarria, Cambados e Vilagarcía, non está feito. Nestes días soubemos que o alcalde ofrecía ao señor Rueda 3.000 metros cadrados para construír nuns terreos municipais o novo edificio, anunciando ademais que se reunirían este mes para comezar a traballar. Semella que agora é un problema importante para o Alcalde e para o Goberno galego, aínda que o propio conselleiro votara en contra no pleno dunha iniciativa para o cumprimento do PIXG 2010-2015 supostamente porque xa estaba cumprido; agora comprobamos que non era así.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, con relación ao Plan de Infraestruturas Xudiciais de Galicia (PIXG) 2010-2015, a cumprir na súa totalidade, antes do remate da actual lexislatura, o dito plan, licitando todas as actuacións de nova construción ou gran reforma e todas as de rehabilitación e



mantemento que contén o dito plan e executando aquelas que dea tempo ante do remate da lexislatura.

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Julio Torrado Quintela  
María Teresa Porritt Lueiro  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez  
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 15/01/2020 12:49:27**

**Julio Torrado Quintela na data 15/01/2020 12:49:39**

**María Teresa Porritt Lueiro na data 15/01/2020 12:49:53**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/01/2020 12:50:02**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/01/2020 12:50:16**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a solicitude de adhesión de Galiza como Observador asociado á Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP).

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No debate do estado da nación de 2018 o Parlamento aprobou por unanimidade a proposta de resolución presentada polo Grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego na que se instaba “a Xunta de Galiza a adoptar as medidas que sexan necesarias, antes de finalizar a presente lexislatura, para impulsar a solicitude de admisión de Galiza como membro na Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa”.

A incorporación de Galiza á Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP) como observador asociado –categoría creada para acoller as entidades territoriais dotadas de órganos de administración autónomos-- supón dar cumprimento ao artigo 35.3 do Estatuto de Autonomía de Galiza de 1981 que contempla a posibilidade de asinar “tratados ou convenios que permitan o establecemento de relacións culturais cos Estados cos que manteña vínculos culturais e lingüísticos” así como desenvolver de maneira real e efectiva a Lei Paz Andrade para o aproveitamento da lingua portuguesa e os vínculos coa lusofonía que no seu artigo 3 sinala, “deberán ser





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

promovidas, así mesmo, as relacións a todos os niveis cos países de lingua oficial portuguesa, constituíndo este un obxectivo estratéxico do Goberno galego”.

Porén, nos últimos meses o Estado español ten amosado interese por se adherir, como estado observador asociado, á CPLP o que suporía a non incorporación de Galiza como suxeito político propio.

Para o Bloque Nacionalista Galego é fundamental que o Parlamento de Galiza reafirme a súa posición política, expresada con claridade en outubro de 2018, e inste o Goberno galego a defender a entrada do noso país na CPLP. Galiza non pode perder nin desaproveitar a oportunidade que esta incorporación representa para o desenvolvemento social, económico e cultural do país.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento reafirmase na posición política expresada en 2018 e insta a Xunta de Galiza a adoptar as medidas que sexan necesarias, antes de finalizar a presente lexislatura, para impulsar a solicitude de admisión de Galiza como membro na Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa. Así mesmo, insta o Goberno galego a se dirixir ao Goberno español para defender, con firmeza, os intereses de Galiza e a candidatura do noso país como observador asociado á CPLP.”

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/01/2020 12:56:24**

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/01/2020 12:56:31**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2020 12:56:37**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/01/2020 12:56:44**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 15/01/2020 12:56:53**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2020 12:57:02**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa dos seus deputados **Francisco Casal Vidal, Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira** e da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, relativa ao desenvolvemento de actuacións cara unha acuicultura sostible.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A expansión da acuicultura provoca preocupación en asuntos tan diversos como os impactos ambientais, os impactos sociais, a seguridade alimentaria, o benestar e a saúde animal e outras cuestións de carácter económico.

Todos estes factores inflúen na sustentabilidade dun sistema acuícola determinado.

Desenvolver, desde xa, unha acuicultura sostible é da máxima importancia para garantir o futuro do sector en Galicia. Todas as lexislacións internacionais e sobre todo as europeas camiñan neste sentido e Galicia debería ser proactiva e exemplo de sustentabilidade.

Calquera tipo de acuicultura que se desenvolva, necesita ser sustentable e xusta. Un sistema de acuicultura sustentable non pode provocar a degradación dos sistemas naturais causada por:

- 1.- Un aumento das concentracións de substancias que se atopan de forma natural.





- 2.- Un aumento das concentracións de substancias producidas pola actividade acuícola, como os químicos persistentes e o dióxido de carbono.
- 3.- Alteracións físicas do medio.

Na práctica, estas tres condicións tradúcense nas seguintes recomendacións:

**A utilización de fariña de peixe, aceite de peixe e morralla ou descartes:** A fin de reducir a presión exercida sobre as poboacións capturadas para elaborar fariña e aceite de peixe é preciso avanzar na produción sustentable de pensos vexetais. O cultivo de peixes dos elos máis baixos da cadea trófica (herbívoros e omnívoros) no canto dos grandes predadores que poden alimentarse a partir de dietas vexetais é a clave para lograr prácticas acuícolas sustentables. A industria debe profundar na investigación e o desenvolvemento dos peixes herbívoros e omnívoros que posúen un gran potencial comercial e son adecuados para a cría en cativeiro.

Os pensos vexetais deben proceder da agricultura sustentable e as fontes de omega-3 deben ser derivados de algas, aceites de semente de uva, etc.

No caso de cultivo de peixes predadores, debe de reducirse a alimentación procedente de fariña e aceite vexetal complementándoa en porcentaxes da contorna do 50% con pensos vexetais.

**A eutrofización e a contaminación química:** a fin de reducir os refugallo dos nutrientes, ábrese un gran potencial para o desenvolvemento de sistemas de acuicultura multitrófica integrada (AMI), sistemas hidropónicos e cultivos integrados de vexetais e peces.

Débase considerar insustentable a acuicultura que provoca impactos ambientais negativos en termos de emisións/vertidos ao medio ambiente.



**Os escapes de peixes das granxas ao medio mariño:** Para liquidar este problema suxírese o uso de redes de bolsa/balsas flotantes pechadas con paredes, co fin de evitar que se escapen os peixes ou recorrer a tanques de auga situados en terra firme. En última instancia, os tanques situados en terra son a única opción se o que se pretende é eliminar calquera risco de fuga que, doutro xeito, podería producirse en caso de grandes tormentas ou outros fenómenos meteorolóxicos extremos no mar.

**É fundamental utilizar especies autóctonas.**

Recoméndase cultivar soamente especies autóctonas nos sistemas de augas abertas, nese caso, unicamente en redes de bolsa, balsas flotantes pechadas con paredes ou sistemas pechados equivalentes. O cultivo de especies exóticas debería limitarse a tanques situados en terra firme.

**A protección do hábitat local:** algunhas tácticas acuícolas tiveron graves impactos negativos sobre o hábitat local. As prácticas de acuicultura deben establecerse de modo que non alteren os ecosistemas costeiros e os hábitats locais. Ademais, non deben permitirse novas prácticas acuícolas en zonas que van ser designadas reservas mariñas e as instalacións acuícolas existentes nestas áreas deberían ir retirándose paulatinamente.

Débese de considerar insustentable a acuicultura que produce efectos negativos na flora e a fauna locais ou supón un risco para as poboacións locais que viven en liberdade.

**A utilización de xuvenís en liberdade:** debe limitarse ao mínimo, e a medio prazo suprimirse, a utilización de xuvenís capturados do seu medio natural para abastecer as prácticas acuícolas.

Débese de considerar insustentable a acuicultura que captura xuvenís do seu medio natural.

**O peixe transxénico:** a contención física dos peixes modificados xeneticamente



non pode garantirse baixo condicións comerciais e calquera escape destes peixes ao medio ambiente podería ter efectos devastadores sobre as poboacións de peixes en liberdade e sobre a biodiversidade.

É imprescindible demandar a prohibición da modificación xenética dos peixes con fins comerciais.

**Enfermidades:** débese de recomendar o cultivo en densidades de aloxamento que minimicen o risco de brotes e transmisión de enfermidades e, por tanto, minimicen a necesidade de tratamentos contra estas.

**Recursos:** débese de considerar insustentable a acuicultura que esgota os recursos locais, como as reservas de auga potable.

**Saúde humana:** débese de considerar insustentable e inxustificada a acuicultura que ameaza a saúde humana.

En resumo débese de considerar acuicultura sustentable aquela que:

- Utiliza maioritariamente pensos de orixe vexetal que procedan de agricultura sustentable.
- Minimiza o uso de fariñas e aceites de peixe para que a produción dun quilo de peixe non necesite máis de tres quilos destes produtos.
- Utiliza as larvas das especies cultivadas que proveñen da cativeidade e non foron pescadas en estado salvaxe.
- Garante a seguridade das instalacións para que non se produzan fugas.
- Non degrada o medioambiente, nin altera a biodiversidade dos ecosistemas onde se asenta.
- Apoia a sustentabilidade económica e o desenvolvemento social das comunidades locais a longo prazo.

Ante todo isto En Marea considera, en consonancia coas recomendacións da



FAO, de Greenpeace e de WWF, que ante a importancia actual da acuicultura e as súas posibilidades futuras en Galicia, se desenvolve dunha maneira sustentable, é imprescindible unha estratexia política sectorial de amplo espectro por parte da Xunta de Galicia.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Desenvolver unha estratexia específica para camiñar cara unha acuicultura sustentable na liña do exposto na exposición de motivos anterior.
- 2.- Dotar orzamentariamente de maneira axeitada e suficiente partidas dedicadas a esta actividade.
- 3.- Poñer en marcha un estudo para coñecer que porcentaxe da produción acuícola de Galicia cumpre nestes momentos cos preceptos de sustentabilidade marcados na exposición de motivos.
- 4.- Priorizar nas convocatorias de axudas as empresas galegas de acuicultura que desenvolvan investigación e adaptacións produtivas e medioambientais na liña do exposto na exposición de motivos.
- 5.- Non autorizar novas instalacións acuícolas en zonas que son ou van ser designadas reservas mariñas.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2020.



Asdo.: Francisco Casal Vidal

Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Deputados, deputada e voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 15/01/2020 13:39:13**

**David Rodríguez Estévez na data 15/01/2020 13:39:23**

**Luis Villares Naveira na data 15/01/2020 13:39:42**

**Paula Vázquez Verao na data 15/01/2020 13:40:15**





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Sen explicación lóxica, moitos montes veciñais, con especial incidencia nas zonas periurbanas e nas cercanías de zonas industriais son depósito de diversos vertidos de variada procedencia: enseres, inertes, escombros de obras, e todo tipo de lixo en xeral. Estes vertidos son feitos por terceiros, sen autorización dos titulares dos montes.

A interpretación da lei de vertidos que se fai desde a Consellería de M. Ambiente do artigo 59.1 da lei 10/2008 de 3 de novembro é tendenciosa e non se axusta ó que a citada lei establece ó culpabilizar ós titulares dos montes como posuidores duns residuos que non son deles senón froito dun abandono ilexítimo nos seus terreos, facendo unha interpretación, como xa se dixo tendenciosa da lei, pretendendo responsabilizar dos residuos a quen tamén os sofre.

Esta situación é dunha tremenda inxustiza, porque responsabiliza a alguén dunha infracción cometida por outros. E aínda máis, estas interpretacións amosan a intencionalidade por parte da Consellería de facer deixación da obriga de investigar, perseguir e sancionar ós verdadeiros responsables .





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Esta situación inxusta mostra a falla de interese na corrección de condutas irresponsables e delictivas e o descoñecemento da realidade dos montes veciñais que veñen sendo espazos abertos situados maioritariamente distantes de núcleos de poboación que poden ser transitados e usados, para estes delitos contra o medio ambiente, na impunidade do anonimato .

E mentres isto sucede os responsables das verteduras, non teñen penalización algunha, e o problema persiste.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

-Deixar sen efecto os requirimentos e sancións que fosen feitos a respecto dos vertidos aparecidos en montes veciñais e que non se poidan imputar ós propietarios.

-Abrir en cada un dos casos unha investigación de esclarecemento procurando os autores e responsables e tódalas medidas disuasorias que eviten a repetición e comisión destes delitos.”

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**  
**Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 15/01/2020 17:40:50**

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/01/2020 17:41:00**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2020 17:41:07**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/01/2020 17:41:14**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/01/2020 17:41:22**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2020 17:41:33**





## A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Paula Prado Del Río; Jacobo Moreira Ferro; Julia Rodríguez Barreira; Maribel Novo Fariña; Alberto Pazos Couñago; José Manuel Rey Varela e Miguel Prado Patiño** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos:

O pasado ano 2019 puxéronse en marcha 3 novos xulgados en Galicia, a saber: os xulgados do Social núm. 4 de Santiago de Compostela e nº 6 de Vigo, e o xulgado de primeira instancia e instrución núm. 14 da Coruña.

Pese a isto, e a pesares do esforzo que supón para a Administración Autonómica a posta en funcionamento de novos xulgados, o Goberno da Xunta de Galicia continúa demandando do Ministerio de Xustiza a creación de novas unidades xudiciais moi necesarias acordadas pola Comisión Mixta, e que non obstante o Goberno da Nación desatende aínda que o Goberno da Xunta de Galicia ten amosada a súa disposición para dotalas dos medios auxiliares e materiais precisos, como aconteceu na programación do desenvolvemento da planta xudicial correspondente ao ano 2019 cando o Ministerio de Xustiza desbotou a creación dun novo xulgado do Social en Lugo proposto pola Xunta de Galicia.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en **Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Xustiza para que proceda á programación e creación de novas unidades xudiciais que permitan no 2020 poñer en marcha en Galicia os novos xulgados que de xeito consensuado propoña a Comisión Mixta, sen esquecer a demanda feita pola Xunta de Galicia en relación ao Xulgado do Social da cidade de Lugo, en atención ao binomio de necesidades obxectivas e estruturais de carga de traballo e o número de unidades asignadas á Comunidade Autónoma”.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 15/01/2020 18:31:14**

**Paula Prado Del Río na data 15/01/2020 18:31:29**

**Jacobo Moreira Ferro na data 15/01/2020 18:31:46**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 15/01/2020 18:31:59**

**María Isabel Novo Fariña na data 15/01/2020 18:32:28**

**Alberto Pazos Couñago na data 15/01/2020 18:32:38**

**José Manuel Rey Varela na data 15/01/2020 18:32:51**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 15/01/2020 18:33:05**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSV: BOPGDSPGdEaxmjoqC8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Paula Prado Del Río; Jacobo Moreira Ferro; Julia Rodríguez Barreira; Isabel Novo Fariña; Alberto Pazos Couñago; José Manuel Rey Varela e Miguel Prado Patiño** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos:

A afluencia de peregrinos aos Camiños de Santiago experimentou un notable e constante incremento nos últimos anos, converténdose nun símbolo non soamente relixioso, senón cultural, que identifica a Galicia e a Santiago de Compostela, sendo o seu principal atractivo turístico.

Nos anos 2020 e 2021 prevese en Santiago de Compostela unha afluencia moi importante de visitantes, motivado fundamentalmente pola celebración do Ano Santo. Así, no marco dos plans director e estratéxico do Camiño 2015-2021, a Xunta de Galicia ten planificado e ven executando diferentes accións para o fortalecemento da cidade de Santiago como meta do Camiño, e dentro delas, optimizando o Complexo do Monte do Gozo, abrindo a súa xestión e uso ao peregrino, á cidade e a Galicia.

Con iso, estase a recuperar a imaxe do Monte do Gozo como centro de peregrinación, acollida e encontro para o peregrino, para transformalo nun polo de atracción para actos anuais vinculados á peregrinación e a relixión; mellorando a súa imaxe e o seu entorno; integrándoo na cidade, e acollendo no seu Auditorio eventos e actividades que requiran espazo ao aire libre, ademais de actuacións concretas no albergue, o Camping e a piscina.

En relación coas ditas actuacións, e como outro obxectivo concreto dos ditos plans, tamén se está a requirir un reforzo na coordinación dos corpos de seguridade estatal, autonómico e local para garantir a seguridade no Camiño; razón pola que o establecemento e funcionamento dunha oficina como Punto de atención e coordinación policial na entrada a Santiago de Compostela pode ter unha gran relevancia para a imaxe do Camiño, de Santiago, e dos propios Corpos e Forzas de seguridade.

Ten que lembrarse que, neste ámbito, as Forzas e Corpos de Seguridade teñen a misión constitucional de protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades e garantir a seguridade cidadá, velando polo cumprimento das

leis, e disposicións xerais, auxiliar e protexer ás persoas, e prever a comisión de actos delictivos, todo iso dentro dun marco de cooperación e colaboración entre as administracións públicas.

**Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63**  
**15701 Santiago de Compostela**  
**T. 981 551 510 F. 981 551 422**  
**gp-pp@parlamentodegalicia.es**  
**www.ppdegalicia.com**



Pola súa banda, as funcións de relevancia da Unidade de Policía Adscrita á Xunta de Galicia, comprenden as de velar polo cumprimento das disposicións autonómicas e as de vixilancia e protección de persoas, órganos, edificios, establecementos e dependencias da Comunidade Autónoma, garantindo o normal funcionamento das instalacións e a seguridade dos usuarios dos seus servizos; ademais da inspección das actividades sometidas á ordenación ou disciplina da Comunidade Autónoma, denunciando toda actividade ilícita.

Por todo o exposto, estimase como moi necesario que a Xunta de Galicia e o Ministerio do Interior dispoñan dunha oficina de atención policial de carácter integrado, con presenza do CNP e da UPA, co fin de atender axeitada e coordinadamente as demandas de seguridade que requirirá a atención dunha importante presenza de visitantes e peregrinos, con ocasión do próximo ano santo Xacobeo 2021 e dos eventos e espectáculos ligados ao mesmo.

Por esa razón, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei :

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Crear un punto de atención e coordinación policial no Monte do Gozo, á entrada de Santiago de Compostela, co horizonte posto no Xacobeo 2021, dotado con medios persoais da Comisaría do CNP e da Unidade adscrita á Xunta de Galicia, coa finalidade de darlle unha asistencia policial integral aos visitantes e aos peregrinos que chegan á cidade.
2. Establecer a fórmula de colaboración axeitada co Ministerio do Interior, para dotar o centro dos medios humanos e materiais necesarios que sirvan de reforzo aos mecanismos de coordinación de todas Forzas e Corps de Seguridade que operan en Santiago de Compostela”.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020.-

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 15/01/2020 18:42:31**

**Paula Prado Del Río na data 15/01/2020 18:42:47**

**Jacobo Moreira Ferro na data 15/01/2020 18:43:02**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



**María Julia Rodríguez Barreira na data 15/01/2020 18:43:12**

**María Isabel Novo Fariña na data 15/01/2020 18:43:21**

**Alberto Pazos Couñago na data 15/01/2020 18:43:37**

**José Manuel Rey Varela na data 15/01/2020 18:43:50**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 15/01/2020 18:44:07**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Paula Prado Del Río; Jacobo Moreira Ferro; Julia Rodríguez Barreira; Isabel Novo Fariña; Alberto Pazos Couñago; José Manuel Rey Varela e Miguel Prado Patiño** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate Pleno**.

### Exposición de motivos:

Galicia xa ten en marcha todas as pezas do Expediente Xudicial Electrónico, grazas ás medidas que veñen desenvolvendo desde 2009 no proceso de dixitalización da Xustiza.

Inicialmente, púxose en marcha o I Plan Senda para o reforzo de infraestruturas, renovación de equipamento e implantación de sistemas de información para os diferentes colectivos do ámbito xudicial.

Agora está a desenvolverse o II Plan Senda para consolidar a dixitalización do ámbito xudicial.

Grazas a este esforzo innovador e orzamentario conseguíuse, entre outros avances: a implantación do servizo de videoconferencia na totalidade dos partidos xudiciais, a posta en marcha da sede xudicial electrónica para a presentación de procedementos monitorios en calquera partido xudicial, a consolidación do sistema de comunicacións telemáticas como ferramenta de comunicación na totalidade dos órganos xudiciais, a implantación do visor do expediente xudicial electrónico, a activación da sinatura dixital e a súa integración no sistema de xestión procesual.

Así mesmo, a case totalidade das salas de vistas en Galicia dispoñen de sistema de gravación de vistas con sinatura dixital (eFidelius), acorde coa Lei e que permite incorporar estas gravacións ao expediente xudicial electrónico.

Avanzando un paso máis neste eido, a Xunta de Galicia está a poñer en marcha un novo modelo máis avanzado de salas de vistas, que poden funcionar xa de maneira integramente dixital, no contexto xeral de modernizar a Administración de Xustiza e avanzar cara o *expediente xudicial electrónico* que está a acometer a Xunta de Galicia.

Estas salas están dotadas de equipos de alta calidade, que permiten a gravación do xuízo consonte os requirimentos das leis procesuais, a visualización de documentos en formato dixital contidos no expediente, que se proxectan para os intervintes a través da



pantalla da sala e contan con videoconferencia integrada, que se proxecta sobre a pantalla da sala e se grava xunto cos restantes rexistros de son e vídeo.

En Galicia cómpre continuar na implantación deste modelo de sala de vistas dixital, que permitirá ofrecer unha solución funcional integral acorde cos requirimentos do expediente xudicial electrónico para acadar o papel cero na Administración de xustiza.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a implantación do modelo de salas de vistas dixitais de forma gradual, dotadas de compoñentes que aseguran a correcta visualización do expediente xudicial electrónico durante a celebración do xuízo nos órganos xudiciais de Galicia, no contexto xeral de modernizar a Xustiza e avanzar cara o expediente xudicial electrónico e papel cero da Administración de xustiza”.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 15/01/2020 18:48:19**

**Paula Prado Del Río na data 15/01/2020 18:48:33**

**Jacobo Moreira Ferro na data 15/01/2020 18:48:48**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 15/01/2020 18:48:58**

**María Isabel Novo Fariña na data 15/01/2020 18:49:08**

**Alberto Pazos Couñago na data 15/01/2020 18:49:16**

**José Manuel Rey Varela na data 15/01/2020 18:49:30**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 15/01/2020 18:49:48**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estamos xa en 2020, e a situación da ría de Ferrol lonxe de mellorar é cada vez peor. Sen ir mais atrás, desde comezo desta década ate a actualidade a produción marisqueira baixou a apenas un 10% do que era. Isto ocorre en todos os ámbitos da mesma, a pé e a flote, en case todas as especies, e é especialmente grave na ameixa babosa e a ameixa fina.

Hoxe en día está seriamente en risco a viabilidade das tres Confrarías da ría, con a maior parte dos mariscadores e mariscadoras con baixas prolongadas ou sobrevivindo, gañando apenas para pagar o seguro e pouco mais. Situacións persoais penosas e Confrarías sen ingresos.

As causas desta situación como case sempre, exceptuando algunha catástrofe concreta, son múltiples. Mais as principais son de sobras coñecidas e por parte da Consellería, non se están a aportar solucións. A situación é demasiado grave e merece seriedade e non xogar co medio de vida da xente.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Coñécese sobradamente que a maioría dos bancos marisqueiros da ría están altamente degradados por anos de vertidos sen control, a depuración das augas residuais mellora a calidade das augas do mar permitindo a comercialización, mais non recupera os bancos marisqueiros sepultados polos lodos dos vertidos. En particular o banco marisqueiro das Pías, o mais importante da ría, hoxe apenas ten produción, das mais de 200 embarcacións diarias de comezos desta década, hoxe non hai nin unha ducia cada día.

Esta situación non se pode prolongar mais, e pódese parar se de verdade se toman as medidas que son precisas, sen xogar ao despiste nin colocar parches que non son mais que solucións temporais. As medidas que se tomen, teñen que realizarse en colaboración coas Confrarías para poder obter o maior rendemento posíbel, contando cos técnicos e biólogos da Consellería, así como tamén coa colaboración da estación de bioloxía mariña da Graña.

E preciso comezar canto antes para evitar un deterioro maior, o peche de entidades e a práctica desaparición do marisqueo da ría, razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a poñer en marcha de maneira inmediata as seguintes medidas:

1.- Impulsar a creación dunha mesa entre administración central, Xunta de Galicia; Confrarías e Universidade, xa reunida en 2018 e 2019, para planificar e levar a cabo a transformación da avenida das Pías nunha ponte de banda a banda, recuperando así a circulación de auga en toda a amplitude da ría.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

2.- Retirar os restos da ponte das Pías, aínda no fondo desde o 13 de xaneiro de 1998.

3.- Realizar arados no banco das Pías nas zonas onde a situación do substrato aínda é reversíbel.

4.- Aporte de area nos bancos marisqueiros que abonde con esta medida.

5.- Planificar para a súa execución, dragados nos bancos marisqueiros sepultados por lamas.”

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2020 10:06:32**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2020 10:06:40**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2020 10:06:47**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2020 10:06:53**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/01/2020 10:07:00**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2020 10:07:08**



## Á MESA DO PARLAMENTO

Dona **Eva Solla Fernández**, deputada do **Grupo Común da Esquerda** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento do Parlamento, presentan a seguinte **Proposición Non de Lei para debate en Pleno relativa ao centro de saúde de Valeixe**:

A atención primaria sofre desde fai anos un importante deterioro froito do recorte de persoal. Unha situación que, como temos denunciado en moitas ocasións, supón un incremento de carga de traballo para o persoal sanitario e se traduce na xeración en oitos casos de listas de agarda.

No caso dos centros de saúde máis pequenos e consultorios a non cobertura do persoal titular tanto puntual coma permanentemente supón na práctica a ausencia de servizo sanitario. Esta é a situación que se está a vivir en Valeixe, a Cañiza, onde a veciñanza leva máis de dous meses sen médico no seu centro.

A orixe desta situación parte coa xubilación do profesional médico titular que non foi substituída por parte do SERGAS a pesares de estar prevista desde fai tempo. Como consecuencia, as entorno 700 veciñas e veciños e as 170 persoas usuarias da residencia de maiores situada en Valeixe non contan co servizo básico de medicina no seu centro.

Inicialmente a Consellería derivou as consultas ao PAC de A Cañiza, sen incrementar tampouco neste centro o persoal. Sen embargo esta medida puntual leva alongándose durante meses sen que se teña tomado unha solución.

O impacto da ausencia da substitución significa desprazamentos cun elevado custe dada a ausencia de transporte público, demoras inxustificadas na asistencia e na emisión de receitas médicas o que tamén está a significar problemas para dar continuidade aos tratamentos farmacolóxicos.

Desde fai algúns días o SERGAS ten desprazado a un profesional durante dúas horas diarias ao centro, pero este “parche” tampouco solventa a



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

situación, xa que a demora é tan grande que o profesional está tendo que atender ata 40 citas en dúas horas para dar saída a consultas e receitas. No caso das citas para isto último, a demora alcanza unha semana.

Esta situación non só é de todo insostible, se non que viola dereitos básicos en materia da protección da saúde das veciñas e veciños de Valeixe e resulta de todo inustificable que se continúe alongando esta medida.

Ante esta situación, **presentamos a seguinte proposición Non de Lei:**

**O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a cubrir sen máis dilación a praza de medicina do centro de saúde de Valeixe co horario que se mantña previo á xubilación do anterior profesional.**

Compostela, 15 de de Xaneiro de 2020

Asdo.: Eva Solla Fernández  
Manuel Lago Peñas

Deputada e voceiro do G. P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 15/01/2020 12:26:48**

**José Manuel Lago Peñas na data 15/01/2020 12:26:59**



## Á MESA DO PARLAMENTO

Dona **Eva Solla Fernández**, deputada do **Grupo Común da Esquerda** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento do Parlamento, presentan a seguinte **Proposición Non de Lei para debate en Pleno relativa á situación dos servizos de urxencias**:

Nas últimas semanas os servizos de urxencias dos centros sanitarios públicos están a sufrir un elevado incremento das frecuentacións, en grande medida previsto e derivado do ascenso estacional dos casos de gripe e outros problemas respiratorios.

Esta situación que se produce cada ano require, como xa temos indicado noutras ocasións, un incremento de efectivos de persoal estable nos propios servizos de urxencias para atender a sobrecarga de traballo e dar axilidade interna. Pero tamén, precisa dunha planificación e cobertura estable de persoal para as camas e unidades que acollen o incremento de ingresos paralelo a esta frecuentación das urxencias.

Polo tanto, con independencia de incrementos puntuais que son comprensibles en tanto en canto a asistencia aos servizos de urxencias non é lineal, non se debería normalizar de xeito estrutural a saturación dos servizos de urxencias. O cal leva a preguntarse polo grao de planificación e de cobertura de persoal de estes servizos.

Ante esta situación, **presentamos a seguinte proposición Non de Lei**:

**O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:**

- 1.- Informar ao Parlamento da cobertura de persoal por categoría, centro e duración do contrato nos servizos de urxencias hospitalarias, PAC e hospitalización.**
- 2.- Dotar de persoal e manter abertas as camas pechadas nestes momentos nos hospitais galegos.**
- 3.- Dotar de máis persoal de xeito estable os servizos de urxencias hospitalarias e PAC, durante como mínimo o tempo previsto de pico de**



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/01/2020 10:31:06  
Nº Rexistro: 61709  
Data envío: 16/01/2020 10:31:06.029

asistencia.

**4.- Cumprir cos acordos asinados cos representantes dos traballadores e traballadoras dos PAC.**

Compostela, 15 de de Xaneiro de 2020

Asdo.: Eva Solla Fernández  
Manuel Lago Peñas

Deputada e voceiro do G. P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 15/01/2020 12:28:51**

**José Manuel Lago Peñas na data 15/01/2020 12:29:00**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

A legalización da apostas online no ano 2011, abriu unha nova realidade no ámbito dos xogos de azar e as apostas así como da súa publicidade, máis controlada ata ese momento.

Neste sentido, a proliferación de negocios de casas de apostas, así como o aumento de usuarios e usuarias nas mesmas, incrementouse notablemente nestes últimos anos. Esa proliferación, focalizada principalmente en barrios humildes así como en colectivos vulnerables como a xuventude, que nun contexto de precariedade laboral, supón un caldo de cultivo para o incremento dun problema de saúde pública como é a ludomanía.

As diferentes normativas que regulan a materia, están quedando obsoletas ante o rápido avance da realidade, non contemplando estas novas formas de xogo e polo tanto, permitindo un campo aberto e sen limitacións, co conseguinte risco de problemas futuros.

A Lei que regula os xogos e apostas en Galicia non escapa desa realidade, na que a sociedade xa está a demandar un cambio e actualización da normativa que poña fin a impunidade de actuación por parte das empresas do xogo. Ante esta situa-





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

ción a Xunta de Galicia presentou un anteproxecto de Lei, que resulta totalmente insuficiente e non da resposta aos problemas actuais que existen, permitindo unha ambigüidade xurídica máis favorable ao negocio do xogo que a protección da saúde pública.

Ademais, pese a ter prometido neste lexislatura a presentación do Proxecto de Lei, a día de hoxe seguen sen ter entrada no Parlamento a escasos dunha nova cita electoral.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Común da Esquerda presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a presentar no que queda de lexislatura o Proxecto de Lei de regulación dos xogos e apostas de Galicia, na que estean contempladas, canto menos, as seguintes cuestións:

- Eliminación total da publicidade dos xogos e apostas no ámbito competente.
- Control de acceso ás máquinas comecartos.
- Prohibición da venta de bebidas alcohólicas nos locais e casas de apostas.
- Distancia dun quilómetro entre as casas de apostas, os colexios, parques, centros infantís e xuvenís o centros de tratamento de adicións.
- Retirada de licencias cando estas non cumpran a totalidade da normativa.
- Limitación no horario de xeito que non podan abrir ata as 22 horas.

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro do 2020.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Asdo.: Eva Solla Fernández  
Manolo Lago Peñas

Deputada e voceiro do G. P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 16/01/2020 10:25:46**

**José Manuel Lago Peñas na data 16/01/2020 10:25:50**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Mixto**, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia recoñeceu uns dereitos que non se desenvolveron por falta de financiamento, coa escusa da crise de 2008, deixando a milleiros de persoas agardando por servizos e prestacións e con dereitos recoñecidos non desfrutados.

No noso País hai (31/8/2019) 79.871 persoas recoñecidas como dependentes con dereito a prestación (DATOS: IMSERSO), das cales, a maioría de Grao III (23,24%). Destas, 69.115 teñen prestación, polo que hai 10.756 persoas con dereitos recoñecidos que aínda non desfrutan de prestación, un 13,4%, porcentaxe que aumentou nos últimos meses, aumentando así o chamado “limbo da dependencia”.

As solicitudes rexistradas para recibir prestacións por dependencia elévanse en agosto de 2019 a 80.256, das cales foron resoltas 79.871. En relación á poboación total galega, as solicitudes representan o 2,97%, fronte ao 3,94% de media estatal; en relación á poboación potencialmente dependente, a cobertura foi do 6,4%, fronte á media estatal de 8,5% (datos de 2017).

O Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, que regula o procedemento de recoñecemento da Dependencia en Galicia, fixa 3 meses para valorar o grao de dependencia, e outros 3 para a asignación de recurso (elaboración do PIA). Na práctica, non se cumpre ningún dos prazos en relación á Dependencia. Dependendo da prestación, pódese tardar 8 meses só na valoración, aínda que non hai datos claros porque a Xunta é moi opaca sobre a información desagregada por provincias e tipo de prestación.



En 2018, aumentaron as queixas ante a Valedoría do Pobo en relación a atrasos das prestacións do Sistema de Atención á Dependencia, especialmente por atrasos na avaliación.

En canto ao tempo de tardanza na asignación de recurso, por exemplo, a media de agarda por unha prestación en residencia de maiores era (segundo o estudo do Consello de Contas referido a 2016) de 491,74 días (dende o inicio do procedemento, que inclúe a valoración e a asignación do recurso). Ademais, as persoas afectadas non coñecen a previsión de ingreso. A Consellería de Política Social trasladou á Valedoría do Pobo que se implementarían medidas para axilizar as valoracións, como a “simplificación administrativa; a mellora da xestión e notificación das citas, con optimización das rutas e implantación da confirmación a través de SMS; a potenciación da utilización da historia social única; a priorización de determinadas patoloxías na valoración da dependencia; a modificación da orde dos programas de asignación de recursos; e o reforzo de persoal.”

A Asociación Agasdep lamentaba este ano que “a Xunta non transmite en que punto se atopan as tramitacións de peticións e que chegou a extraviar expedientes de persoas, que chegaron a agardar ata tres anos a que se lles asigne servizo”; ademais, sinalaba que a Xunta “non é clara” ao informar do número de persoas usuarias dos seus recursos de Dependencia.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Trasladar á Cámara, no prazo máximo de tres meses, datos desagregados por provincias, servizos e prestacións, sobre o número de expedientes de Dependencia en agarda para valoración e para PIA.
2. Aumentar o persoal das equipas de valoración da Dependencia axeitándoos ás necesidades.
3. Informar aos Concellos sobre as listas de agarda por servizo e prestación da Dependencia.



Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Luís Villares Naveira  
Deputada e Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 16/01/2020 12:21:45**

**Luis Villares Naveira na data 16/01/2020 12:21:54**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e Teresa Porrirt Lueiro, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

No Diario Oficial de Galicia do 30 de decembro de 2019 a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicou a Orde do 12 de decembro de 2019 *polá que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2020, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cun crédito orzamentario de 4 millóns de euros para obras de instalación, ampliación ou mellora das redes de luz pública; pavimentación de camiños públicos municipais; construción, mellora e ampliación de parques infantís, cubrición de parques infantís ou construción de novos parques infantís cubertos; construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de edificios ou dependencias municipais destinados á prestación de servizos municipais e/ou dotación de equipamentos destes edificios ou dependencias ou para a construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de instalacións deportivas de uso público e/ou dotación de equipamentos das referidas instalacións.*

Os posibles beneficiarios da dita subvención son os concellos galegos que, de forma individual ou mediante asociacións ou agrupacións, teñan menos de 30.000 habitantes, de acordo coas cifras oficiais do padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2018, publicadas polo Instituto Galego de Estatística; e a axuda máxima poderá financiar ata o 80 % do orzamento da obra ou equipamento que se vai realizar, co límite de 40.000 euros para as solicitudes individuais e 50.000 euros para as solicitudes conxuntas e para as presentadas por concellos resultantes dun proceso de fusión municipal ou en proceso de fusión.

No artigo 11 da dita orde establécense os criterios de avaliación que, entre outros, outorga 30 puntos, dos 100 puntos máximos, para a solicitude dunha entidade resultante ou en proceso de fusión municipal, ou para a presentación conxunta de solicitude entre varios concellos (cun mínimo de 15 puntos).



Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

1º) Elabore, no prazo máximo de tres meses, un documento que reflicta os obxectivos acadados con estas axudas, así como os concellos beneficiados con indicación do importe total recibido por cada un deles nesta lexislatura. Este documento deberá ser colgado na páxina de transparencia da Xunta de Galicia e remitido aos grupos parlamentarios para o seu coñecemento e debate.

2º) Convoque á Comisión Galega de Cooperación Local, para estudar conxuntamente os obxectivos acadados nesta lexislatura con estas axudas, así como definir a inclusión do crédito orzamentario desta convocatoria de subvencións dentro do Fondo de Cooperación Local, incrementando a contía do Fondo Complementario destinado a concellos de menos de 30.000 habitantes.

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/01/2020 13:05:20**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 16/01/2020 13:05:42**

**María Teresa Porrirt Lueiro na data 16/01/2020 13:05:58**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/01/2020 13:06:08**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, por iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**.

A estratexia de prevención mais eficaz contra á corrupción consiste basicamente no correcto funcionamento dun sistema sólido de control interno, deseñado e dirxido como resposta aos riscos identificados e avaliados dentro das organizacións. Pero ademais a garantía para aquelas persoas ou entidades que denuncias supostos casos de corrupción é un elemento engandido na prevención da corrupción.

Así o último informe de fiscalización do Consello de Contas sobre o control da corrupción na administración pública propón unha serie de iniciativas neste sentido, na liña do que o noso grupo veu defendendo nesta lexislatura, coa oposición frontal do Partido Popular, pouco interesado en loitar de forma decidida contra a corrupción

Este informe sinala as denuncias internas como un elemento eficaz na loitra contra a corrupción, xa que trátase de canles nos que calquera empregado ou persoa allea, provedores, contratistas, cidadáns, pode proporcionar información sobre sospeitas, indicios ou certezas de actos relacionados coa corrupción. Estes mecanismos deben ser seguros para o denunciante e para o denunciado, polo que





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

deben conter un funcionamento riguroso, con persoal especializado que garanta en todo momento a confidencialidade e o anonimato, mediante protocolos formaies que garantan a súa tramitación correcta e consistente.

Na actualidade, na práctica estes centros e mecanismos, aínda que poidan recibir denuncias de todo tipo, están basicamente plantexados coma canles de tramitación de queixas e suxestións da cidadanía ao respecto dos servizos públicos

e non coma canles de alerta ou denuncia de irregularidades, fraudes ou actos de corrupción, nin incumprimentos do Código ético institucional.

Os centros da Administración tampouco contan con mecanismos formais específicos de comunicación (caixas de correo, correos electrónicos, liñas éticas de denuncias) para que os servidores públicos e calquer terceiro interesado poidan dar a coñecer información de posibles actos irregulares ou opostos á ética institucional, e tampouco está regulado un procedemento para tramitar posibles violacións do código ético, nin un sistema de medidas resposta no caso de que estas se constaten.

Por todo o Exposto o Grupo Parlamentar **Grupo Común da Esquerda**, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a:

- Implementar un canle de denuncias específica, para que empregadas e cidadáns poidan poñer en coñecemento do órgano competente a comisión de



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

irregularidades, esta canle estra acompañada das medidas necesarias para garantir a seguridade das denuncias.

- Establecer un procedemento para tramitar posibles violacións do Código ético, e a previsión de medidas de resposta para estas vulneracións.
- Crear un comité de ética para resolver consultas e tramitar e dar resposta aos incumprimento advertidos.

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga.

Manolo Lago Peñas.

Deputada e voceiro do G. P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Santos Queiruga na data 16/01/2020 16:26:42**

**José Manuel Lago Peñas na data 16/01/2020 16:26:53**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e María Teresa Porritt Lueiro, e do deputado-portavoz, Luís Manuel Álvarez Martínez, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que configura o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Publicar, no prazo máximo de tres meses, os criterios empregados pola Axencia Galega de Infraestruturas para o establecemento de convenios con determinados concellos galegos durante X Lexislatura.



2º) Publicar, no prazo máximo de tres meses, a totalidade dos convenios asinados pola Axencia Galega de Infraestruturas con determinados concellos galegos nesta X lexislatura, con indicación do nome do concello e a contía total recibida por cada un deles a través destes convenios.

Paz do Parlamento, 14 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/01/2020 13:18:14**

**María Teresa Porrirt Lueiro na data 14/01/2020 13:18:35**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/01/2020 13:18:46**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Teresa Porritt Lueiro, Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López, e do deputado portavoz adxunto, Luís Manuel Álvarez Martínez, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A concesión de subvencións en Galicia vén regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que *“os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria”* e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento desenvolve no seu capítulo II a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 9.1 da Lei 9/2007 establece que *“o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”*, aínda que no seu punto 4 indica en que casos se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Á vista destes datos o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Publicar, no prazo máximo de tres meses, a totalidade dos convenios asinados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (anterior Consellería de Medio Ambiente) con determinados concellos galegos nesta X lexislatura con



indicación do nome do concello e a contía total recibida por cada deles un a través destes convenios.

2º) Publicar, no prazo máximo de tres meses, os criterios empregados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (anterior Consellería de Medio Ambiente) para o establecemento de convenios con determinados concellos galegos nesta X lexislatura.

Pazo do Parlamento, 14 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/01/2020 13:29:12**

**María Teresa Porrirt Lueiro na data 14/01/2020 13:29:36**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 14/01/2020 13:29:49**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco, María Teresa Porritt Lueiro e Óscar Vilar Chento, a través do portavoz adxunto e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a:

1º) Publicar, no prazo máximo de tres meses, a totalidade dos convenios asinados pola Consellería do Medio Rural con determinados concellos galegos nesta X



lexislatura con indicación do nome do concello e a contía total recibida por cada un deles a través destes convenios.

2º) Publicar, no prazo máximo de tres meses, os criterios empregados polo Goberno galego para o establecemento de convenios entre a Consellería do Medio Rural e determinados concellos galegos durante esta X Lexislatura.

Pazo do Parlamento, 14 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/01/2020 13:34:44**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 14/01/2020 13:35:01**

**María Teresa Porritt Lueiro na data 14/01/2020 13:35:24**

**Oscar Vilar Chento na data 14/01/2020 13:35:38**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/01/2020 13:35:50**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sobrepeso e a obesidade son un dos principais problemas de saúde pública a nivel global, e ten especial incidencia no noso País, alarmando especialmente os datos en infancia e adolescencia.

No 2017, o 23,3% da infancia e adolescencia galegas ten sobrepeso e obesidade.

O sobrepeso e obesidade son o factor principal de múltiples patoloxías: enfermidades cardiovasculares, diabete, maior risco de padecer cancro (o tipo de alimentación é un factor esencial no desenvolvemento desta enfermidade), infertilidade, artrose ou mesmo é un factor para o padecemento de trastornos mentais.

O sobrepeso e obesidade na infancia agrava o risco de manter esta condición na idade adulta e de padecer patoloxías a idades máis temperás. 8 de cada 10 nenos e nenas obesos serano na idade adulta, vendo diminuída a súa esperanza de vida en, canto menos, 9 anos.

Dous son os factores esenciais para a prevención da obesidade: alimentación saudable (ou, máis ben, deixar de comer mal) e actividade física axeitada.

A Sociedad Española de Cardiología e a Fundación Española del Corazón, en reunións cos grupos parlamentares trasladounos que no Estado, ademais da mala alimentación, o peor é a baixa taxa de actividade física diaria, a alta incidencia do sedentarismo. Así, en 2016, máis



da metade da infancia e adolescencia non cumpren coas recomendacións sobre actividade física global diaria, habendo peores datos entre as mulleres.

Entre as medidas relacionadas coa nutrición, que actuaría na prevención do sobrepeso e obesidade, cómpre o fomento da lactancia materna, un factor esencial de prevención da obesidade na infancia, a eliminación ou redución ao mínimo de alimentos ultraprocesados da dieta, con elevadas porcentaxes de azucre, graxa e sal ou o control das máquinas de vending.

Pero, sobre todo, hai que actuar na prevención, evitar o entorno obesoxénico no que vivimos, dende a regulación da publicidade á educación nutricional no ensino e na Atención Primaria de Saúde.

Cómpre, ademais, mellorar o control nutricional dos menús servizos públicos, nomeadamente en hospitais e centros educativos, estando demostrado que a calidade nutricional é mellor nos de xestión directa e abastecemento local.

En canto ao necesario aumento da actividade física, cómpre aumentar as horas de educación física no currículo escolar.

A nivel puramente en termos de gasto sanitario, os custes para o sistema da obesidade e sobrepeso son maiores que os do desenvolvemento dun programa integral de prevención destas patoloxías.

Ademais, a obesidade e sobrepeso son unha cuestión de clase, porque estas teñen maior incidencia nos grupos de menores niveis de ingreso.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:



1. Apostar pola xestión directa e abastecemento local nos comedores escolares, aumentando o control sanitario e nutricional sobre a alimentación escolar.
2. Incluír nas escolas contidos específicos de nutrición, dietética, saúde e cociña.
3. Promocionar o “recreo activo” nos centros educativos, con deportes e actividades físicas mixtas, e aumentar o horario de educación física nos centros educativos.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Luís Villares Naveira  
Deputada e Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 16/01/2020 16:41:06**

**Luis Villares Naveira na data 16/01/2020 16:41:19**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, a iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo** e do seu deputado **Xan Xove González**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Traballadores e traballadoras dos seis centros da firma coruñesa de procesado e distribución de peixe Isidro 1952 iniciaron o 9 de xaneiro unha folga indefinida fronte ao ERE de extinción, que pode supor o despedimento de traballadores, así como recortes nas condicións laborais. Trátase da fábrica de conxelado, ultraconxelado e fabricación de produtos do mar do polígono do Espírito Santo, en Cambre; piscifactorías de troitas de Carballo, Baio e Louro; o criadeiro de rodaballo de Lorbé, en Oleiros, e o criadeiro de ollomol de Valdoviño.

A empresa comunicou o 4 de decembro un ERE de extinción para 136 dos/as 225 traballadores/as, un 60% da plantilla. Ademais, a situación que pretende implantar a empresa conlevaría a rebaixa dos salarios até o mínimo recollido nos convenios de aplicación (o que nalgúns casos suporía percibir até 300 euros mensuais menos) e uns ritmos e cargas de traballo imposíbeis de realizar. A dirección de Isidro 1952 formulou o despedimento colectivo e o recorte nas condicións laborais e salariais estando en situación de concurso.

Practicamente o 100% do persoal está secundando a folga convocada na empresa para demandar a paralización do ERE de extinción e á modificación substancial das condicións laborais e salariais que a dirección pretende aplicar. Ademais, con



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

esta medida de presión as traballadoras e os traballadores tamén esixen o cobro dos seus salarios, xa que teñen pendente de percibir parte da nómina de novembro e todo o soldo de decembro. A empresa ten unha débeda que, segundo os sindicatos, ascende aos 78 millóns de euros e deses, 23 millóns serían adebedados á propia Xunta. O comité de empresa pediulle á Xunta que paralizase o ERE e se comprometa co futuro da empresa. A Xunta ten unha gran responsabilidade e debe involucrase, vixiando como e en que se gastaron as axudas públicas concedidas, xa que esta empresa foi avalada con moitos millóns de cartos da Xunta.

Galicia non se pode permitir perder un centro de traballo da magnitude de Isidro 1952, cando é referencia nun sector estratéxico para Galicia como o da transformación e a distribución de produtos do mar, e logo de ter recibido millonarias axudas públicas nos últimos anos. A Xunta non pode poñerse de perfil ante esta situación tan grave nun sector de traballo intensamente precarizado.

Por todo o anterior exposto preséntase a seguinte Proposición Non de Lei:

1. Iniciar unha mediación entre empresa e sindicatos, incluída a administración concursal para evitar que se perdan postos de traballo e condicións laborais.
2. Rexeitar o ERE presentado pola dirección da empresa o 4 de decembro.
3. Realizar actuacións para que as traballadoras e traballadores cobren os salarios que lles adebeda a empresa.
4. Realizar unha auditoría pública da débeda da empresa, analizando cal é o volume real desa débeda e avaliando onde se gastaron as axudas públicas.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

5. Realizar un plan de viabilidade da empresa que aposte polo seu futuro con condicións de traballo dignas.

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro do 2020.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Xan Xove González

Luca Chao Pérez

Deputada, deputado e vicevoceira do G. P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 16/01/2020 16:49:20**

**Xan Xosé Jove González na data 16/01/2020 16:49:31**

**Luca Chao Pérez na data 16/01/2020 16:49:56**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araújo**, deputada do grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, solicita que se faga unha corrección de erros nos documentos con número de rexistro de entrada: **61493, 61494, 61810 y 61811**.

Débase substituír a expresión “Por todo isto preséntase a seguinte Proposición Non de Lei” pola expresión “Por todo isto, o Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a”.

Santiago de Compostela, a 17 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo.

Luca Chao Pérez.

Deputada e voceira do G. P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 17/01/2020 13:00:22**

**Luca Chao Pérez na data 17/01/2020 13:00:29**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galiza para reactivar ás transferencias pendentes.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Fortalecer e incrementar o autogoberno de Galiza é unha aspiración que garda relación directa con mellorar as condicións de vida dos galegos e das galegas e facer avanzar ao noso País, Galiza. Está demostrado que a capacidade de decisión sobre os nosos asuntos -alén das lexítimas discrepancias partidarias- é beneficioso pois permite unha xestión máis próxima e adaptada á realidade galega. Desde o BNG aspiramos a ter capacidade plena de decisión, soberanía, sobre aqueles asuntos que teñen incidencia no devir de Galiza.

Porén durante a última década a Xunta de Galiza non freou en seco o incremento do autogoberno. En 10 anos de gobernos do PP non se acadou ningunha soa transferencia, ao contrario, permitiuse a invasión competencial pola vía da recentralización política e non se mantivo unha presión ao estado para completar as transferencias pendentes do actual estatuto, ou outras, que sen estaren contempladas teñen sido obxecto de petición noutros momentos ou a outras comunidades. Trátase dun







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

feito sen precedentes na historia recente, pois todos os gobernos da Xunta conseguiran avances nesta materia.

Co obxecto de desbloquear esta parálise nas transferencias, así como o avanzar no autogoberno e nosos recoñecemento nacional, o BNG asinou o pasado 3 de xaneiro un acordo de investidura co PSOE. En virtude deste acordo, positivo e de grande transcendencia para Galiza, recollese o compromiso do goberno do Estado de reactivar as competencias pendentes. Esta decisión require da colaboración da Xunta de Galiza, e dun papel activo á hora de esixir un maior nivel competencial, que como mínimo, nos equipare ao que outras nacións históricas teñen acadado nestas décadas. Estamos falando dun asunto importante pois poderíamos tomar as nosas propias decisións e dar unha resposta máis acorde coas necesidades e demandas da sociedade galega, en ámbitos que teñen unha gran incidencia na vida dos galegos e galegas.

Son moitos os ámbitos sobre os que poderíamos ampliar o noso autogoberno que e van desde; os medios, servizos e efectivos, para desenvolver a lei galega de policía; as transferencias en materia de tráfico e seguridade viaria; salvamento e seguridade marítima, participación de Galiza directa nos órganos da UE, transferencia das autoestradas AP-9, como AP-53; ordenación do litoral, a xestión do dominio público marítimo-terrestre e a execución da lexislación estatal en materia de costas; meteoroloxía, a Confederación hidrográfica Miño-Sil; oficinas de patentes e rexistro de marcas; completar as transferencias en materia de turismo; organismos de investigación mariña en Galiza; xestión en materia de bolsas; bibliotecas, arquivos e museos radicados en territorio galego dependentes da AAPP do estado.

Mais tamén sabemos que o marco autonómico ten limitacións importantes e que hai un debate aberto sobre o modelo do estado e o papel das nacións sen estado. Neste senso, o acordo asinado entre PSOE e BNG reafirma o feito diferencial de Galiza e





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

compromete que calquera modificación da estrutura territorial do estado, asegurará a Galiza o mesmo status que Euskadi ou Cataluña.

Polo dito, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“1. O Parlamento de Galiza manifesta a súa valoración positiva de que se abra unha nova etapa que permita incrementar o autogoberno de Galiza grazas ao acordo de investidura acadado polo BNG e o PSOE é insta á Xunta a participar proactivamente na Comisión Mixta de transferencia Estado –Xunta que se ten que convocar no primeiro trimestre de 2020, para programar, a activación da transferencia da totalidade das competencias pendentes, tanto as que están recollidas no Estatuto de autonomía de Galiza, como aquelas outras que foron obxecto de consenso no Parlamento Galego.

2. O Parlamento de Galiza manifesta a súa vontade de:

a. Impulsar, a través do diálogo entre partidos e institucións, as reformas necesarias para adecuar a estrutura do Estado ao recoñecemento dos sentimentos nacionais de pertenza.

b. Tendo en conta o actual status de Galiza, Euskadi e Cataluña como nacionalidades históricas, reclama que calquera modificación da estrutura territorial do Estado, asegurará a Galiza o mesmo status que as outras dúas.”

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2020 17:01:27**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2020 17:01:35**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2020 17:01:42**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2020 17:01:50**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2020 17:01:59**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/01/2020 17:02:07**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar diante da grave situación da empresa Isidro 1952.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Isidro 1952, continuadora directa da antiga Isidro de la Cal, é por envergadura e historia unha empresa emblemática dentro das industrias do mar nucleadas arredor do porto da Coruña. Falamos dunha firma líder durante décadas na exportación de peixe fresco, que deu no seu día o salto á elaboración de conxelados e que acometeu a principios deste século un importante salto de modernidade ao abrir no polígono do Espírito Santo no concello de Cambre unha factoría con capacidade para procesar peixe, cefalópodos, crustáceos e moluscos valorada en máis de 100 millóns de €. A actividade desta empresa a mediados desta década recibiu un novo e importante impulso na elaboración de produtos con alto valor engadido ao incorporar a que pasa por ser a mellor e maior liña de produción de sushi do estado español.

Desta expansión da conta a existencia de seis centros que ten a empresa: fábrica de conxelado, ultraconxelado e fabricación de produtos do mar do Polígono do Espírito Santo; piscifactorías de troitas de Carballo, Baio e Louro; criadeiro de rodaballo de Lorbé; e criadeiro de ollomol de Valdoviño e 225 postos de traballo.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Malia garantir a venda inmediata da práctica totalidade da súa produción, como demostra a inxente carga de traballo soportada polo seu cadro de persoal e as cifras declaradas de facturación, que en determinadas anualidades chegaron a superar os 50 millóns de €, foi incapaz de minguar unha débeda que, segundo fontes do comité de empresa, supera os 70 millóns de €.

A empresa ten unha importante actividade na cría de peixe, xa que ademais do rodaballo e as troitas, sobresa, por ser a primeira e única firma do mundo en criar e comercializar ollomol, sendo pois un emblema do sector mar a nivel internacional, que mantén a duras penas, xa que, segundo a información que nos trasladan, non se está alimentando de xeito adecuado aos alevíns, polo que se está a producir unha mortalidade moi importante.

Segundo a información que se nos facilitou a empresa presenta graves, e dificilmente explicábeis, problemas de xestión que fan perigar seriamente a pervivencia da mesma e con ela os postos de traballo, cunha presenza de mulleres importante, a xornada completa, indefinidos e cunha alta cualificación profesional.

Neste contexto xustificou a presentación dun ERE que afecta a 136 persoas e a modificación substancial das condicións salariais e laborais do resto, o atraso no pagamento de nóminas e a declaración de concurso de acredores esta mesma semana, a petición da titularidade da empresa.

Segundo a información facilitada polo comité de empresa, ao longo dos últimos anos, tanto Isidro de la Cal como Isidro 1952 teñen recibido importantes axudas públicas por parte da Xunta de Galiza a través de diversas liñas de axuda de distintos departamentos podendo sobrepasa os 20 millóns de €.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Diante desta grave situación, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a realizar de inmediato todas as accións precisas para garantir a permanencia da empresa e os postos de traballo:

1.- Presentar un plan de viabilidade real para garantir o mantemento dos 225 empregos e o futuro da actividade produtiva, comprometida a causa da débeda económica e da nefasta xestión empresarial dos últimos anos.

2.- Facer valer as axudas públicas concedidas á empresa para garantir a continuidade da mesma e o mantemento dos postos de traballo.

3.- Garantir o cobro dos seus salarios, ás 225 persoas empregadas, xa que teñen pendente de percibir parte da nómina de novembro e todo o soldo de decembro.

4.- Realizar actuacións urxentes para evitar a mortalidade dos alevíns nas plantas de cría de peixe.”

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo**  
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2020 17:25:26**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2020 17:25:34**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2020 17:25:41**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2020 17:25:48**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/01/2020 17:25:55**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2020 17:26:02**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**M<sup>a</sup> de los Ángeles Cuña Bóveda, Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos:

O tren convencional atópase nun situación crítica, nun punto aínda reversible pero achegándose -e leva xa moitos anos- a un punto que pode chegar a ser de non retorno. A deterioración e desmantelamento das liñas e servizos de trens convencionais, cercanías e rexionais de media distancia e os de longa distancia, como resultado do nulo interese político e o abandono institucional, é un proceso que leva xa tres décadas xestándose publicamente.

Toda a política ferroviaria de desmantelamento do tren convencional, alicerce sobre o que descansaba o mito do AVE, tamén pareceu racharse por momentos motivado non só polas malas decisións técnicas en materia de transporte e pola crise económica senón, tamén, por certos promotores políticos que fomentaron un modelo de transporte inxusto socialmente.

O declive do ferrocarril como medio de transporte enmárcase nunha ordenación territorial que antepón os intereses da industria e das grandes finanzas ás necesidades da xente. O predominio doutros medios de transporte dificultou calquera política que pretendese un sistema de transporte máis racional social e





ambientalmente.

O ferrocarril convencional é o medio de transporte social por excelencia, prestando un servizo alcanzable a toda a sociedade que se beneficia directamente deste servizo e indirectamente do seu respecto ao medio ambiente, a súa menor accidentalidade e a integración territorial que fomenta.

A realidade do modelo ferroviario galego atópase ante unha encrucillada: por unha banda, un tren convencional exhausto por décadas de anos de deliberadas e interesadas decisións políticas; e polo outro, o AVE, causa dun gran endebedamento público e de moi pouca utilidade como alternativa futura aos retos que terá que afrontar o ser humano (esgotamento de combustibles fósiles, desigualdades sociais crecentes e cambio climático).

En definitiva, está en cuestión non só o modelo de ferrocarril, senón o modelo de transporte, a relación entre os distintos modos e se o equilibrio entre eles debe ter como obxectivo conseguir beneficios económicos, reducir custos ou beneficiar á sociedade.

## O desmantelamento dun servizo público socialmente necesario

Segundo un estudo publicado no ano 2013, Galicia perdeu 48 das 124 estacións que había entón, o 38%. Nese mesmo ano 2013, Renfe suprimía os 14 servizos semanais do tren rexional Ourense-Puebla de Sanabria. Non foi o único percorrido que sufriu alteracións. O ADIF, Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, privatizou a xestión de estacións de tren do rural, como as de



Ribadavia, Carballiño, O Barco e A Rúa, o que provocou a merma da calidade do servizo, pola falla de atención ao público, a venda de billetes en xanela e que pasaron de ter varias paradas de tren ao longo do día a reducirse as frecuencias e quedando fóra das novas conexións rápidas. Trens sen capacidade obrigando aos usuarios a ir de pé ou sen ocos para as maletas, cunha viaxe de 100 minutos ata a capital galega.

Para favorecer a privatización dun servizo tan amplo e complexo como o ferrocarril, o primeiro que hai que facer é fragmentalo para vender os anacos, sen ter en conta que eses anacos teñen que estar intimamente relacionados. Sen a menor análise, botan man de fórmulas como que o que vale para a enerxía vale para o transporte, o que vale para o transporte en xeral vale para o ferrocarril en particular. O único resultado que se consegue con esta fórmula é proporcionar ao capital ganancias inmensas á conta do que é de todos.

Cando falamos do público, referímonos especificamente a un servizo que ten que ser propiedade da sociedade, que debe estar orientado á satisfacción das súas necesidades e que debe contar coa participación directa da sociedade, dos usuarios e dos traballadores/ as. O ferrocarril debe seguir sendo un servizo público, no que debe primar, por encima de calquera consideración economicista, o beneficio social que supón para o conxunto da comunidade.

O ferrocarril público, o que todas coñecemos, o que a maior parte utilizamos, está nun momento moi complicado. Tras anos de falta de investimento, de fragmentacións, de substitución do ferrocarril convencional por un transporte elitista, cuestiónase o seu carácter de servizo público, o obxectivo que debe



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

perseguir e as necesidades que debe satisfacer, os custos que ten, a financiación con que debe contar e o tipo de redibilidade que debe alcanzar, a accesibilidade e quen debe poder utilizalo, a propiedade e o nivel de seguridade.

## Trens xustos e accesibles

As viaxes de Ourense a Santiago de Compostela son un 66% máis caras –prezo por quilómetro– que no eixo atlántico, entre Vigo - A Coruña, o que pon de manifesto a existencia dunha marxinación histórica. No eixo atlántico o custo por quilómetro é de 9 céntimos fronte aos 15 do quilómetro ourensá.

A conexión diaria entre Vigo – Santiago está composta por 17 trens, 11 rápidos e 7 rexionais, fronte á liña Ourense – Vigo que apenas ten dous rexionais exprés (12,90€) tras diversas supresións, que tardan máis de dúas horas; dous Alvia (20,20€) dunha hora e media; e dúas Longa Distancia (24,30€), de case dúas horas e media. A viaxe Ourense - Lugo conta con tres trens diarios, de hora e media.

As actualizacións tarifarias do ano 2020, aprobadas polo consello de administración de Renfe volveu a incrementar o prezo do Avant que cubre a liña Ourense – Santiago - A Coruña nun 1,2%, pasando a ser de 18 euros por billete.

Polo exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

1. Facer un plan para a recuperación do ferrocarril convencional, de corta – media – longa distancia, que poida ser presentado ao goberno do Estado.
2. Solicitar revertir a situación de privatización que padecen as estacións de ferrocarril galegas para que o servizo sexa público integramente.
3. Elaborar un plan de medidas urxentes para afrontar as situacións caóticas derivadas de avarías e faltas de espazo nos trens.
4. Solicitar a revisión e substitución dos prezos das liñas de tren de Ourense.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda  
Marcos Cal Ogando  
Antón Sánchez García  
Manolo Lago Peñas

Deputada, deputados e voceiro do G. P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 16/01/2020 17:04:30**

**Marcos Cal Ogando na data 16/01/2020 17:04:44**

---

*Grupo Parlamentar*  
*Grupo Común da Esquerda*

+ 981 551 584  
*gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal*





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Antón Sánchez García na data 16/01/2020 17:04:56**

**José Manuel Lago Peñas na data 16/01/2020 17:05:15**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A reivindicación a favor dun centro de atención con diversidade funcional público e de xestión pública da plataforma Procapd Ourense, que integre centro residencial, centro de día e de respiro familiar público e de xestión pública directa, volta xerar a mobilización e preocupación dos pais e nais e colectivos que integran dita plataforma por mor dos incumprimentos reiterados da Xunta de Galiza e a negación desta a asumir a xestión pública e directa como modelo.

Cómpre recordar que a plataforma ProCAPD-Ourense concitou o apoio e a colaboración de todas as organizacións representativas das comarcas de Ourense así como máis de 50.000 sinaturas de apoio para a creación dun **CENTRO TERAPÉUTICO OCUPACIONAL PÚBLICO** e de **XESTIÓN PÚBLICA**, ou o que é o mesmo un, CAPD na provincia de Ourense, similar o que xa existe no resto de circunscricións galegas.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O compromiso de construción deste centro de atención terapéutica-ocupación público de xestión pública, que integre centro residencial, centro de día e prazas de respiro familiar foi asinado o 19 de setembro de 2016 por todos os partidos políticos . (PP, PSOE, D.O, BNG, EN MAREA), previamente ás eleccións galegas daquel ano. Existiron tamén acordos semellantes no Concello de Ourense, na Deputación de Ourense e no Parlamento Galego.

Cómpre recordar tamén que após 2016, cando as nais e pais da plataforma examinaron o proxecto exposto polos técnicos da Consellería e descubriron a intención da consellaría de levar a cabo un proxecto totalmente diferente ao que nos comprometéramos todas as organizacións políticas houbo unha gran manifestación o 2 de febreiro de 2017 que levou á Xunta a rectificar e reiniciar o proceso.

Neste momento, asumido por fin por parte da Xunta de Galiza que debe construírse este centro, a principal problemática reside – máis alá dos constantes atrasos por parte de Concello de Ourense e Xunta- na falta de clarificación e compromiso sobre a xestión pública, o que resulta un problema alarmante para nais as nais e pais, e o conxunto da plataforma.

A falta de claridade, e a intencionada falta dun compromiso sobre o modelo de xestión pública do CAPD, e os silencios tras diversas interpelacións por parte da propia plataforma, de nais e pais da mesma e medios de comunicación en xeral a diferentes responsables institucionais, así como as evasivas respostas da Conselleira de Política Social da Xunta está a xerar unha máis que xustificada preocupación polo nivel de opacidade arredor deste punto.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A xestión pública do centro é prioritaria e irrenunciábel. Compre lembrarmos que a falta de compromiso nesta cuestión foi o que levou ao conxunto de pais e nais a renunciar á proposición inicial dun centro feita no ano 2016.

O que esixe a plataforma, e o ao que nos comprometemos as distintas organización políticas, sindicais, e sociais é a un centro público e de xestión pública, atendido por empregados públicos.

A xestión directa do centro é o único modelo que garante a calidade asistencial que as usuarias precisan. Unha xestión pública directa que poña en pé de igualdade o futuro centro público Ourense aos que xa existen nas outras tres provincias da Galiza.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Que garanta por escrito a que o centro público será de xestión exclusivamente pública directa.
2. Realizar as modificacións orzamentarias precisas para garantir a súa xestión pública directa a través da contratación de persoal público, disponibilizando os fondos precisos para por en funcionamento de xeito inmediato o servizo público directo para o que se consensuará coa plataforma e







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

os axentes sociais a convocatoria urxente dun concurso oposición para a selección inmediata de persoal que garanta a dispoñibilidade de persoal público cualificado nada máis rematen as primeiras fases do proxecto.

3. Garantir a participación efectiva da plataforma social no proceso de construción do novo CAPD de Ourense para garantir que se acometa conforme ás demandas acordadas así como a garantir que o futuro Centro de atención ás persoas con discapacidade (CAPD) de Ourense será de xestión exclusivamente pública e directa.”

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2020 17:36:03**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2020 17:36:18**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2020 17:36:27**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2020 17:36:40**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/01/2020 17:36:50**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2020 17:36:58**



## A MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, relativa á formación que debe de recibir o persoal do SPDCIF.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Con data 13 de xaneiro de 2020, tódolos grupos parlamentares recibiron o seguinte escrito da CIG onde pedían que lle deran validez ao acordo adoptado no ditame da comisión de expertos sobre incendios forestais do parlamento galego. Punto sobre a formación que, por certo, foi unha emenda de En Marea e aceptada por maioría por tódolos grupos parlamentares.

### **ESCRITO DA CIG:**

“*Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO*

*O Servizo de Prevención e Extinción de incendios forestais da Xunta de Galiza ten consideración de servizo de emerxencias por dúas vías. A primeira delas, ven reflectida no Acordo de condicións especiais do Persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra incendios Forestais (SPDCIF) da Xunta de Galiza, incluído no V Convenio Colectivo Único para o Persoal laboral da Xunta de Galiza (vixente a día de hoxe), onde se indica que o SPDCIF terá consideración de servizo preventivo ademais de emerxencias. A segunda vía, ven derivada pola publicación da nova lei de Protección Civil (Lei 17/2015 do 9 de xullo do Sistema Nacional de Protección Civil), que recolle en varios artigos o encadre do SPIF coma servizo de emerxencias:*



*Artigo 17 "Os servizos de intervención e asistencia en emerxencias de protección civil:*

*1. Terán a consideración de servizos públicos de intervención e asistencia en emerxencias de protección civil os Servizos Técnicos de Protección Civil e Emerxencias de todas as Administracións Públicas, os Servizos de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento, e de Prevención e Extinción de Incendios Forestais, as Forzas e Corpos de Seguridade, os Servizos de Atención Sanitaria de Emerxencia, as Forzas Armadas e, especificamente, a Unidade Militar de Emerxencias, os órganos competentes de coordinación de emerxencias das Comunidades Autónomas, os Técnicos Forestais e os Axentes Ambientais, os Servizos de Rescate, os equipos multidisciplinares de identificación de vítimas, as persoas de contacto coas vítimas e os seus familiares, e todos aqueles que dependendo das Administracións Públicas teñan este fin.*

*2. Os órganos competentes de coordinación de emerxencias das Comunidades Autónomas, ademais da atención de emerxencias que non teñan afectación colectiva pero que requiran a actuación de servizos operativos diversos, poderán actuar nas emerxencias de protección civil como Centro de Coordinación Operativa, segundo establézase nos correspondentes plans.*

*3. Cando sexan requiridas organizacións de voluntarios e entidades colaboradoras, a súa mobilización e actuacións estarán subordinadas ás dos servizos públicos.*

*4. Na Norma Básica de Protección Civil regularanse as bases para a mellora da coordinación e eficiencia das actuacións dos servizos regulados neste artigo."*

*Artigo 31. A formación dos recursos humanos.*

*"1. Os poderes públicos promoverán a formación e o desenvolvemento da competencia técnica do persoal do Sistema Nacional de Protección Civil.*



*2. A formación en protección civil terá o recoñecemento oficial do sistema educativo e da formación profesional para o emprego, no marco do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional, nos termos establecidos polo Goberno, a proposta dos Ministerios competentes”*

### *Artigo 32. A Escola Nacional de Protección Civil.*

*1. A Escola Nacional de Protección Civil, como instrumento vertebrador da formación especializada e de mandos de alto nivel, desenvolve as seguintes actividades:*

*a) Formar e adestrar ao persoal dos servizos de protección civil da Administración Xeral do Estado e doutras institucións públicas e privadas, mediante os correspondentes convenios, no seu caso, así como a persoas doutros colectivos que sexan de interese para o Sistema Nacional de Protección Civil. Poderá acordar con outras administracións, mediante os correspondentes convenios, a formación e adestramento do persoal ao servizo das devanditas administracións.*

*b) Desenvolver accións de I+D+i en materia de formación de protección civil.*

*c) Colaborar cos centros de formación de protección civil das outras Administracións Públicas.*

*d) Colaborar nas actividades de formación que se prevean no marco do Mecanismo de Protección Civil da Unión ou doutras iniciativas europeas para favorecer a interoperabilidade dos equipos e servizos. Igualmente poderá levar a cabo actividades de formación a favor doutros Estados ou de institucións estranxeiras ou internacionais.*

*e) A Escola Nacional de Protección Civil, previa autorización dos Ministerios de Educación, Cultura e Deporte e de Emprego e Seguridade Social, respectivamente, poderá impartir as accións conducentes á obtención dos títulos oficiais de formación profesional e certificados de profesionalidade relacionados coa protección civil.*



2. *As funcións encomendadas á Escola Nacional de Protección Civil encádranse na Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias."*

*Asemade, a propia Lei de prevención de riscos laborais , a Lei 31/1995 do 8 de novembro actualizada polo RD 5/2000 do 4 de agosto e reformada pola Lei 54/2003 do 12 de decembro, indica no seu artigo 14.2:*

*"Dereito á protección fronte aos riscos laborais. En cumprimento do deber de protección, o empresario deberá garantir a seguridade e a saúde dos traballadores ao seu servizo en tódolos aspectos relacionados co traballo. A estes efectos, no marco das súas responsabilidades, o empresario realizará a prevención dos riscos laborais mediante a integración da actividade preventiva na empresa e a adopción de cantas medidas sexan necesarias para a protección da seguridade e a saúde dos traballadores, coas especialidades que se recollen nos artigos seguintes en materia de plan de prevención de riscos laborais, avaliación de riscos, información, consulta e participación e formación dos traballadores, actuación en casos de emerxencia e de risco grave e inminente, vixilancia da saúde, e mediante a constitución dunha organización e dos medios necesarios nos termos establecidos no capítulo IV desta lei.*

*O empresario desenvolverá unha acción permanente de seguimento da actividade preventiva co fin de perfeccionar de maneira continua as actividades de identificación, avaliación e control dos riscos que non se puideron evitar e os niveis de protección existentes e dispoñerá o necesario para a adaptación das medidas de prevención sinaladas no parágrafo anterior ás modificacións que poidan experimentar as circunstancias que incidan na realización do traballo."*

*O SPDCIF(agora denominado SPIF) pertence a familia profesional Seguridade e Medio Ambiente onde lle corresponden unhas competencias relacionadas coa seguridade da cidadanía así coma dos seus bens, onde se especifican os módulos formativos(compostos por unidades formativas) correspondentes á profesión desempeñada.*



*A descrición destes módulos formativos esta recollida no RD624/2015 do 2 de agosto, polo que se establecen oito certificados de profesionalidade da familia profesional Seguridade e medio ambiente(que se inclúen no repertorio nacional de certificados de profesionalidade). Neste Real decreto establececese que as cualificacións profesionais específicas para o persoal do servizo de incendios serían as SEA595\_2 e SEA596\_3.*

*A Xunta de Galiza, a través dos seus organismos competentes, leva xa tres edicións dos certificados de profesionalidade, correspondentes aos SEA 595-2, pero sen dar practicamente ningunha hora de formación aos traballadores que loitan por estar certificados profesionalmente nas súas competencias. Por iso, fixemos unha solicitude dirixida á Academia Galega de Seguridade Pública para que , coma organismo competente para a formación dos traballadores do SPIF, convocara os módulos formativos correspondentes ás cualificacións profesionais da rama profesional de Seguridade e Medio Ambiente. E tamén, presentamos numerosos escritos dirixidos á nosa empresa que é a Xunta de Galiza e non obtivemos resposta algunha, polo tanto entendemos que caeu en saco roto a petición de formación específica para os novos riscos que nos enfrontamos.*

*A formación e a certificación son os piares básicos e aglutinadores para o correcto desenvolvemento normativo de tódalas capacidades do SPIF. Os obxectivos que se perseguen coa implementación desta formación son os seguintes:*

- Unha formación axeitada para mellorar o desenvolvemento das operacións de emerxencia referidas aos incendios forestais, e o apoio a continxencias no medio natural.*
- Que esta formación permita obter a certificación correspondente ,que sería aSEA596\_3 de coordinación en operacións de incendios forestais e apoio en continxencias no medio natural e rural.*

*Por iso propoñemos, en consonancia co ditame da comisión de expertos sobre incendios forestais do parlamento galego, que se impartan os seguintes módulos formativos:*



- *M.F. 1967- 3. Composto das unidades formativas UF2360,UF 2361/.*
- *M.F. 1968-3. Composto das unidades formativas UF 2360, UF 2368,UF 2369, UF 2370.*
- *M.F. 1969-3. Composto das unidades formativas UF 2365, UF2349,*
- *UF 2367.*
- *M.F. 1970-2.*
- *M.F.0272-2.*
- *M.P 0492*

*Estes módulos ,segundo o Real decreto 624/2013 do 2 de agosto, irían dirixidos a axentes forestais, bombeiros/as forestais xefes/as de brigada, coordinadoras/es de unidades de prevención e extinción de incendios forestais, xefe/a de unidade de prevención e extinción de incendios forestais, e engadir a todo o persoal do SPIF que teña xa o previamente certificado o nivel 2 do SEA 595\_2.*

*Ante esta ausencia de resposta ante as solicitudes presentadas, e de cara a unha mellor protección da cidadanía e os seus bens, solicitamos a esta institución que inste á Xunta de Galiza a dar a formación específica ao noso sector(que é a descrita no RD624/2013 do 2 de agosto),e á elaboración de protocolos para a actuación axeitada nos lumes interface (lumes urbanos-forestais), tal como recomenda a Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá no seu preámbulo.*

*É clave unha formación axeitada para todo o organigrama do SPIF, isto fará que dito servizo teña unha capacidade moito máis operativa de cara a complexidade que implica a nova tipoloxía de incendios forestais e as multiemxencias que xera, sobre todo no que se refire aos lumes de interface. Tamén é importante dispor dun dispositivo perfectamente formado e certificado profesionalmente para actuar de ser preciso nas continxencias que produzan no medio natural e rural.*

*O resultado final sería acadar o certificado de profesionalidade SEA 596-3, que permita coa formación previa, dispoñer dunhas unidades de coordinación e dirección moito máis*





*cualificadas e polo tanto rendabilizando dende o punto de vista operativo a eficacia da intervención.*

*Compostela, 13 de xaneiro 2020*

*Asdo: Zeltia Burgos Tortosa*

*Secretaria Nacional da CIG Autónoma ”*

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impartir os seguintes módulos formativos ao persoal do SPDCIF así como AAFF e AAMM.

- M.F. 1967- 3. Composto das unidades formativas UF2366,UF 2367.
- M.F. 1968-3. Composto das unidades formativas UF 2360, UF 2368,UF 2369, UF 2370.
- M.F. 1969-3. Composto das unidades formativas UF 2365, UF2349,
- UF 2367.
- M.F. 1970-2.
- M.F.0272-2.
- M.P 0492

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. Mixto.





**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 16/01/2020 17:55:08**

**Luis Villares Naveira na data 16/01/2020 17:55:20**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, a iniciativa dos seus deputados **Xan Xove, Ánxeles Cuña e Luca Chao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

En 1991, o Concello da Coruña constituía o Consorcio da Promoción da Música coa finalidade de xestionar, de xeito directo, a Orquestra Sinfónica de Galicia que tiña por obxecto, segundo consta nos seus estatutos: “difundir a música mediante actuacións da citada orquestra e a realización de gravacións e transmisións por radio, televisión e outros medios de comunicación, así como a promoción de toda clase de actividades musicais a través da colaboración con agrupacións, organismos e institucións nacionais ou estranxeiras.”

Desde aquela data deica hoxe, a importancia da Orquestra Sinfónica de Galicia para a difusión, coñecemento e goce da música clásica na nosa sociedade non pode ser esaxerada. Máis de vinte mil escolares de toda Galicia asisten cada xoves aos seus ensaios, mentres que os concertos dos venres e sábados contan cunha asistencia media de dúas mil persoas. Ademais da asistencia de público ás súas sesións e ensaios, a OSG desenvolve, así mesmo, un importante labor formativo no que participan tanto os 79 profesores da Primeira Orquestra, como outros tantos mozos e mozas da Orquestra Xove e o mesmo número de nenas e nenos do Coro Infantil.

O 28 de decembro de 2004, o Concello da Coruña e a Xunta de Galicia



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

subscribían un convenio de cooperación no que acordaban, tras facer efectivos os cambios precisos nos estatutos do Consorcio para incorporar a Xunta de Galicia, que as achegas da Xunta de Galicia ao mesmo non serían inferiores ás do ano 2005, é dicir: 3.515.241 euros. A Xunta mantén o seu compromiso ata o ano 2011, no que reduce a súa achega en case un millón de euros, baixándoa ata os 2.652.000 euros, e mantendo este déficit nos investimentos previstos nas sucesivas anualidades, causándolle deste xeito un grave prexuízo no seu funcionamento á Orquestra Sinfónica de Galicia que ve deste xeito ameazada a súa continuidade.

Por todo o exposto, o Grupo Común da Esquerda insta á Xunta de Galicia a:

- Facer efectivas as cantidades adebedadas ao Consorcio da Promoción da Música desde o ano 2011 ata o actual.
- Manter o investimento previsto segundo o convenio suscrito co Concello da Coruña en 2004 no orzamento de 2020.

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Xan Xove González

Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputado, deputada e vicevoceira do G.P. Grupo Común da Esquerda



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA


**Asinado dixitalmente por:**

**Xan Xosé Jove González na data 16/01/2020 13:35:27**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 16/01/2020 13:35:46**

**Luca Chao Pérez na data 16/01/2020 13:36:00**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

